

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 113

Sesión plenaria
8 de febreiro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 34793 (11/PNP-003862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición non de lei, de iniciativa popular, pola que se insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan de choque que axude os mozos e as familias galegas a afrontar a subida do prezo dos combustibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 425, do 22.12.2022

Publicación do acordo, BOPG nº 429, do 29.12.2022

4.2 45194 (11/PNP-003837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar coas entidades financeiras a constitución dun fondo de rescate hipotecario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

4.3 45318 (11/PNP-003851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

4.4 46730 (11/PNP-003903)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para prolongar o servizo activo do persoal médico de atención primaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 435, do 11.01.2023

4.5 47099 (11/PNP-003936)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023



4.6 47592 (11/PNP-003962)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe as pequenas e medianas industrias e os traballadores autónomos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023

Punto 5. Interpelacións**5.1 44622 (11/INT-002197)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as axudas á agricultura ecolóxica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

5.2 44916 (11/INT-002217)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 424, do 21.12.2022

5.3 46698 (11/INT-002262)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a atención primaria no Sistema sanitario público galego

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 435, do 11.01.2023

5.447324 (11/INT-002291)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 48666 (11/POPX-000093)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas que vai a adoptar o Goberno galego para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022



6.2 48667 (11/POPX-000094)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a política sanitaria do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 48656 (11/PUP-000302)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre o protocolo utilizado polos altos cargos do Goberno galego nas visitas institucionais a concellos nos que se van a realizar investimentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

7.2 45896 (11/POP-006855)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre o uso da tarxeta Xente Nova

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

7.3 46654 (11/POP-007126)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre a análise que fai o Goberno galego dos fondos para o financiamento das universidades públicas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023

7.4 46172 (11/POP-006955)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e seis deputados/as máis**

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

7.5 45113 (11/POP-006664)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno de Galicia respecto do incremento dos problemas coñecidos entre os equipos profesionais e a dirección da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022



7.6 46406 (11/POP-007056)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

7.7 47011 (11/POP-007194)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

7.8 47193 (11/POP-007218)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención do servizo de pediatría na comarca de Monterrei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

7.9 48612 (11/PUP-000300)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir a falta de facultativo no consultorio periférico de Corrubedo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

7.10 46842 (11/POP-007158)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar o sector do cerco de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as preguntas ao señor presidente da Xunta de Galicia que figuran na orde do día como puntos 6.1 e 6.2 para a súa formulación conxunta. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política sanitaria do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor e da autora: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 12.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 14.)

Réplica do autor e da autora: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 17.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 20.)

Proposición non de lei do G. P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe as pequenas e medianas industrias e os traballadores autónomos. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 26.) e Sra. Pérez López (P). (Páx. 29.)

Nova intervención do señor Caballero Miguez (S). (Páx. 33.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de iniciativa popular, pola que se insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan de choque que axude os mozos e as familias galegas a afrontar a subida do prezo dos combustibles: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar coas entidades financeiras a constitución dun fondo de rescate hipotecario: *rexeitada por 18 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 35.)

O señor presidente comunica a solicitude da votación por puntos da proposición non de lei presentada pola señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 35.)

Votación do punto número 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor: *rexeitado por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor: *rexeitado por 18 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para prolongar o servizo activo do persoal médico de atención primaria: *aprobada por 41 votos a favor, 18 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 36.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade: *aprobado por 41 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe as pequenas e medianas industrias e os traballadores autónomos: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)



Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, que é aprobada por asentimento, en relación co Día Mundial contra o Cancro. (Páx. 37.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as interpelacións que figuran na orde do día como puntos 5.1 e 5.2 para a súa formulación conxunta, consonte o disposto no artigo 59.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Páx. 38.)

Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas á agricultura ecolóxica. (Punto quinto da orde do día.)

Interpelación de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos autores: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 39.) e Sr. Seco García (S) . (Páx. 41.)

O señor presidente interrompe a intervención do señor Seco García (S) para indicarlle que retire o cartel que previamente colocou no estrado. (Páx. 41.) O señor Seco García (S) procede á súa retirada. (Páx. 42.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 45.)

Réplica dos autores: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 50.) e Sr. Seco García (S). (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 53.)

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención primaria no Sistema sanitario público galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 56.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 59.)

Réplica da autora: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 63.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 65.)

O señor Álvarez Martínez (S) solicita a palabra por alusións. (Páx. 68.) O señor presidente concédella e intervén deseguido. (Páx. 68.)

Interpelación de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 68.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 72.)

Réplica da autora: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 76.)



Suspéndese a sesión á unha e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica o adianto da formulación da pregunta ao Goberno que figura na orde do día como punto 7.4. (Páx. 78.)

Pregunta de D^a Noelia Pérez López e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pérez Lopez (P). (Páx. 78.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 79.)

Réplica da autora: Sra. Pérez Lopez (P). (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 81.)

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o protocolo utilizado polos altos cargos do Goberno galego nas visitas institucionais a concellos nos que se van realizar investimentos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 82.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 83.)

Réplica da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 85.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o uso da Tarxeta Xente Nova. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Pardo López (P). (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 88.)

Réplica do autor: Sr. Pardo López (P). (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 89.)

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a análise que fai o Goberno galego dos fondos para o financiamento das universidades públicas galegas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx. 91.)

Réplica do autor: Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx. 93.)



Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno de Galicia respecto do incremento dos problemas coñecidos entre os equipos profesionais e a dirección da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 94.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 98.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 102.)

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 103.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 106.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención do servizo de pediatría na comarca de Monterrei. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 111.)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir a falta de facultativo no Consultorio periférico de Corrubedo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 115.)



Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar o sector do cerco de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 117.)

Réplica da autora: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 119.)

Designación dun candidato ou dunha candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado. (Punto oitavo da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do 7 de febreiro de 2023, acordou abrir un prazo para que cada grupo parlamentario puidese pro- por o máximo dun candidato ou dunha candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Cons- titucional para lle presentar ao Senado ata as 18.30 horas do pasado día 7. (Páx. 120.)

Efectúase a elección segundo o previsto no artigo 91 do Regulamento da Cámara.

A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos señores deputados e das señoras deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 121.)

Procédese ao escrutinio dos votos depositados na urna. (Páx. 121.)

O resultado do escrutinio é o seguinte: votos emitidos, 74; votos a favor de D. José Luis Costa Pillado, 42; votos en branco, 32.

Queda elixido candidato a maxistrado do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado don José Luis Costa Pillado. (Páx. 121.)

Remata a sesión ás seis e doce minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día. Retomamos a sesión.

Permítanme que en primeiro lugar saúde os alumnos de 1º e 2º de bacharelato, do centro Enrique Muruais, da Pontenova. Benvidos ao Parlamento, e tamén os seus profesores.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Agora comezamos xa co punto sexto da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta, con dúas preguntas que se debaten de xeito acumulado.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política sanitaria do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Permítame tamén saudar os alumnos do Instituto Enrique Muruais, da Pontenova, da miña provincia —o alumnado e o profesorado que os acompaña—.

Señor presidente da Xunta de Galicia, a sanidade desta comunidade autónoma ten graves problemas. En primeiro lugar, listas de agarda que nunca existiran na atención primaria, así como saturación nos servizos de urxencias, dimisións de xefes de servizo tanto en atención primaria como en atención hospitalaria, xerencias enfrontadas aos profesionais, listas de agarda longuísimas na primeira consulta ou en operacións —que o seu goberno nega e oculta—, como, por exemplo, un ano de espera para persoas maiores en cardioloxía ou reumatoloxía ou máis de catro meses de agarda para unha primeira cita en saúde mental.

E ¿por que? Pois, mire, porque, en primeiro lugar, en saúde mental temos a peor ratio de profesionais de todo o Estado —e iso é culpa súa—; porque temos un sistema de contratación insoportablemente precario para os profesionais sanitarios, con enfermeiras que asinan máis de cen contratos nun ano, con facultativos que asinan prazas cada dous ou tres meses e aos que vostedes non son capaces de estabilizar ou darlles unha previsión de futuro; ou porque non podemos esquecer que teñen vostedes condenas xudiciais —e cito literalmente— «por sistemas de contratación fraudulentos e torticeiros» —e isto é culpa súa—; porque este goberno está máis pendente de montar unha bronca permanente co Goberno do Estado en vez



de procurar solucións; porque pasan o día dicindo que o problema son as prazas MIR pero obvian que levamos cinco anos con contratación récord, con convocatorias despois de que o goberno do señor Rajoy deixara estas en mínimos; porque vostedes renunciaron a formar 180 especialistas de medicina de familia durante os gobernos de Feijóo e do seu goberno —e iso é responsabilidade súa—; porque este mesmo ano deixan vostedes sen convocar máis de cen prazas MIR, non convocan ningunha en saúde mental, deixan o 20 % de prazas de anestesiastas sen convocar e non se convocan prazas de pneumólogos e de radiólogos, que teñen listas de agarda inadmisibles; e porque non se convocan todas as prazas de oncoloxía nin 29 prazas de enfermeiras de familia para os centros de saúde, que tamén quedan sen convocar.

E isto, ¿que consecuencias ten? Pois, mire, en primeiro lugar, a cidadanía, pese á valoración extraordinaria que fai do persoal sanitario, é consciente de que a sanidade está peor que hai unha década e por iso non deixan de sucederse as protestas. Hai protestas de profesionais, como os de atención primaria do Deza, que demandan unha miserable ambulancia que vostedes non son capaces de dotar; como as dos xefes de servizo, aos que vostedes non fan caso; como as dos xefes de servizo de primaria de Vigo, que dimitiron en bloque e que aínda hoxe non foron repostos na súa totalidade. Hai protestas tamén da cidadanía, que protesta e se manifesta ultimamente de forma intensa. Houbo manifestacións na Mariña, na comarca de Arousa, en Caldas, en Moaña —que levan sesenta domingos seguidos concentrándose diante do centro de saúde— ou antonte mesmo en Monforte. E podería citarlle decenas e decenas pero non acabariamos hoxe, e vostede sábeo. Son mobilizacións que contan, evidentemente, con votantes do Partido Popular, pero é que incluso concelleiros do Partido Popular aproban mocións en contra da súa política sanitaria en concellos, como por exemplo ocorreu en Caldas ou en Moaña.

Señor presidente da Xunta de Galicia, responsable desta situación á que acabo de facer referencia, ¿vai vostede seguir renunciando ás súas competencias en sanidade ou vai asumir que ten a responsabilidade e a capacidade de xestionar esta situación facendo as transformacións precisas no noso sistema público de saúde?

Grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Pregunta de dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, presidente, permítanme antes de nada saudar tamén os alumnos e alumnas da Pontenova. É un orgullo que hoxe poidan seguir esta sesión de control.

Ben, señor Rueda, quero precisamente empezar esta sesión de control facéndolle unha reclamación: pídalles perdón, señor Rueda, aos galegos e ás galegas, pida perdón por poñer en risco a súa saúde tras trece anos de recortes e privatizacións. (*Aplausos.*) Pida perdón aos galegos e ás galegas por ter que soportar listas de espera de até quince días para poder ir ver o seu médico ou médica de cabeceira cando están enfermas. Pida perdón por ter PAC sen médico ou médica. Pida perdón por ter as urxencias saturadas, con persoas agardando nos



corredores até doce horas. Pida perdón por ter miles de nenos e nenas sen pediatra. Pida perdón por ter a atención primaria colapsada. Pida perdón pola deliberada falta de formación do persoal sanitario necesario a pesar de que saben cantas persoas se xubilan cada ano. E pida perdón por un goberno do Partido Popular convertido nun perigo para a saúde dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Porque, por moito que se escondan na súa propaganda e na súa soberbia política, o certo é que o que leva feito o Partido Popular está provocando unha deterioración da sanidade pública, e os galegos e galegas sábeno porque é que o sofren en primeira persoa. Pero non é só que o saiban, é que tamén nolo están dicindo. Fíxense, segundo o último barómetro sanitario, con datos do ano 2019, o 76,5 % dos galegos e das galegas prefiren a sanidade pública fronte á privada. *(Murmurios.)* ¡Si, si! Pero é que ¿saben cal era o dato no ano 2012? O 80,5 %. É dicir, que están facendo que cada vez menos galegos e galegas confíen na sanidade pública e que aumente a preferencia pola sanidade privada. Isto é un exitazo do Partido Popular, porque é o que queren facer, deteriorar e desprestixiar a sanidade pública para beneficiar a sanidade privada. *(Aplausos.)* Iso é o que quere conseguir o Partido Popular.

É evidente que calquera de nós o fariamos. Se o noso fillo ou a nosa filla está enferma e non temos pediatra, é que temos dúas opcións: ou acudir a unhas urxencias saturadas ou ir á privada sempre e cando poidas pagalo, que non pode todo o mundo. Se temos que facer un TAC ou unha resonancia e tardan meses en darnos esa cita, se podes pagalo, claro que vas facelo á privada; porque, evidentemente, a saúde é o primeiro. E o grave é que as persoas deste país son as que están pagando os recortes do Partido Popular.

E, miren, señorías do Partido Popular, se algo quedou claro nestes anos, é que os recortes matan. É así de terrible, é así de duro e é unha realidade que non podemos aceptar. Por iso, señor Rueda, despois de pedirllas desculpas aos galegos e ás galegas por ter posto en risco a súa saúde, díganos que é o que vai facer para reverter os recortes e as privatizacións da sanidade pública. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu tamén, por suposto, saúdo os alumnos, as alumnas e os docentes do centro educativo da Pontenova.

Señora Pontón, cando lle escoitaba ao principio falar de pedir perdón, pensei que por unha vez ía facer un exercicio de humildade e de falta de soberbia, pero vostede non é capaz. Mire, esta é unha pregunta sobre sanidade e, polo tanto, tamén do benestar das persoas. Estou seguro de que, se o resultado do pronunciamento do Supremo de onte fose outro, vostede



empezaría por aí, pero, por suposto, non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, falando de pedir perdón, eu diríalle que, por unha vez, sexa humilde e lles pida perdón a eses centos de familias —de xeito directo— (*Aplausos.*) e miles de familias —de xeito indirecto— que durante anos viron en perigo, pola súa ofensiva política, o seus postos de traballo e o seu futuro —pídanllelo tanto vostedes como o Partido Socialista—. Vostedes, polo menos, dan a cara, e dérona onte. Onte o Partido Socialista saía dicindo, despois de tirar a pedra e esconder a man, que había que mirar para adiante e que todo isto quedaba esquecido. Pois non, eu, como pontevedrés e como presidente da Xunta de Galicia, dou a noraboa a tantos miles de familias para os que onte se fixo xustiza, ¡noraboa! (*Aplausos.*)

E, miren, por se non lles quedou claro, que eu creo que si, o Goberno da Xunta de Galicia é perfectamente consciente de que a sanidade pública ten cousas que mellorar, ten eivas, hai problemas que resolver. Ás veces non se pode responder coa celeridade coa que os cidadáns galegos están acostumados —e, por suposto, teñen dereito a exixir— en todas as circunstancias que se dan, por suposto. Polo tanto, absoluto respecto a todos aqueles que de boa fe estean pedindo isto, están no seu dereito, faltaría máis. E nós temos o deber de intentar solucionar todos os problemas que haxa. Xamais me escoitarán —nin a min nin a un membro deste Goberno— dicir que estamos conformes, xamais nos escoitarán dicir que non hai cousas que solucionar, xamais nos escoitarán o que vostedes, señora Pontón e señor Álvarez, dicían no Bipartito. Dicía a súa conselleira de Sanidade que as listas de espera nos centros de saúde —leo literalmente— «son culpa dos médicos, que teñen que facer mellor o seu traballo». Isto dicíano vostedes. Nós non o diremos nunca. Sempre imos ser autocríticos, porque a autocrítica ao que leva é á exixencia, e, polo tanto, a traballar máis.

Mire, vostede fala de recortes, señora Pontón, e, como sempre, trae as cifras que lle interesan. Manipúlaas, confúndelas, e eu creo que non as entende nin vostede, sinceramente. É imposible que fale de recortes cando coñece perfectamente que hai máis de 1.000 millóns de euros máis na sanidade pública que no ano 2009 —neses orzamentos expansivos, os últimos que vostedes aprobaron—. Sabe perfectamente que o número de profesionais da sanidade pública medrou ata a cifra récord de hoxe. E non son dabondo, pero é que son 7.000 máis que no ano 2009 —43.000 actualmente—. Sábeo de sobra. Claro, estas son as cifras que nunca vai manexar e que non lle importa esconder e nunca vai dicir. Polo tanto, o que temos que facer é seguir traballando como estamos facendo para estar o mellor preparados posible para un problema común.

Outra das teimas que teñen vostedes, do que se coidan moito en ocultar, é intentar dar a entender que isto pasa en Galicia, que non pasa noutros sitios. Non, non, pasa noutros lugares e con moita máis gravidade, con menos métodos de resposta. Mire, a vostedes, como non lles interesa —porque, se non, non son capaces de soltar os seus argumentos terxiversados—, hai que repetirlles o que se di por aí. Di o conselleiro de Sanidade de Extremadura —socialista— (*O señor presidente da Xunta de Galicia le un documento.*): «La falta de médicos no es una falta de presupuesto ni es ningún deseo de no contratar. Ni por todo el oro del mundo encontramos más médicos para contratar» —conselleiro socialista—; «No hay más médicos en España para contratar, a ver si nos enteramos de una vez» —presidente do Colexio de Médicos de Cataluña—. E esta está moi ben, é do xerente do Sergas no Bipartito: «Xa nos gustaría dispoñer de máis médicos pero



non hai substitutos aos que acudir para cubrir as baixas, e a saturación de urxencias que estamos tendo é precisamente por esa falta de médicos».

¿Que pasa, señora Pontón? ¿Que pasa, señor Álvarez? Se o di o conselleiro de Sanidade de Extremadura, se o di o presidente dos médicos cataláns, se o di o xerente do Sergas do Bipartito, todo iso está ben dito e non pasa nada. Se o dicimos desde a Xunta de Galicia, ¿todo iso é mentira? ¿Danse conta vostedes de como terxiversan? ¿Danse conta vostedes de que non son capaces de ver o problema e, polo tanto, de que xamais serán útiles para aportar ningunha solución? (Aplausos.)

Miren, vostedes din que desprestixiamos a sanidade. Señor Álvarez, ¿cantas veces compararon os hospitais galegos con hospitais de campaña, de guerra, con hospitais como os de Ucraína? Señora Pontón, un día si e outro tamén están dicindo que a sanidade é terceiro-mundista, incluso falaron unha vez de Burundi, pero nós somos os que desprestixiamos a sanidade. Señor Álvarez, están todo o día dicindo que a sanidade galega é de rexional preferente. E, señora Pontón, vostede, demostrando que no seu grupo non manda nada, vostede, que é de pel tan fina, non tivo a gallardía e a valentía para corrixir a quen insultou os directivos profesionais do Sergas chamándolles «banda de psicópatas». Teña, como mínimo, a dignidade para corrixir todo iso, porque aí tamén hai unha parte de educación importante. (Aplausos.)

Mire, en realidade, con estas exaxeracións, con estas terxiversacións sistemáticas, non van solucionar nada. Sinceramente, apoiar a nosa sanidade pública é compatible con crítica, está —case diría— no seu deber e, por suposto, no seu dereito. Agora, non recoñecer nunca ningunha mellora, dicir que todo é terceiro-mundista, dicir que todo é un caos, dicir que non hai un só acerto, iso é ser sempre parte do problema e nunca da solución.

Parécelles mal que favorezamos a incorporación de médicos residentes. Dixeron que era un parche, que non se podía facer. Ao mesmo tempo tamén lles parece mal que intentemos que os médicos prorroguen a súa idade para traballar cando queren facelo. Parécelles mal que intentemos reter médicos na sanidade pública intentando que compatibilicen tamén coa sanidade privada para que non se vaian da pública. Iso parécelles mal, pero tamén lles parece mal que libremente elixan a súa carreira profesional. Parécelles mal que se favoreza a cobertura de prazas que son moi difíciles de cubrir, pero tamén lles parece mal que haxa prazas vacantes. Parécelles mal tamén que convoquemos prazas de administrativos para que os médicos non teñan que facer nada máis que a actividade clínica, pero tamén lles parece mal que os médicos fagan tarefas burocráticas. Parécelles mal, en definitiva, e aí está a demostración de como enfocan todo isto, que digamos que non hai prazas MIR suficientes e que o Goberno tiña que tomar esa decisión —que incomprendiblemente non toma— de convocalas. E ao mesmo tempo son tan bravos aquí e tan mansos alá para pedir todas estas cousas. Vostedes, por suposto...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...o Partido Socialista. Pero tamén vostedes, o BNG.



Parécelles mal a solución, parécelles mal que haxa problemas e non fan absolutamente nada.

En definitiva, señora Pontón, señor Álvarez, imos seguir traballando, imos seguir facendo propostas, imos seguir sendo autocríticos, humildes, para recoñecer que hai moitas cousas que mellorar. Pero imos seguir sendo sempre parte da solución. Vostedes sigan degradando a sanidade pública, sigan sendo parte do problema e sigan pensando que en todo isto van sacar rédito político...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...verán como así non é.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, paréceme unha falta terrible de empatía e de respecto vir sacar aquí o tema de Ence —que vostede non o tería que sacar— porque era o seu minuto de gloria. (*Fortes murmurios.*) Tamén lle recordo, se quere, cal era a posición do anterior presidente da Xunta de Galicia no ano 2015, porque todos temos historia, señor Rueda, vostede incluído. Ese mesmo señor Feijóo afirmaba solemnemente non hai moitos días que a verdadeira privatización da sanidade era xerar lista de agarda; ergo, branco e en botella, señor Rueda, branco e en botella.

Mire, di vostede que isto pasa en todos os lugares de España, pero o certo é que Galicia é a comunidade autónoma onde máis déficit de médicos imos ter no ano 2026, e non o di o Partido Socialista de Galicia. Iso é responsabilidade súa, porque vostede tamén estaba no Goberno da Xunta de Galicia. A diferenza é que agora é o responsable da Xunta de Galicia porque é o seu presidente, é o presidente de todas as galegas e galegos, de todas as galegas e galegos que sofren cada día eses problemas dos que estamos falando.

Pero, mire, señor Rueda, o seus insultos, as súas descualificacións, non van conseguir que nós non sigamos facendo propostas; porque vou facer un relatorio moi, moi resumido de todas as propostas en positivo que fixo este grupo parlamentario e ás que vostedes votaron en contra.

Mire, en atención primaria propuxemos que se mellorasen as condicións laborais dos profesionais, e votaron en contra. Propuxemos que se dese unha resposta en atención primaria garantida por [...] (*Inintelixible.*) en 48 horas, e votaron en contra. Pedimos que se ampliasen as categorías laborais con equipos máis amplos, e votaron en contra. Pedimos recuperar as xerencias de atención primaria, e votaron en contra. En materia de saúde mental pedimos un plan para igualarse coa media estatal en recursos humanos, e votaron a favor pero non o cumpren. Pedimos unha unidade hospitalaria en cada área sanitaria, e votaron en contra.



Pedimos incorporar saúde mental á atención primaria, e votaron en contra. En materia de atención hospitalaria pedimos un plan de choque; votaron en contra e logo anúnciano coma se descubrisen a transformación por alquimia de calquera material en ouro. Pedimos un plan de corrección do déficit de radiodiagnóstico en oncoloxía, e votaron en contra. Pedimos un plan de servizos mínimos comarcais, e votaron en contra. Pedimos en formación sanitaria especializada unha convocatoria íntegra, e votaron en contra. En materia de contratación pedimos esgotar a taxa de reposición, e votaron en contra.

Entón, por moito que vostede veña e diga que nós degradamos o sistema público, que insultamos os profesionais sanitarios e todo o que vostede queira, dá igual. O certo é que sabe vostede que é mentira porque votaron en contra de todas estas medidas.

Mire, señor Rueda, onte rexistrouse aquí a maior convocatoria, en canto a sinaturas, dunha iniciativa lexislativa popular, con máis de 50.000 sinaturas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Debería vostede reflexionar sobre por que se produce esa situación —que non se vai resolver insultando o Partido Socialista de Galicia—.

Están vostedes, señor Rueda —e lamento profundamente ter que dicirle isto—, facendo unha demolición controlada do sistema sanitario público de Galicia. Son vostedes corrosivos para a sanidade pública. Resolva este problema, señor Rueda, porque é vostede —pese a que sexa como consecuencia dun accidente do Partido Popular— o presidente da Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, fala vostede de humildade, e está ben. Pero é que utilizou a inmensa maioría dos seus minutos para vir aquí criticar o BNG. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, vostedes levan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes levan trece anos gobernando, non asumen ningunha responsabilidade e, iso si, veñen aquí criticar o BNG. Xa vemos, señor Rueda, como exerce vostede a humildade. É todo un exemplo político. (*Aplausos.*)

Poden retorcer e manipular os datos todo o que queiran, pero é que hai unha realidade que é teimuda, e é que a deterioración da sanidade pública é evidente, non é un problema que invente ninguén. É algo que están sufrindo os cidadáns e as cidadás deste país na súa vida, que o están pagando coa súa saúde. (*Aplausos.*) E as responsabilidades son trece anos de recortes do Partido Popular que están deteriorando a sanidade pública e que están poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas. Quen ten que pedir perdón non é quen denuncia esta situación, quen ten que pedir perdón é quen está poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas con recortes e con privatizacións. (*Aplausos.*)



Polo tanto, señor Rueda, pida perdón aos galegos e ás galegas pola deterioración da sanidade pública e, despois de facelo, dígalles o que vai facer para poñer fin a esta deterioración do sistema sanitario público do noso país. Porque, claro, agora, o novo, ou o vello, discurso do PP é que os recortes non existen. Os recortes non existiron, levan trece anos gobernando e non existiron os recortes de sanidade. Pois, fíxese, fronte ás súas manipulacións están os datos. E ¿sabe cal é o dato que aparece —se temos en conta os orzamentos que remiten a esta Cámara— acumulado durante estes trece anos en atención primaria? Pois 2.339 millóns de euros menos investidos en atención primaria. Claro, ¿como non imos ter listas de espera cando vostedes están recortando no sistema sanitario, no corazón do sistema sanitario, que é a sanidade pública? *(Aplausos.)*

Mire, ¿sabe, señor Rueda, cantos concellos están sen pediatra? Non pode mirarme, ten que mirar para os papeis porque é vergoñento. *(Protestas.)* Son 194 concellos, o 61 %, sen pediatras. *(Aplausos.)* Si, señor Rueda, ría, ría... *(Fortes murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, ben, sigan insultando, é que, de verdade, é o seu estilo. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Sabe que o grave é que a deterioración da sanidade pública ten consecuencias. E voulle dar un dato que saíu publicado neste mes de outubro de 2022. Galicia rexistra un exceso de mortalidade dun 65 %, e entre as causas sinalan as tardanzas nos diagnósticos. Vostede, señor Rueda, non ten que vir aquí a rirse dos galegos e das galegas, vostede ten que tomar medidas para evitar a situación gravísima que se está producindo no noso país. A sanidade non se toca, señor Rueda. E non só llo dicimos no BNG, é que llo van dicir miles de galegos e galegas o próximo domingo 12 de febreiro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Van deixarlle claro que coa saúde da xente non se xoga. Porque vostedes veñen aquí a dicir que nós facemos política, pero hai dúas formas de facer política. Está a forma de facer política do Partido Popular, que está recortando e deteriorando a sanidade pública, poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para beneficiar o negocio da privada, e está a forma que temos de facer política no BNG, defendendo que por riba de todo está a saúde dos galegos e das galegas e que a sanidade pública deste país non se toca. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Polo tanto, señor Rueda, deixen de...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: ... insultar o BNG, deixen de facer demagogia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: ...e, sobre todo, póñanse en serio a traballar pola sanidade pública deste país...

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peché da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, de verdade, o seu escalímetro de pel fina xa chega ao punto de que non se pode escribir nin ler mentres vostede fala. *(Murmurios.)* ¿Dáse conta?, ¿dáse conta? Sería para tomalo a broma se non fose un asunto moi serio. Eu isto intento tomalo moi en serio. A ver se son capaz de explicar o que quero explicar e intentar responder á terxiversación de datos.

Pero ¡que di vostede de dous mil millóns menos na atención primaria! ¡Pero se temos 370 millóns máis en atención primaria do que tiñan vostedes no último orzamento, señora Pontón! ¡Pero que está vostede dicindo! *(Aplausos.)* ¿De onde saca eses datos? Di igual 8 que 80, mestura todo, colle a parte que lle interesa, di cifras que non son certas...

Señor Álvarez, vostede di: vostedes votaron en contra, votaron en contra... Mire, vostedes si votaron en contra este ano do orzamento co que historicamente nunca houbo tantos recursos para a sanidade pública. Vostedes votaron en contra. *(Aplausos.)* Aí ten a explicación perfecta do que é votar en contra dun orzamento.

É que é moi difícil, de verdade, facer un debate así. ¿Votamos en conta da taxa de reposición? ¡Pero se a taxa de reposición a puxo o seu goberno socialista e non se pode cambiar! Estamos pedindo sempre que a saquen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Pero ¡que está vostede dicindo!

Dinos que Galicia vai ter no ano 2026 —e, efectivamente, viña nun estudo— un déficit moi importante de médicos de primaria. ¡Oia!, por iso queremos que haxa máis prazas MIR. E vostedes non queren, non son capaces de dicirlllo ao seu goberno. Polo tanto, claro que temos o problema detectado, temos detectada a solución e temos detectado o culpable de que non se resolva. E vostedes aí agachan a cabeza. ¡Iso é así, señor Álvarez, isto é así! *(Aplausos e protestas.)*

Mire, agradézolle que, polo menos, fale de Ence, aínda que sexa para dicir o que dixo. A señora Pontón fai o contrario do que tería pasado —todos os temos clarísimo— se a sentenza fose outra. Nas dúas intervencións, ¡chitón! ¡Un pouco de valentía tamén para iso, señora Pontón, un pouco de valentía! Eu recomendaríallo, hai que ser valentes tamén cando non lles dan a razón. Xa vería como lles iría mellor.

De verdade, faga un pouco de... Aténdame, dígollo con toda a humildade. Eu déixoa falar, déixoa escribir, simplemente lle pido que, cando vostede diga unha cousa, *(Pronúncianse pa-*



labras que non se perciben.) se dea conta... (Fortes murmurios.) Non, é que vostede non me deixa a min. (Risos do señor presidente da Xunta de Galicia.) (Fortes murmurios.)

Mire, eu vou intentar dar algún dato porque este é un debate para nós moi serio. Non sexan parte do problema, intenten ser parte da solución, sinceramente. Dío aquí e despois tamén o di na rúa e terxiversa os datos. Son todos falsos, son todos mesturados. Vostede xa non fala —e durante un tempo falou del— dese plan de 200 millóns en atención primaria. Nunca dixo para o que era. Desde que vostede fala de 200 millóns para atención primaria, xa lle digo, puxemos case o dobre, e iso non o vai recoñecer. Non sabe para que eran, e así é moi difícil facer política de sanidade pública seria dende a oposición.

E tamén lle digo sinceramente, mire, que nos parece moi ben o da manifestación. Vostede falou da manifestación do domingo. Eu respecto moitísimo —e o meu goberno e este grupo parlamentario— a xente que lexitimamente se vai manifestar. Pero, mire, a toda esta xente que vén á Xunta de Galicia a dicirnos que lles botemos unha man para eventos, para desprazamentos, para cousas que queren facer, a estas asociacións, cando nos veñen pedir que a Xunta de Galicia bote unha man porque os concellos e as deputacións gobernadas por vostedes, Partido Socialista e BNG, lles din que non hai recursos, estaría ben dicirlles que os recursos para pagar autobuses e anuncios cando é para manifestarse contra a Xunta de Galicia si que hai. Iso que o saiba a xente tamén, jiso que o saiba a xente tamén! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, imos seguir traballando, señora Pontón e señor Álvarez, para mellorar moitas cousas que teñen que mellorarse e para consolidar todas esas cousas que se fixeron ben durante estes anos e que vostedes non van recoñecer nunca, ¡nunca! E creo que realmente se fixeron cousas que é bo poñer en valor. Esgotamos por quinto ano consecutivo a cobertura de prazas MIR. Vostedes falan das prazas MIR. Miren, somos a comunidade autónoma de España onde máis prazas MIR se van cubrir en primaria este ano: todas, ¡todas! Iso non o vai facer ningunha comunidade autónoma. ¡E máis que houbera! Por iso pedimos, señor Álvarez, que nos bote unha man niso.

E vostedes tamén. *(O señor presidente da Xunta de Galicia diríxese á señora Pontón.)* Non sexan tan mansos fronte á Moncloa. Isto é algo que lle vén moi ben a Galicia; polo tanto, aí deberían dar a cara vostedes, que son tan decisivos. Eu xa sei que o Partido Socialista non o vai facer, pero vostedes deberían facelo, señora Pontón.

Estamos incentivando —fixémolo a semana pasada, aprobámolo no Consello da Xunta— un plan para que haxa máis titores para formar os MIR —especialmente en primaria—. Xa que non cambian os criterios da docencia, que tamén é necesario —pedímolo todas as comunidades autónomas—, polo menos, os que hai que teñan máis facilidades. Estamos impulsando a autoconcertación, as substitucións, estamos impulsando que se traballe de tarde, estamos construíndo e renovando máis de cen centros de saúde. Todos os hospitais, todos os grandes hospitais das áreas sanitarias, saben vostedes perfectamente que foron renovados ou construídos. Hai máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía cirúrxica de última xeración. Incrementouse o número de enfermeiros para asistencia a domicilio e o de profesionais de saúde mental —disto falamos tamén nunha pregunta—. Estanse facendo moitas cousas e, mire, imos seguir facéndoas.



Hai tres iniciativas que agora mesmo se están negociando en mesa sectorial, entre representantes do Sergas, eses aos que vostedes lles chaman psicópatas —e non retiran ese insulto, señora Pontón, vostede si que insulta—, e os sindicatos médicos. Hai moitas, pero, mire, voulle falar de tres —insisto, estanse negociando agora mesmo—.

Somos a comunidade autónoma que máis médicos de atención primaria recén saídos do MIR retén, o 90 %. Pero queremos reter o 100 %. E, polo tanto, todos os residentes de medicina de familia terán garantido un contrato de tres anos no Servizo Galego de Saúde en canto acaben o MIR, ¡tres anos de contrato, señora Pontón! (Aplausos.)

¿Quere máis cousas? Este mesmo mes imos convocar máis de catrocentas prazas fixas sen oposición, prazas de difícil cobertura, para garantir que se cubran nos hospitais comarcais, nos centros de saúde máis alonxados, en todas esas partes onde é difícil atopar profesionais que cubran esas prazas. Iso vaise engadir ás máis de cen que xa están cubertas por ese sistema, sistema pioneiro en España que se fixo aquí en Galicia e ao que vostedes —teño que dicilo— votaron en contra tamén. (Aplausos.)

Máis cousas —e vou rematando, señor presidente—: os médicos de familia —é o que estamos propoñendo agora mesmo en mesa sectorial— terán garantidas axendas de 33 citas ordinarias de dez minutos cada unha e sete espazos reservados por se houbese algunha urxencia. E, cando haxa picos de demanda e deban atender máis persoas, permitirase que se prolonguen as xornadas a cambio dunha remuneración adicional.

Isto é facer medicina de calidade falando cos profesionais, isto é o que estamos facendo e isto é intentar solucionar os problemas, señor Álvarez e señora Pontón. Polo tanto, seguiremos traballando, seguiremos estando cos galegos para mellorar e para solucionar os problemas que ten o maior tesouro que ten esta comunidade autónoma, que é unha sanidade pública de calidade. Somos a segunda comunidade autónoma que mellor valora a súa sanidade pública, dez puntos por riba da media. Os galegos son os españois que menos responden que a sanidade pública funciona mal e que é un dos principais problemas. E o Sergas, efectivamente, ese Sergas ao que vostedes lle faltan ao respecto, ten unha puntuación de 6,6 sobre 10.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Estas son as cousas que hai que seguir facendo. Se queren ser parte da solución, pois está moi ben. Se non, seguirán sendo exactamente o que son agora, parte do problema. Miren, a min gustaríame ter unha oposición que en sanidade tivese menos protestas e máis propostas. Iríanos moito mellor. Cando fala mal, non están falando mal da Xunta, están falando mal dun servizo público...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...que os galegos valoran moitísimo.



Polo tanto, nós non imos aforrar melloras, non imos aforrar esforzos. Vostedes o que non aforran son cartos para pagar autobuses para manifestarse contra a Xunta de Galicia. Creo que esa non é a solución. Son parte do problema.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Únase á solución porque os galegos esperan iso non só do Goberno, senón dunha oposición que nisto, como mínimo nisto, tería que ser minimamente responsable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Volvemos ao punto cuarto da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe as pequenas e medianas industrias e os traballadores autónomos

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Dicía hai escasas datas o presidente galego, Alfonso Rueda, cando se reuniu en Ribadeo co presidente de Asturias, que o primeiro semestre do ano 2023 ía ser duro. Dicíao o presidente da Xunta de Galicia e avanzaba un inicio deste ano duro para as persoas vulnerables e para as pequenas e as medianas empresas. E vai ser unha ocasión na que o Grupo Parlamentario Socialista lle vai dar a razón ao presidente da Xunta de Galicia. Acerta o presidente Rueda cando avanza un inicio deste ano duro para as persoas vulnerables e duro para as pequenas e medianas empresas. Acerta tanto o presidente Rueda cando fai ese diagnóstico como erra á hora de dar respostas aos problemas dos galegos e das galegas. Erra cando trata as persoas con máis dificultades —como acaba de verse agora na súa intervención, na que, unha vez máis, carece de capacidade de compromiso coa sanidade pública do noso país—. O Partido Popular vai ao ralentí, con atraso. Hai dous anos negaba a situación crítica da sanidade pública galega —eu lembro ben o presidente Feijóo dicindo nesta cámara parlamentaria que non había ningún problema, que tiña un diagnóstico radicalmente oposto ao que se lle trasladaba desde a oposición cando lle sinalabamos os problemas da sanidade pública galega— e hoxe o Partido Popular reconece os problemas existentes na sanidade pública galega e intenta botar balóns fóra buscando outros responsables cando negaron a problemática existente e previsible, que vai ir complicándose a medida da xubilación de distintos profesionais.



Pero, igual que ocorre coa sanidade pública, ocorre tamén co tecido económico e empresarial do noso país. Alí onde tamén o Partido Popular negou os problemas, a realidade vai papando o goberno do Partido Popular. Cando un goberno dun país nega a realidade que a cidadanía do país constata no día a día, o país acaba papando un goberno que é inconsciente da súa irresponsabilidade pero que é consciente das dificultades que existen nos servizos públicos ou que existen na industria e no tecido produtivo do noso país.

Cada día que pasa hai oito traballadores autónomos menos en Galicia. Hoxe existirán oito autónomos menos —entre os que se dan de alta e os que se dan de baixa—, oito autónomos netos menos. Ese é o balance das políticas industriais e económicas do Partido Popular. Vou-lles trasladar cinco titulares —que son moi significativos— de como está a situación do tecido produtivo no relativo a traballadores e traballadoras autónomas e a pequenas e medianas empresas: «Galicia perdeu case 3.000 autónomos no último ano»; «A metade das empresas constituídas en Galicia xa non superan o primeiro ano de vida»; «Aos catro anos só seguen adiante o 40 % das pequenas e medianas empresas e aos catro anos só seguen adiante o 30 % dos traballadores autónomos»; «O outono ensombrece as rúas de toda Galicia con 7.000 negocios pechados»; «Galicia destruíu en 2022 máis emprego autónomo que todo o resto do Estado».

Estes son titulares dos distintos xornais galegos —sacados de todos os xornais—, que constatan unha realidade que non necesita ser publicada para ser coñecida polos galegos e polas galegas. É o momento para que o Goberno da Xunta de Galicia, que di recoñecer a problemática e as dificultades que hai no inicio deste ano, empece a tomar medidas para o tecido produtivo do noso país; porque, mentres no ano 2022 no conxunto do Estado houbo unha caída de afiliados netos de 1.204, en Galicia duplicouse a caída de traballadores autónomos nese ano. Galicia perdeu máis autónomos que o conxunto do Estado —2.897 autónomos menos en Galicia no ano pasado—, unha caída do 1,4 %. Soamente hai dúas comunidades por diante: A Rioxa e Castela e León. Castela e León —curioso— é alí onde teñen vostedes o modelo de goberno para o que queren facer en España, alí onde están poñendo vostedes o laboratorio para o goberno que quere facer o señor Feijóo —se lle deixa o señor Tamames, porque, se vostedes o acaban apoiando na moción de censura, pode haber un problema para o señor Feijóo—. Pero aí, en Castela e León, onde teñen vostedes o modelo-laboratorio das políticas do Partido Popular, é onde hai maior caída de autónomos que en Galicia, igual que tamén é a comunidade na que houbo máis caída da produción industrial no ano pasado que en Galicia. Vólvolles recordar que o índice de produción industrial en Galicia caeu no ano 2022 nun 1,5 % mentres en España aumentou un 2,4 %. Galicia vai a menos, España vai a máis. ¿Hai algún sitio que vaia a menos en industria en maior medida que en Galicia? Si, Castela e León, gobernada pola súa coalición con Vox, cos seus socios.

Pero non quero saír do asunto fundamental, da falla de política industrial e da falla de política económica para o tecido do noso país. Se nós vemos o legado do Partido Popular, a caída de empresas ao longo de trece anos do goberno Feijóo máis o epílogo do señor Rueda é inxente: T-Solar, Caramelo, Viriato, Alfageme, Emesa-Trefilería, Pórtico, Alimentos Lácteos, Elnosa, Bosch, Pescanova, Banco Pastor, Isowat... —por non falar das caixas—. Ese é o legado que nos deixan, así como tantas farsas en materia de política industrial e económica para o noso país.



Pero agora vostedes queren paliar esas cuestións con medidas que non chegan, que teñen un mal sistema de concorrència e de funcionamento, que son escasas en contía e que chegan a poucos traballadores autónomos. Dicia o Goberno da Xunta de Galicia na Comisión 3ª que é incuestionable que hai que seguir avanzando e impulsando políticas activas de emprego. Pero vostedes non o fan. E eu quero aproveitar hoxe aquí esta intervención para poñer un exemplo significativo do que representa o goberno do Partido Popular no seu apoio aos autónomos do noso país. Porque vostedes están repetindo o mantra de que teñen un programa, un plan de impacto para os autónomos que é dunha gran axuda e no que vostedes destinan 30 millóns de euros ampliados a 35 millóns de euros.

E eu quero dicirlles aos galegos e galegas o que representa nas políticas do PP o apoio aos autónomos e autónomas. Miren vostedes, que escoiten ben todos os autónomos do país cando vostedes lles contan todas esas milongas da importancia que lles dan a eles. O Partido Popular orza 35 millóns de euros para apoiar, segundo os datos da Xunta, a 30.000 profesionais de negocios e autónomos. Aumentan a contía de 30 a 35 millóns establecendo unha horquilla entre 800 e 1.500 euros de axuda aos traballadores autónomos do noso país. Nos mesmos orzamentos da Xunta o Partido Popular regala fiscalmente aos grandes patrimonios de Galicia 35 millóns de euros, co incremento do señor Rueda doutros 35 millóns de euros que se suman ao regalo xa establecido aos altos patrimonios polo señor Feijóo. Son 70 millóns de euros de regalo fiscal aos grandes patrimonios de Galicia para os sete mil galegos e galegas que teñen maior patrimonio. É unha bonificación do patrimonio en termos medios de 10.000 euros a cada un dos millonarios e millonarias que tiñan que pagar o imposto de patrimonio.

É dicir, que as políticas do Partido Popular implican, en termos medios, que aos autónomos do noso país, que están sufrindo unha crise e unha suba dos prezos terrible, lles van dar vostedes unha contía e aos altos patrimonios do noso país, aos máis millonarios, lles van dar outra. ¿Podería o Partido Popular dicirme canto lles van pagar de media aos autónomos e canto lles van regalar fiscalmente aos altos patrimonios de Galicia? ¿Podería responderme o conselleiro ou o voceiro ou voceira do Partido Popular esta pregunta?

Por se non teñen os cálculos feitos —aínda que son fáciles de facer— vóullelo dicir eu. Voulles dicir algo que teñen que dicirlles, cada vez que se reúnan, aos traballadores autónomos do noso país. O Partido Popular orza 35 millóns de euros para axudar os autónomos e as pequenas e medianas empresas de Galicia e dálles a 30.000 profesionais galegos 1.000 euros de media a cada un deles. E á vez fai un regalo fiscal aos máis ricos de Galicia, aos que pagan o imposto de patrimonio, coa bonificación do 50 %. Isto implica unha bonificación de 10.000 euros en termos medios per cápita para os máis millonarios. Son 1.000 euros para os autónomos e as pequenas e medianas empresas e 10.000 euros para cada un dos millonarios de Galicia no noso país.

Esa é a política do Partido Popular, a política dunha dereita que non apoia o tecido produtivo pero que, pola porta de atrás, sempre ten o mecanismo para facerlles regalos aos seus grandes aliados, para buscar mecanismos que non benefician a Galicia. E é por iso que lles pedimos que fagan unha nova política industrial, unha nova política económica e unha nova política con medidas comerciais, industriais e financeiras que apoien o tecido produtivo.



Non é de recibo que, cando os prezos crecen en Galicia máis que en España, cando a economía de Galicia ten un maior desacoplamento e unha maior desaceleración, cando Galicia ten menos capacidade de xerar emprego, vostedes decidan darlles un cheque de 1.000 euros de media aos autónomos e pequenas e medianas empresas e en cambio prefiran darlles un regalo fiscal de 10.000 euros aos millonarios do noso país.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Non é de recibo e pedímoslle ao Partido Popular que rectifiquen a política fiscal e poñan eses 70 millóns de euros á disposición do tecido produtivo para chegar ata 100 millóns de euros, que serán un mecanismo hábil e capaz para apoiar a tantas pequenas e medianas empresas e autónomos que non chegan a fin de mes.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Caballero.

Antes de pasar á quenda do deputado do Bloque Nacionalista Galego, aproveitamos para saudar os alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria do CEIP O Cantel, de Foz. Hoxe hai un marcado carácter lucense nas visitas ao Parlamento. Dámoslles a benvida á casa de todos aos alumnos, alumnas e, por suposto, aos docentes que os acompañan.

Ten a palabra agora, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Daniel Pérez López por un tempo de dez minutos.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidenta.

O ano 2022 só se pode cualificar para o emprego autónomo como desastroso. Porque só como desastroso se pode cualificar o feito de que Galiza liderase o ano pasado a destrución de emprego entre autónomos e autónomas en relación con todo o Estado español. No noso país foron case 3.000 persoas autónomas —2.897 para ser exactas— as que deixaron de cotizar no réxime especial dos traballadores autónomos, o que representa o 1,4 % das persoas afiliadas ao RETA. Pero detrás dese guarismo hai miles de familias que viron frustradas as súas expectativas de futuro, que viron, en suma, destruído o negocio no que puxeron todas as súas ilusións e tamén os seus aforros.

Pero as cifras, aínda que frías, hai que analizalas con honestidade e tamén con rigor. E por iso é inevitábel poñer ese descenso do 1,4 % das persoas afiliadas ao réxime especial dos traballadores autónomos na Galiza durante o ano 2022 co 0,4 % de descenso que se deu no resto do Estado. Desde logo, o diferencial non favorece o noso país, o que supón que, en termos absolutos, no noso país no 2022 se destruíron 1.693 empregos por conta propia máis que no resto do conxunto do Estado español.

Se ampliamos o prisma e facemos neste caso a comparativa dende o ano 2009, no que o Partido Popular accedeu ao Goberno galego, vemos como en xaneiro dese ano na Galiza había 232.112 persoas ocupadas por conta propia e que en trece anos pasaron a ser 205.912. Os nú-



meros son fáciles. Perdéronse nese período, dende o ano 2009 ata a actualidade, 26.200 empregos deste colectivo. A isto hai que sumarlle a preocupante bolsa dos chamados «falsos autónomos», que, segundo os estudos da Universidade Carlos III, de Madrid, suporía o 30 % do autoemprego na Galiza. Segundo o Informe GEM —neste caso o GEM Galiza, o observatorio de emprendemento do noso país, relativo aos anos 2020 e 2021—, contamos con 20.000 persoas que se autoempregan para permanecer no mercado laboral ou que recorren a esta figura para seguir ligadas a unha empresa a custa de perder os seus dereitos laborais. Son, en suma, autónomos involuntarios.

Outro problema que tamén teñen as persoas autónomas deste país é a perda de poder adquisitivo. Nun primeiro momento isto viña provocado pola pandemia, despois foi polo encarecemento dos fretes e, sen solución de continuidade, por un proceso inflacionista nunca visto en corenta anos; unha inflación que, por certo, medra moito máis neste país que no resto do Estado —e non neste mes senón xa dende o ano pasado—. As persoas autónomas da Galiza sofren un proceso neste caso de empobrecemento que se acentuou dende o ano 2020, pero que xa vén de lonxe, o que explica outra triste realidade deste colectivo: que as pensións dos autónomos galegos son as máis baixas do Estado.

Outra variábel do sector na Galiza é que o descenso do emprego autónomo se concentrou especialmente no sector do comercio retalista, con 1.600 persoas menos de alta no RETA; un comercio retalista que constitúe o 22 % do emprego autónomo do país —46.280 persoas—. E foi precisamente este colectivo o que viu reducida a súa actividade nos últimos anos e no que máis descendieron os traballadores por conta propia na última década. É algo especialmente doloroso porque estes pequenos comercios familiares, empresas familiares, son parte fundamental do comercio local, que é a auténtica locomotora dos nosos barrios, das nosas cidades, das nosas vilas e das nosas aldeas.

O certo é que as persoas autónomas galegas parten dunha situación de desvantaxe incluso en relación co resto do Estado español. Esta é a radiografía do autoemprego autónomo galego. Un recente informe do Ministerio de Traballo alertaba da fragilidade do colectivo, do descenso do número de autónomos e de que a quen máis lles afecta a baixada é ás pemes e autónomos cun só traballador ou con dous ou tres asalariados. Vostedes, señores do PP, saben igual ca min, que o 90 % do ecosistema do traballo autónomo galego ten esta configuración.

Pois ben, en trece anos de goberno popular non foron capaces de mellorar a empregabilidade e darlle estabilidade ao traballo autónomo. Todos e cada un dos programas dirixidos ao emprego autónomo que anunciou o goberno do PP nestes trece anos non foron capaces de reverter a perda constante de autónomos do noso país, non foron capaces de resolver o grave problema dos falsos autónomos, non foron capaces de compensar a perda do poder adquisitivo da maioría das persoas autónomas deste país, e por iso as pensións dos autónomos e das autónomas galegas son as máis baixas do Estado. Algunha responsabilidade terían se levan trece anos gobernando.

Neste contexto é como as persoas autónomas galegas teñen que enfrontar o que é unha tormenta perfecta que está a caer sobre o colectivo. Por iso, loxicamente, apoiaremos esta iniciativa do Partido Socialista que insiste no que Grupo Parlamentario do BNG plantexou xa



no mes de novembro do ano pasado: na necesidade dun auténtico plan de choque consensuado coa totalidade do sector que recolla todas as circunstancias do sector, que recolla, ademais, un orzamento suficiente e uns criterios que faciliten o acceso ás axudas para aquelas pequenas e medianas empresas e autónomos aos que afectou especialmente —pola súa ti-poloxía de negocio— o fenómeno inflacionista e o prezo da enerxía e dos carburantes.

A ver se desta vez hai sorte, porque o PP votou en contra da nosa iniciativa xa no mes de novembro e seguro —moito o temo— que tamén vai rexeitar esta. Rexeitaron a proposta dese plan de choque do BNG en novembro escudándose nos diferentes programas implementados polo goberno do Partido Popular, que son precisamente os que conduciron o emprego autónomo á crítica situación actual, que é peor que a do Estado —insisto—. E escudáronse tamén, en concreto, no programa Impacto Autónomo. E eu tamén vou parar neste programa, porque aquí tamén hai bastante tela.

Este era un programa no que se establecían unha serie de axudas directas e se exixía, para concorrer a estas axudas, ter un rendemento neto superior a 10.000 euros no exercicio 2021, co que directamente 70.000 persoas autónomas deste país —precisamente os que teñen os rendementos máis baixos— quedaron excluídos da posibilidade de acceder a estas axudas. É un programa que, ademais, non diferencia atendendo ao maior ou menor impacto nos negocios das subidas dos custos das materias primas ou do prezo da enerxía e que, ademais, discrimina o colectivo de profesionais por conta propia do rural. Faino, por un lado, por eses rendementos netos anuais mínimos exixidos aos que non chegaron no ano 2021 a maior parte dos traballadores por conta propia do rural; e, por outro, pola forma de concorrencia non competitiva elixida, porque, como era por orde de chegada —é dicir, o que fora máis rápido e ata esgotar o crédito—, o acceso a unha internet de calidade era vital para ter opcións para acadar esa axuda. Os que vivimos no rural sabemos do que estamos a falar cando falamos de internet de calidade e rápida.

Outra cuestión importante é que, desde que se anunciou hai cinco meses, denunciámos que este programa padecía de malnutrición orzamentaria. Algo que lle reiteramos á conselleira no pleno pasado é que, atendendo ao raquitismo do orzamento e á lasitude dos requisitos, era previsible un aluvión de solicitudes. Se eu son autónomo e me ofrecen a posibilidade de acceder a unha axuda directa para compensar o incremento dos custos enerxéticos, non o dubidaría, como é lóxico, e tramitaría a solicitude aínda que no meu negocio os gastos en enerxía fosen mínimos. Porque non é igual, dende logo, os gastos en enerxía dun panadeiro que os dun albanel. Pois ben, tanto un coma outro, se tivesen a sorte de poder acceder a estas axudas, recibirían exactamente a mesma cantidade.

Sendo mal pensados, poderíamos pensar que se articulou este programa para que se esgotase rápido e así vendelo como un éxito —ou, como di a miña avoa, un quedar ben sen gastar moito— para calar o malestar dun sector pola falta de axudas directas; un café para todos preelectoral para agochar, ao mesmo tempo, unha inexplicable falta de adopción de medidas por parte do Goberno galego nos meses nos que peor o están a pasar, neste caso, as autónomas e autónomos galegos. De aí este programa, ese café para todos, que é o paradigma da falta de planificación deste goberno, que se move por estímulos puramente electorais, a arreóns, amosando unha absoluta falta de previsión e unha xestión lamentable.



Ese pretendido café para todos penalizou as persoas autónomas do rural polo sistema da concorrência non competitiva. Como xa digo, o acceso a unha internet de calidade é vital para ter opcións para acadar esa axuda. Eu, dende logo, son do rural; e, seguramente, se é por orde de chegada, non tería posibilidade de acceder a esa axuda. Quen non sabe isto, parece ser, son a Dirección Xeral e a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, que deixaron fóra a esas 70.000 persoas autónomas cos ingresos máis baixos. Este programa foi, ademais, un auténtico caos técnico, cun portal que colapsou ás poucas horas —o que provocou que tivesen que abrir outro máis— e que algo tan sinxelo como xuntar a documentación requirida se volveuse imposible —e iso que falamos de xuntar dous folios, os da declaración da renda 2021—. Ademais, provocou colas de espera de horas dos solicitantes e, por certo, obrigou as xestorías a tramitar as solicitudes de madrugada porque a Consellería fixo caso omiso á petición do Colexio Oficial de Xestorías de que se abrise a convocatoria ás oito da mañá dun luns e non ás doce da noite dun domingo.

É un programa que dende o BNG denunciámos como raquítrico dende o punto de vista orzamentario. Está claro, o aluvión de solicitudes e que fose moi raquítrico en canto ao orzamento obrigou a que tivesen que ampliar o importe a cinco millóns de euros. Isto publicárono, precisamente, no DOG dese luns. Por iso o venres, cando lle preguntamos en comisión á señora Covadonga Toca Carús, a secretaria xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, se consideraba que este programa contaba con dotación orzamentaria suficiente para cumprir coa súa finalidade e se se tiña pensado sacar unha nova convocatoria de axudas directas, calou, non dixo nin mu. ¿Por que? Porque estaríamos estropeando un titular de prensa. Pero é que ao mesmo tempo sería recoñecer —e xa acabo, señora presidenta— que era necesario desde o primeiro momento un plan de choque consensuado con todo o sector, que establecese uns baremos por gasto enerxético e simplemente requirindo unha xustificación do consumo enerxético medio do negocio no ano anterior —con iso sería suficiente—; un plan cunha dotación orzamentaria suficiente e que, de implementarse no mes de novembro, tería evitado o peche de moitísimos negocios de autónomos, autónomas e pequenas empresas deste país. E aí está realmente a pena de que este goberno actúe tarde, mal e a rastro. Por iso, loxicamente, apoiaremos a iniciativa do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Pérez.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Noelia Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Grazas, presidenta.

Se eu fose unha galega que levase un tempo dándolle voltas a un proxecto, que tivese en mente emprender na miña terra e que escoitase esta mañá o deputado do Partido Socialista de Galicia nesta tribuna, eu penso que botaría o meu proxecto ao lixo e empezaría a correr non sei moi ben en que dirección.



Eu, señor Caballero, pediríalle hoxe, aínda que sexa por un día, que teña a valentía de calzar os zapatos reais que calzan os autónomos no noso país. Por un momento imaxine que vostede é un autónomo, que ten en mente xubilarse —que xa sei que non, xa sei que aínda vai dar moita guerra dentro do Partido Socialista— e deixar un fillo á fronte do seu negocio, e que se encontrase ou escoitase o que vostede mesmo dixo hoxe nesta tribuna. Con total seguridade, correría exactamente igual ca min a comprar un cartel de liquidación por peche e ao seu fillo aconsellaríalle que se presentase ás oposicións da Xunta de Galicia que se van convocar neste verán. Mire, de verdade que os galegos e as galegas que queiran emprender na nosa comunidade non merecen un discurso como o que vostede nos veu facer hoxe. *(Aplausos.)*

Creo que tampouco é de recibo, señor Caballero, que vostede aproveite os autónomos para falar un pouco de todo, porque aquí hoxe falou un pouco de todo. Un pouco de todo, non, un pouco do que lle interesa ao señor Caballero, do que lle interesa ao Partido Socialista.

Mire, falou vostede do IPI. É certo que caeu un 1,5 % en Galicia. Pero ¿sabe por que caeu un 1,5 % en Galicia? Foi arrastrado pola metalurxia, a fabricación dos produtos de ferro e aceiro, señor Caballero, onde está Alcoa e moitas máis empresas electrointensivas que hoxe seguen esperando que o Goberno do Estado, do Partido Socialista, rectifique e estableza un marco enerxético competitivo. E na industria do papel, mire, ¿canto pensa que podería caer o IPI no ano 2023 se onte tivese que pechar as súas portas? Dígamo. ¿Canto pensa que podería caer se tivese que pechar as portas, como pretendía o Partido Socialista de Galicia, o Bloque Nacionalista Galego e o Concello de Pontevedra? E na industria de produción de material e equipamento enerxético, a esquerda está a facer calquera tipo de demagogia para bloquear calquera proxecto. Polo tanto, isto que lle acabo de dicir representa máis do 30 % do índice de produción industrial en Galicia. E moita parte da culpa —por non dicir toda— tena o Partido Socialista.

E ¿quérelle dar leccións hoxe ao Goberno galego? Non, mire, a industria está a pasalo mal en toda España, tamén en Galicia. Sería raro que en Galicia non o estivese a pasar mal cando está pasando en todo o país. Pero está a pasalo mal polo elevado prezo da enerxía, pola elevada inflación, pola incerteza económica... E todo isto agravado, señor Caballero, pola falta de execución dos fondos europeos e, en consecuencia, pola falta de apoio ás empresas. ¿Onde están os fondos europeos para Galicia, señor Caballero? Dígollo eu: concentrados no goberno socialista en Madrid.

Miren, que o Bloque Nacionalista Galego tamén nos queira dar leccións de emprego pois tamén ten tela. Onte, mentres 5.000 familias respiraban aliviadas e festexaban que hoxe seguían a ter un posto de traballo, ¿saben o que facía o Bloque Nacionalista Galego? Dígollelo eu: a señora Pontón poñía un tuit protestando porque a fábrica non se pechaba. Iso era o que estaba a facer onte o Bloque Nacionalista Galego. Con isto quería aproveitar para unirme á ledicia dos traballadores directos e dos traballadores autónomos que están a traballar para Ence, porque onte quedou demostrado que crear emprego, crear riqueza no noso país, non é incompatible coa sustentabilidade medioambiental. *(Aplausos.)*

Miren, eu agradézolles que trouxesen hoxe esta iniciativa, agradézolle que a trouxese, señor Caballero, porque os datos son o mellor que hai para combater os relatos como o que nos



veu facer hoxe. Que o ano 2023 vai ser un ano dificultoso e un ano complicado para todos ninguén o pon en dúbida, tampouco o pon en dúbida este goberno nin este partido.

Falou da taxa de crecemento, falou de estancamento. ¿Por que non dixo que Galicia pechou o ano 2022 entre as tres únicas comunidades que conseguiron recuperar niveis prepandémicos do PIB? Non o dixo porque iso non lle interesa, iso non lle interesa comparalo, nin interesa que as galegas e os galegos o saiban, señor Caballero; polo tanto, eu pediríalles que abandonasen ese estribillo. Porque a situación actual, a debilidade de crecemento económico a nivel global en España e en Galicia preocúpanos a todos, pero cunha diferenza. Mire, nin esta bancada da dereita nin a Xunta de Galicia nin o goberno do señor Rueda están a esperar nin as publicacións dos datos avanzados do PIB nin a contabilidade rexional nin a que o Partido Socialista traia PNL a este Pleno para tomar a iniciativa. Galicia tomou a iniciativa sempre, e tivo e segue a ter unha política de emprendemento, de protección e de impulso do tecido empresarial con especial atención ás pemes e aos autónomos. Iso non mo pode negar vostede. E non mo pode negar vostede porque os datos están aí. O crecemento económico de Galicia deste século cuadriplica a media estatal. Onte ensinabámoslles isto, volvémoslles ensinar isto e vostedes seguen coa mesma teima.

Miren, adoptamos sempre e seguiremos a adoptar medidas estruturais e conxunturais para anticiparnos ás tendencias e para anticiparnos ás necesidades que teñan as empresas no noso país. O traballo autónomo, que sustenta milleiros de familias en Galicia, vai contar neste 2023 con todo o apoio e con todo o compromiso por parte da Xunta. Só na Consellería de Emprego estamos a falar de máis de 65 millóns de euros para fomentar o emprendemento que vostede vén pedir hoxe aquí. O programa Xempre Emprendemento iniciouse o ano pasado, no mes de setembro, con 2,8 millóns de euros. No mes de decembro o presidente Rueda elevou ese importe ata 11 millóns de euros, polo que se cuadriplicou, en tres meses, ese orzamento. A rede de polos de emprendemento, que hoxe ten 116 proxectos xa atendidos, conta con cinco polos e vanse despregar ata doce por toda Galicia.

E respecto do Programa Impacto Autónomo, que vostede utilizou hoxe aquí para facer demagogia, mire, ¿sabe o que lles importa de verdade dese programa aos autónomos? Que están a cobrar xa as axudas e que levan cobrando dende o día 24 de xaneiro, tan só quince días despois de presentar a súa solicitude. Iso é o que lles importa aos autónomos no noso país, que están a cobrar xa esas axudas.

No último Consello da Xunta —hai menos dunha semana— aprobáronse as axudas para incentivar a contratación e a formación por parte de autónomos dos colectivos prioritarios. O 19 de xaneiro —hai quince días— nun Consello da Xunta aprobouse o programa para impulsar e apoiar o inicio da actividade por conta propia, o inicio de novos autónomos no noso país. No Consello da Xunta do 19 de xaneiro queda aprobada a liña Bono Autónomos, que apoia a consolidación e a mellora da competitividade dos traballadores autónomos en Galicia. Está publicada dende o día 24 de xaneiro. ¿E vostede vénnos pedir aquí hoxe medidas? Pero ¿que pasa? ¿No Partido Socialista de Galicia non len o *Diario Oficial de Galicia*? Porque o que vostede trae aquí hoxe son contos. Medidas, ningunha. Pero é que todas as medidas das que se poden beneficiar os autónomos no noso país están publicadas xa no *Diario Oficial de Galicia*.



Miren, tamén pedían instrumentos financeiros na súa iniciativa. Non falou da axenda financeira para este ano, que vai mobilizar 140 millóns de euros para o tecido empresarial galego —e remítoo de novo ao DOG, que sei que non o miran—. Desde comezos deste mes de febreiro, os autónomos galegos xa poden solicitar esa liña de préstamos directos que suma 18 millóns de euros. Podíamos falar de apoios para a transformación dixital, para a modernización do comercio, para a innovación, para o aforro e a eficiencia enerxética, dos apoios da Axencia Galega de Innovación ou do Igape.

Mire, señor Caballero, á parte de vir facer demagogia a esta tribuna, aquí hai que vir cos deberes feitos e non con discursos baleiros de contido. Eu podo asegurarlle que o Partido Popular de Galicia e o Goberno galego van seguir facendo os seus deberes, e onde mellor se poden ver os deberes é no *Diario Oficial de Galicia*. Así é como se goberna, non con discursos baleiros de contido. Imos seguir creando oportunidades e imos seguir apoiando as pemes e os autónomos do noso país. Porque ¿sabe o que significa iso? Significa crear oportunidades a nivel laboral para as galegas e para os galegos e avanzar no obxectivo de rematar este ano 2023 por debaixo do 10 % na taxa de desemprego.

Mire, eu resúmollo moi facilmente. Vostedes hoxe piden políticas económicas e medidas financeiras e comerciais que xa están en marcha, pero non só para axudar os autónomos a sobrevivir nestes momentos complicados, senón para axudalos no inicio da súa actividade, para axudalos a consolidarse e para axudalos a medrar. Pídenos tamén un plan de impulso para fomentar o autoemprego, e xa existe tamén. E aquí gustaríame facer unha mención e facelo partícipe do contido do último informe do Colexio de Economistas de España sobre competitividade rexional —dígoo para as súas futuras análises e os futuros debates—. ¿Sabe cal é un dos aspectos que valora como máis positivo de Galicia? Ao contrario de todo o que fai vostede, valora o entorno institucional, propicio para emprender. Algo estará a facer ben o Goberno galego, señor Caballero, algo estará a facer ben o presidente Rueda cando Galicia ocupa a sexta posición nese estudo, por diante da Comunidade Valenciana, por diante de Asturias, por diante de Baleares e por diante de Extremadura —gobernadas polo Partido Socialista—. Faille graza, claro, pero non debería facerlla, ¿entende?

Mire, co seu apoio ou sen el, o Goberno galego vai seguir adoptando medidas para axudar os traballadores que saben o que é levantar unha persiana cada día, eses que ven como se incrementan os seus custos e que non poden repercutilos no produto final, no prezo final dos seus produtos, eses que se están a xogar o seu patrimonio para crear riqueza e crear emprego na nosa comunidade e eses que se están a ver afectados, señor Caballero, por decisións que escapan da competencia autonómica, que están a adoptarse desde o Goberno central dirixido polo señor Sánchez. Vostede é un sanchista recoñecido. E en decisións en materia enerxética, señor Caballero, esquecéronse dos autónomos galegos que utilizan o seu coche para ir traballar no desconto de carburantes.

En materia fiscal, señor Caballero, nin vostede nin o Partido Socialista foron quen de levantar a man neste Parlamento para apoiar a rebaixa do IVE da carne, do pescado e das conservas. Non levantaron a man para apoialas. ¿Pódese facer menos polos autónomos deste país —pregúntolle—?



Mire, ¿sabe cantos autónomos galegos están afectados por esa non rebaixa do IVE dende o Goberno do Estado?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Eu garántolles, señorías —e remato xa—, que o Goberno galego e este grupo nunca deixarán de apoiar nin de estar ao carón nin de reclamar o que lles corresponde aos autónomos do noso país.

Máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, a verdade é que quedo abraiado coa intervención do Grupo Parlamentario Popular en sede parlamentaria de Galicia pola súa insensibilidade, pola súa falla de atención aos autónomos, pola súa falla de empatía e pola súa falla de iniciativa. Hoxe o Partido Popular, unha vez máis, non estivo á altura do que Galicia necesita, non estivo á altura do que o tecido produtivo do noso país necesita. Volven estar mirando para o señor Feijóo en vez de estar tomando decisións para os galegos e para as galegas.

Sorpréndese o Partido Popular de que alguén faga unha intervención na que relata a situación e fai unha comparativa entre o regalo fiscal que vostedes lles dan aos altos patrimonios e a axuda que lles dan aos autónomos. Pero eu si falo de datos e non de relatos. Eu dou os datos porque os datos falan por si mesmos. E voullos volver repetir ao Grupo Parlamentario Popular porque os autónomos que nos están escoitando dende as súas casas o que saben é que a realidade que este deputado trouxo hoxe a esta Cámara é a realidade que eles viven, a realidade que están sufrindo para chegar a fin de mes, a realidade que tiveron que sufrir tres mil autónomos galegos —que xa non están traballando— ao longo do 2022. E vostedes, ningunha palabra, ningunha iniciativa, ningunha medida de apoio, ningunha sensibilidade máis que o discurso do rodillo do Partido Popular.

Vóullelo repetir de novo: Galicia perdeu case tres mil autónomos no último ano, a metade das empresas constituídas en Galicia xa non superan o primeiro ano de vida, aos catro anos de duración só seguen adiante o 40 % das pemes e só seguen adiante o 30 % dos autónomos; no outono do 2020 en toda Galicia estaban pechados nas rúas sete mil negocios; Galicia destruíu en 2022 máis emprego autónomo que todo o resto de España; o programa Impacto Autónomo, que orza a Xunta de Galicia, ten unha contía de 35 millóns de euros para repartir cun obxectivo de trinta mil profesionais, segundo dixo o propio Goberno da Xunta; o regalo fiscal dos orzamentos do Partido Popular aos altos patrimonios é de 35 millóns de euros deste ano máis 35 millóns acumulados pola bonificación xa establecida polo



gobierno do señor Feijóo —70 millóns de euros de regalo fiscal para os 7.000 galegos con maior patrimonio—.

Conclusión, señores e señoras do Partido Popular: o Grupo Popular dedica unha axuda aos autónomos do noso país para facer fronte á crise, ás dificultades do momento, de 1.000 euros de media para cada autónomo, para cada peme, que se pode incorporar a ese programa e á vez dá un regalo fiscal de 10.000 euros de media a cada un dos millonarios que teñen condicións para pagar o imposto de patrimonio. Ese é o calzado que vostedes teñen que poñer, o de recoñecer o que non fan e o que fan, o de deixar o tecido produtivo e os autónomos que pechan sen medidas económicas de calado ao seu carón pero sempre terlles o agasallo, o regalo fiscal, aos patrimonios máis altos de Galicia. E iso é, nun momento de crise, unha indecencia, unha falla de respecto ao tecido produtivo que non chega a fin de mes, a cada oito autónomos netos que perde este país cada día que vostedes gobernan.

O que si sabemos é que o Partido Popular en Madrid e en España non supón ningunha alternativa nin ningunha proposta de mellora para a realidade económica do país. O señor Feijóo carece dun plan para tomar medidas. E cando vostedes falan da inflación ou do pago da electricidade ou do IVE, todas as medidas positivas son adoptadas polo Goberno de España —sábeno tamén os autónomos do país— co voto en contra do Partido Popular. Porque neste momento de crise hai un goberno en España que rebaixa o IVE mentres o PP o subía; hai un goberno en España que toma medidas para a excepción ibérica que permite facer fronte aos problemas da electricidade, mentres que co PP non existían; hai un goberno en España que despreza medidas de apoio ao tecido produtivo con fondos europeos que é un cambio de política económica progresista que non existía co PP e que vostedes non querían. Agora pónense a rebufo, detrás. ¡Menos mal que en España a política económica do país non a gobernan vostedes!

E quérollelo dicir con toda claridade: máis dun millón de galegos que neste mes están tendo ingresos mensuais máis altos polas medidas do Goberno de España, como pensionistas, os do ingreso mínimo vital, traballadores do noso país, as rendas menores, que teñen 200 euros máis, ou traballadores públicos, saben o que é gobernar para a xente en vez de gobernar para o PP, en vez de gobernar para as clases máis altas, para os ricos. ¡Menos mal, señores do Partido Popular!

Non hai unha medida de política económica positiva para este país, non hai unha medida positiva para a xente da nosa Galicia. Hai simplemente un rodillo que o Partido Popular segue aplicando seguindo aquel paradigma que marcou a anterior crise e que o señor Feijóo aplicou tan disciplinadamente aquí en Galicia sen moverse un ápice del, un paradigma terrible para as clases populares, para a clase media, para as clases traballadoras; e sempre a carón das grandes empresas, das eléctricas, dos grandes bancos. De novo seguen nese paradigma, así que vostedes sigan falando do que queiran pero a xente do noso país sabe que hai que tomar medidas de progreso para apoiar o tecido produtivo e que hoxe perderon unha oportunidade.

Presidente da Xunta de Galicia, goberne para os galegos e para as galegas, poña no seu obxectivo traballar polo país, pola economía e polas familias, e olvídense de crer que colocando



a Feijóo na Moncloa todas as solucións veñen dadas. Porque o que hai é que remangarse, calzarse como os cidadáns galegos e poñerse a traballar en momentos de dificultade.

Máis Galicia e menos PP, señores do Partido Popular.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate sobre as proposicións non de lei procedemos á súa votación.

Comezamos votando a primeira, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de iniciativa popular, pola que se insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan de choque que axude os mozos e as familias galegas a afrontar a subida do prezo dos combustibles.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar coas entidades financeiras a constitución dun fondo de rescate hipotecario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. E entendín que había unha petición de votación por puntos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non é así? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non hai votación por puntos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Non, a emenda non se acepta. Vamos ver, non se acepta a emenda, (*Murmurios.*) pero eu enténdille que vostede pedía a votación por puntos. ¿Séguea pedindo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale, perfecto. ¿E vostede acéptao? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben.

Ben, votamos. Había dous puntos, creo recordar.

Votamos o punto número 1.

Votación do punto número 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 2.

Votamos.

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para prolongar o servizo activo do persoal médico de atención primaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 18; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe as pequenas e medianas industrias e os traballadores autónomos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Paso agora a ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos con motivo do Día Mundial contra o Cancro, e que di:

«O ano 2030 será o ano en que as cifras do cancro se disparen. Vaino ter un de cada dous homes, así como unha de cada tres mulleres. Só en España cada hora diagnóstícanse 32 novos casos e é a segunda causa de morte no noso país. Con estas cifras é o momento de pasar á acción e de multiplicar o esforzo na loita contra o cancro.

O Goberno de España declarou a iniciativa “Todos contra o cancro” como Acontecemento de excepcional interese público 2022-2024, unha oportunidade sen precedentes para concienciar e mobilizar a sociedade española sobre a importancia de sumar os recursos e as capacidades de todos ao redor dun gran programa de acción contra o cancro, que incrementa os recursos dispoñibles para proxectos de prevención, investigación, atención e divulgación.



É o momento de dar o primeiro paso para conseguir cambiar as cifras. “Todos contra o cancro” ten unha misión moi clara: alcanzar o 70 por cento da supervivencia en cancro en España para 2030.

Por todo iso, pedimos un esforzo para impulsar o proxecto “Todos contra o cancro” e así conseguir os seguintes retos:

1º. Divulgación: visibilizar o cancro e o seu impacto na sociedade, buscando a mobilización social ao redor da causa do cancro.

2º. Prevención: incrementar a concienciación social sobre a prevención e detección precoz do cancro e fomentar a adopción de hábitos de vida saudables e participación en programas de detección precoz por parte da sociedade.

3º. Atención: incrementar a atención a pacientes e familiares para mitigar e paliar as necesidades clínicas e non clínicas.

4º. Investigación: incrementar a investigación oncolóxica para que aumente a taxa de supervivencia en cancro e buscar a excelencia e a translacionalidade, de forma que os resultados lle cheguen ao paciente grazas ao financiamento.

O que fagamos hoxe pode cambiar o noso mañá, pero só se nos unimos. ¡Todos contra o cancro!» *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Continuamos coa orde do día.

Pasamos ao debate acumulado das interpelacións.

(Pausa.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ...é unha forma de..., todos entendemos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, en todo caso é unha broma, é unha brincadeira, non ten máis. Ben, imos alá.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Acumúlanse as interpelacións 44622 e 44916, consonte o disposto no artigo 59.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ao referirse ao mesmo tema.

Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas á agricultura ecolóxica

Interpelación de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a interpelación, en primeiro lugar, o señor Rivas Cruz, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Benvido, conselleiro. Benvido á normalidade parlamentaria, si, á normalidade parlamentaria e a que o Goberno renda contas en tempo e hora á petición dos grupos parlamentarios que así o estimen oportuno e conveniente. É a segunda vez, conselleiro, que foxe da realidade, a segunda vez en pouco tempo que pon terra por medio, coa pretensión de eludir as súas responsabilidades políticas e de xestión.

Unha foi o verán pasado, logo dos lumes, cando aquel incomprensible caos nesta desgraza continuada que periodicamente asola o noso territorio. Debía vir aquí a esta Casa da soberanía popular galega e non veu, foi de visita.

Desta vez, cando aínda non acreditabamos no acontecido, cando aínda criamos que se trataba dun erro, dunha falta de previsión o atentado cometido co ecolóxico, vaise vostede e decídese desta vez polo turismo exterior, xirando unha visita aos irmáns bretóns. Puido máis o temor que o deber, puido máis o temor que a obriga que lle debe a este parlamento, porque certamente o tema que ocupa esta interpelación non é bocado cativo.

Ao longo do ano 2022 un ruxe ruxe crecente daba conta dun considerable aumento das incorporacións tanto de explotacións como de hectáreas en ecolóxico. Fontes da consellería pedían calma e argumentaban que por cartos non ía ser. A mediados de maio xa se sabían as cifras certas e nada acontecía. O ecolóxico estaba confiante, todo cadra, os ventos da nova paz viñan verdes. E tiña lóxica, pois, seguindo a nova PAC, a campaña do ano 2021 facía unha chamada á redución de fitosanitarios, ás boas prácticas agrarias, á toma en consideración da emerxencia climática, á produción de alimentos saudables, nunha preocupación —cando menos en teoría— da biodiversidade e do equilibrio medioambiental; en resumo, potenciar prioritariamente a agrogandería ecolóxica.

E o 2 de decembro nunha reunión de gandeiros e gandeiras o señor Balseiros soltou a bomba, ¡plas! Os cartos son os que son e non dan para máis. E comezou o abraio. Desde o Craega ata o máis humilde gandeiro, desde a oposición ata moitos alcaldes e deputados do PP, desde todos os sindicatos e asociacións agrarias, o escándalo estaba servido. Ninguén entendía, conselleiro, que no medio deste tempo *green* este novo *look* que soamente nega a prima de M. Rajoy, Galicia, Galicia, Galicia, nunha arroutada de tacañería, lle dese as costas á agricultura e á gandería ecolóxica, ao que nos últimos tempos se sinalaba como unha necesidade de futuro lóxico. Patético.

E comeza a operación balóns fóra. Disque o colleu por sorpresa, non sabían nada, acabáranse os cartos e non había onde dispoñer. A culpa fora toda do Sindicato Labrego Galego, segundo deixou ver, vostede caer, na véspera da Noiteboa, respondendo —por dicir algo— á pregunta que lle faciamos neste hemiciclo; falsidade reiterada no Consello Agrario do 16 de xaneiro pasado.

Agora, nesta nova andaina, logo da reflexión feita na Bretaña, o señor conselleiro mudou de tocata: que se fiaron dos datos do Craega, e daquela un deduce que o Craega é o culpable



desta barbaridade agora. Tamén se rosma que ventaban fraude. ¿Como? É un xeito mesquiño de botar xurro enriba dun sector que se por algo se distingue é pola súa seriedade e polo convencemento e fe do que fai. Non é fácil producir en ecolóxico. Xente comprometida que se arrisca a unhas prácticas agrícolas mal remuneradas, suxeitas a restricións, sen cobertura de matadoiros, ¡eu que sei! En definitiva, a buscar a vida como ben se poida, porque os mercados para o ecolóxico, señor conselleiro, en Galicia brillan pola súa ausencia ou pola considerable dificultade.

Vostede xa sabía que os cartos non ían chegar para todas as solicitudes. Por iso puxeron unhas condicións de baremación puñeteiras —permítame a palabra—, porque primar a montaña por ser primeira liña de xestión do territorio, ben; primar a Rede Natura polas restricións que a actividade agrogandeira ten aí, ben tamén; mais primar as explotacións de maior tamaño, velaí a vontade da súa consellería na protección das pequenas e medianas explotacións. Lembre, conselleiro: son as que xestionan o territorio.

E a guinda está na puntuación negativa dos pastos baixo arboredo e pastos arbustivos. ¿Haberá algo máis acorde co equilibrio medioambiental e a biodiversidade que a actividade gandeira nestes terreos? Foi a golpe de pastoreo que se controlou a biomasa, a golpe de pastoreo, a golpe de pan e a golpe de mulime para estrar as cortes, desde sempre. Así se conservaron os nosos montes.

E eu voulle asegundar. A baremación, señor conselleiro, foi posta para excluír a tanta xente. ¿Quere demostrarme o contrario? A demostración vale 2.600.000 euros. E xuro que son capaz ata de falar ben da súa política, da súa xestión.

Vostede sabe, é consciente —e non lle dea voltas— da puñalada que lle dá ao sector, da decepción, do desmantelamento de máis dun cento de explotacións viables, serias, modernas, medidas e simbióticas no territorio; esas que fan a mellor xestión da biomasa e prevención. Mais non semella importarlle. Non hai cartos. O que non hai é vontade política nin vergoña, porque vostedes non teñen vergoña.

O 30 do 12 do 2021 sacaron unha orde de axudas ás empresas transformadoras por 30 millóns de euros, 27 deles con cargo ao Feader. Tamén houbo peticións masivas e, como non chegan os cartos, en setembro do pasado ano fixeron unha ampliación orzamentaria de máis de 11 millóns de euros. Ítem máis. Logo da resolución destas axudas, dúas empresas con resolución favorable renunciaron á subvención. Temos de fondo entre 5 e 6 millóns de euros. Aí hai cartos. Cartos hainos e ben deles. Daquela o asunto é de vontade política, de proxecto de país, de sensatez.

Mire, no plano estratéxico da PAC, no acordo de asumir o Estado o 25 por cento da superficie agraria en ecolóxico para 2030, Galicia, Galicia, Galicia descolgouse, asumindo unicamente o compromiso de manter o ridículo 5,15 por cento sobre o delitivo 21 por cento de SAU galega.

Señor conselleiro, ¿sabe vostede o que é unha perrencha? Voullo explicar.

Desde 2016 non había axudas. No 2021 vostedes puxeron toda a carne no asador, pero con trampa, porque no 2022 sacaron as axudas coa baremación xa descrita e máis de 200 explota-



cións fóra de xogo. Onte fai unhas declaracións altamente ofensivas: cartos a esgalla para o 2023 en diante, pero do 2022 nada. Capricho infantil, perrencha. ¿Por que, señor conselleiro? Nós non saímos aínda do noso abraio e supoño que os produtores tampouco. Case o triplo —voume cinguir á nota de prensa que sacou onte a consellería, das súas declaracións—, case o triplo do destinado para o 2022 vai para o 2023 e anos en diante, unha subida do 183 por cento, e declara ademais: faise un importante esforzo para dar unha resposta moi firme á espectacular evolución que está experimentando a produción ecolóxica. ¿Cando a detectaron? ¿Por que reaccionan tarde? ¿Por que reaccionaron tarde se iso sabíase en maio do ano pasado? Sabíase que... ¿E por que non sacaron cartos, como fixeron coa industria? ¿Ou non os había? ¿Non teñen de onde sacalos? Teñen; cando queren, si que saben como sacalos.

O conselleiro —di a nota— considerou especialmente importante asegurar que ningún produtor quede fóra nesta convocatoria do 2023. ¿E os que deixou na estacada do 2022? A eses, que os coma o demo, que, total, ¿que máis dá, verdade? É unha maneira de dicir as cousas no noso país: que os coma o demo. Os seus deputados en Madrid dino doutra maneira. ¿Eses non teñen dereitos? ¿É que eses non teñen dereito á vida? ¿É que eses non son xente que está á fronte dunhas explotacións viables e que fan a conversión ou que se manteñen en ecolóxico, contra vento e marea?

O conselleiro —di a nota— sinalou que se amosa a toma da conciencia sobre o crecemento extraordinario rexistrado neste sector nos últimos tempos e, de maneira sorprendente, no último ano.

Conselleiro, esta nota de prensa é un insulto, é unha burla ao sector afectado, ás máis de duascientas produtoras mancadas e ao rural en xeral. O seu creto está esgotado, as súas promesas xa non son cribles. Só ten unha saída: repare o dano feito e logo dimita, pero antes habilite os medios para darlle unha saída digna á grave situación que a súa torpeza creou e que teimosamente se nega a solventar.

Señor conselleiro, é vostede culpable dun atentado á produción ecolóxica deste país. E é vostede quen, antes de dimitir, ten que reparalo. E repárase con cartos, e cartos hainos. Sáqueos de debaixo das pedras, pero faga o seu deber, cumpra co seu deber.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: (O señor Seco García coloca un cartel no estrado.) Moitas grazas, presidente.

Señor González Vázquez, hai dous meses que lle preguntabamos sobre a situación que estaban a vivir centos de agricultores...

O señor PRESIDENTE: Perdón, perdón, señor Seco.



A ver, porque onte parece que se deu unha situación na que..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si..., (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non o árbitro non está. Eu voulle pedir por favor que o retire, porque estamos nun intervalo, como sabe o seu portavoz, de se os grupos chegan a un acordo sobre que facemos cos espazos —digamos— públicos que son institucionais. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor SECO GARCÍA: Non teño ningún tipo de problema, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Eu voulo pedir, porque estamos pendentes da negociación dos grupos.

O señor SECO GARCÍA: Por suposto, claro que o vou retirar. É que eu pensei onte que o criterio era deixalo cinco minutos para poder sacar a foto. Entón, era por iso. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Se o pode retirar... Moitas grazas pola súa colaboración.

(*O señor Seco García retira o cartel do estrado.*)

O señor SECO GARCÍA: Ben, señor González Vázquez, como lle dicía, hai dous meses que lle preguntabamos pola situación que estaban a vivir centos de agricultores e gandeiros en ecolóxico de toda Galicia, uns produtores que estaban preocupados pola falla de fondos que orzara a súa consellería para as axudas de conversión e mantemento da súa actividade en ecolóxico, tanto para a convocatoria do 2022 como para o período do 2023 ao 2027.

Señor González Vázquez, naquel momento esperabamos velo preocupado e asumindo un erro do seu departamento na planificación e na xestión dos fondos do PDR, que recordo que son fondos europeos nun 75 por cento. Esperabamos da súa resposta que aportase solucións para a convocatoria do 2022 e se comprometese a modificar o Plan estratéxico da PAC para o 2023 ao 2027 e que ningún produtor quedase sen axudas; unhas axudas que quero deixar claro que non son unha limosna da Xunta de Galicia aos produtores, son parte dunha renda que percibe o sector da propia Unión Europea por realizar un esforzo técnico e económico, por coidar o noso medio ambiente e aportar uns alimentos saudables á nosa dieta.

Pero, lonxe de atopar algo de autocritica sobre o desastre xerado pola súa consellería e traer solucións a esta cámara, vostede adoptou ese papel de vendedor de crecepelo, que tanto lle gusta, para falarnos das bondades do seu departamento co aumento das contías destinadas a este sector na convocatoria do 2022 con relación a anos anteriores, obviando que máis do 50 por cento dos solicitantes quedaban sen axudas e intentando criminalizar o sector, como se na consellería que vostede dirixe non foran coñecedores dende a primavera do 2022 do aumento de hectáreas que lle comunicara o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia e que con este aumento de hectáreas as axudas orzadas eran claramente insuficientes.

Señor González Vázquez, fíxese nos titulares de prensa do seu propio departamento. Marzo de 2013, baixo o mandato da actual conselleira de Pesca; Rosa Quintana destaca «*el desarrollo espectacular de la agricultura ecológica en Galicia en la última década*». Abril de 2018, coa pre-



sencia da súa predecesora no cargo, a conselleira agora de Medio Ambiente: «Galicia prevé contar con 40.000 hectáreas certificadas de agricultura ecológica en el 2021». Xa con vostede, marzo de 2019: «El conselleiro de Medio Rural define la producción ecológica como la agricultura del futuro». Ou en abril de 2021: «La Xunta apoya el crecimiento de la agricultura ecológica y valora su consolidación como tendencia de consumo también en Galicia».

Señor González Vázquez, foron vostedes os que se dedicaron a promocionar e alentar os produtores galegos para que pasaran ao ecolóxico. Foron anos e anos pomocionando esta cuestión. E resulta que no momento de cambio da PAC non hai fondos suficientes e vostedes trocan o discurso para chegar incluso a falar mal dos produtores e poñer en dúbida ese aumento do número de hectáreas.

Non sei como poden xustificar esa falla de fondos, cando a Unión Europea establece como obxectivo no propio Pacto verde que o 25 por cento da superficie agraria dos vinte e sete países estea dedicada a produción ecolóxica en 2030. E, ademais, puxeron a política agraria como un instrumento clave para apoiar a reconversión a produción ecolóxica. Pero vostedes, pese a contar con menos do 5 por cento da dita superficie en ecolóxico, toman o camiño contrario a toda Europa.

Se a media de superficie en ecolóxico en España é maior do 10 por cento en lugares como Cataluña, incluso chega a máis do 20 por cento, en Galicia só temos un 5 por cento, explíqueme entón, señor González Vázquez, por que toman o camiño contrario ao que se toma en toda España.

Vostede recórdame a ese paisano do chiste que vai no seu coche cara a Madrid e escoita pola radio dicir que teñan coidado os usuarios da A-6 xa que teñen constancia dun automóbil circulando en sentido contrario ao seu carril, e este paisano exclama, sorprendido, que non é só un vehículo, que os que van en sentido contrario son moitos e están todos tolos.

Na Consellería do Medio Rural son coñecedores do incremento deste 12 por cento de superficie en ecolóxico e o incremento de 250 novas explotacións dende primavera do 2022. Pero, a pesar de ter esa información, orzaron unha contía que deixa nada máis e nada menos que un 43 por cento das hectáreas solicitantes sen axudas, un orzamento que necesitaría incorporar algo máis de 2 millóns e medio de euros para atender a todas as solicitudes que cumpren os requisitos, 2 millóns e medio de euros, señor González Vázquez. Explíqueme como poden permitir dende a súa consellería que moitos agricultores e gandeiros opten por abandonar a súa produción ecolóxica por non orzar 2 millóns e medio de euros cando a súa consellería ten 700 millóns de euros de orzamento e quedan ano tras ano millóns e millóns sen executar e que se transfiren a outras consellerías. Non é comprensible esta situación, señor González Vázquez.

Vostedes, que alentaban os produtores para que pasaran a ecolóxico, saben que unha boa parte dese éxito no crecemento vén ligado a pensar que terían unhas axudas que agora vostedes lles negan.

Señor González Vázquez, vostede sabe que a maioría deses produtores fixeron un importante desembolso económico e tamén un notable esforzo técnico para conseguilo e agora atópanse



coa denegación das súas solicitudes na convocatoria do 2022, e onte escoitamos o que ía pasar do 2023 ao 2027, que había que triplicar o orzamento para chegar ás 45.000 hectáreas certificadas polo Craega.

Conselleiro, son nada máis e nada menos que 318, o 55 por cento das explotacións de agricultura ecolóxica en Galicia, as que vostedes deixaron sen axudas. Sabe que na súa maior parte son pequenas e medianas explotacións, que fan un labor esencial para dotar de actividade zonas de Galicia onde o despoboamento e avellentamento é un problema moi grave. E, dentro destas, as persoas máis afectadas son as que fixeron a conversión a ecolóxico no ano 2022, xa que vostede deixou fóra o 86 por cento das solicitudes para conversión a agricultura ecolóxica e o 83 por cento para conversión a gandería ecolóxica. ¿E esa é a forma que ten a Consellería do Medio Rural para loitar contra o abandono, señor conselleiro?

No seu departamento hai recursos económicos suficientes para reverter o sucedido na convocatoria do 2022. Só se necesita vontade e compromiso político para solucionalo. Existen mecanismos para poder atender a aqueles que quedaron fóra das axudas por falla de fondos. E dende o Goberno galego poden buscar como actualalos. Pero para iso o primeiro que teñen que facer é recoñecer o erro e comunicárllelo ás institucións europeas e non facer como o señor director xeral de Gandería e do Fogga, o señor Balseiros, responsable de todo este desaguizado, que o único que ten que aportar é dicir, nunha reunión con produtores, que *el dinero para la agricultura ecológica es el que hay y no hay más*.

Aínda están a tempo de reaccionar, señor González Vázquez. Vostede sabe que, por xustiza, sentido común e coherencia co que levan dicindo durante moitos anos, deben rectificar con mecanismos que establece a Unión Europea para casos como este e indemnizar os afectados con fondos propios antes de producirlle unha ferida de morte á agricultura ecolóxica e con ela ao futuro do noso rural.

Señor González Vázquez, dicíao o outro día e tamén o volvo repetir no día de hoxe: despois do sucedido coas axudas ao ecolóxico e despois de escoitar as barbaridades que se lle escoitaron ao señor Balseiros durante o ano pasado, un dirixente, por certo, moi comprometido pola produción ecolóxica, di cousas como que *muchas solicitudes que hay este año son del período de conversión y probablemente el próximo año no sigan en ecológico*. Ese é o compromiso do señor Balseiros co sector ecolóxico.

Fágalles un favor aos produtores agrarios de Galicia e, se pode ser hoxe mellor que mañá, destitúa o director xeral de Gandería e director do Fogga para que alguén competente nunha materia tan importante como é a planificación e a xestión dos fondos da PAC tome as rendas ante este desaguizado.

Un desastre de xestión que se suma ao que tamén estamos a ver estes días con xoves que, cumprindo os requisitos, quedan fóra das axudas de incorporación de mozos, nunha comunidade como a nosa, na que seis de cada dez persoas —que vostede ben o sabe— que se dedican a produción de alimentos estarán xubiladas no ano 2030, tamén unha forma moi boa de loitar polas incorporacións.



E con respecto á modificación do Plan estratéxico para o período 2023 ao 2027, estaremos vixiantes de onde van sacar os fondos que onte anunciou. E teñan en conta que se deben buscar fondos que non sexan detraídos doutras partidas destinadas aos produtores agrarios, señor conselleiro; deben buscalos noutras liñas do PDR. E pense tamén no ben que virían eses 17 millóns de euros do PDR que vostedes utilizaron para as axudas aos produtores da carne, que nós tanto lle pedimos que fosen fondos propios, tal e como prometera o seu presidente, que poderían facer sen problema ningún. Porque xa advertiamos que eses fondos europeos serían necesarios no futuro. Aínda non pasou un ano de todo isto, e fíxese, señor conselleiro, o que estamos a sufrir por non orzar 2 millóns e medio de euros nunha consellería que —volvo repetir— ten 700 millóns, que deixa moito sen executar, que transfire a outros departamentos.

Na agricultura ecolóxica deberíamos estar todos unidos en que debe ser o futuro para Galicia, para España, para Europa, para o mundo, e, polo tanto, non os deberían deixar tirados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día a todos e a todas.

Antes de entrar na materia que nos trae hoxe aquí, quero deixar claro —e sábeno ben— o meu máximo respecto por este parlamento e por todos e cada un dos parlamentarios e parlamentarias que o compoñen.

Hai quince días aprazouse unha das interpelacións que hoxe debatemos por causa dunha viaxe oficial que estaba prevista con máis de mes e medio de antelación na miña axenda —viaxe que, por certo, foi moi proveitosa—, para ver o traballo dos nosos colegas na Bretaña francesa. Interpretar este aprazamento, señorías, como unha fuxida é simplemente faltar á verdade. Non hai nada que ocultar no tema que nos ocupa hoxe, tal e como se verá na miña comparecencia.

Moito se ten dito e afirmado —e acabamos de escoitar algunha afirmación de calado— sobre as axudas destinadas á promoción da agricultura ecolóxica na nosa Comunidade. E precisamente hoxe eu estou aquí para dar o contexto a todas as afirmacións, aclarar o dito e poñer os feitos sobre a mesa.

Pero déixenme en primeiro lugar que lles agradeza ás organizacións agrarias e ao propio Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia o seu traballo, o que se fixo dende o Consello Agrario do 16 de xaneiro —onte mesmo estivemos con eles—, así como tamén as súas aportacións de cara a mellorar a convocatoria das axudas ao ecolóxico.



Déixenme tamén que comece por dar o contexto e por falar das axudas directas, que, evidentemente, proceden da PAC pero que tramita a nosa consellería, a Consellería do Medio Rural. Estas axudas directas, señorías, suman 200 millóns de euros ao ano, dos cales a maioría, 170 millóns, proceden do primeiro pilar da PAC. Como saben, repártense de acordo con criterios que veñen marcados polo Goberno nacional, excepto que temos negociación as comunidades autónomas, pero están prefixados para os sete anos.

Onde ten competencias a Consellería do Medio Rural, onde pode decidir é nas axudas do segundo pilar, as axudas agroambientais, que, como digo, dependen do Programa de desenvolvemento rural. Estas axudas son as que van destinadas aos agricultores e gandeiros que teñen as súas explotacións en zonas con limitacións naturais, os que traballan con razas autóctonas, os que fan agricultura e gandería en ecolóxico ou os que cumpren —que tamén hai gandería en convencional e penso que non debemos de ir a un enfrontamento— determinados requirimentos medioambientais para a xestión sostible de pastos.

Estas axudas do segundo pilar, que —repito— son competencia e decisión da Consellería do Medio Rural, da Xunta de Galicia, supoñen uns 30 millóns de euros anuais, 32 millóns de euros en concreto, de media do período 2015-2021. E aí é onde están comprendidas as agriculturas en ecolóxico, que nese período tiñan un orzamento de 2 millóns de euros.

Neste contexto, señorías —e quero ser moi claro pola importancia e transcendencia que lles demos a estas axudas—, dicirlles que no ano 2022, que era o último do período de programación 2014-2020, que foi prorrogado dous anos, cabía a posibilidade de non convocar axudas do segundo pilar, cabía a posibilidade de non convocar axudas en ecolóxico, houbo comunidades autónomas que así o fixeron, e nós non só as convocamos senón que incrementamos o seu orzamento nun 24 por cento, para pasar de 32 millóns no conxunto das axudas agroambientais a case que 40 millóns. E, no caso do ecolóxico, incrementamos o seu orzamento un 59 por cento, pasando de 2 millóns de euros a 3.180.000 euros.

Dende a Xunta fixemos ese esforzo por promover —que é necesario, e se non o saben pois tamén llelo traslado eu, evidentemente— a modificación do PDR de Galicia, que se fixo no primeiro semestre do ano 2021, no que se acordou a devandita convocatoria de axudas á produción en ecolóxico do 2022, tendo en conta, evidentemente —isto non é botarlle a culpa a ninguén—, os datos que nos dá o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, que é o que ten os datos de superficie certificada. Logo volverei sobre superficie.

Polo tanto, señorías, estamos falando dunha convocatoria totalmente extraordinaria, que non tiñamos obriga de convocar pero que decidimos convocar, habendo outras comunidades que non o fixeron, e que incrementamos nun 59 por cento.

Un dato relevante tamén é que, como era unha convocatoria ao final do período, aínda que as agroambientais —e sábeno ben, señor Rivas e señor Seco— teñen un período de compromiso de cinco anos, esta convocatoria extraordinaria foi só por un ano.

Pero, por dicirlles a importancia que ten a agricultura e gandería en ecolóxico en Galicia, tamén a gandería en convencional —porque eu resístome a ir a un enfrontamento entre agricultores



galegos; dende logo á Xunta de Galicia válenlle todos os gandeiros en extensivo, en intensivo, en convencional ou en ecolóxico, que están traballando polo noso rural—, se tomamos os datos das estatísticas de produción ecolóxica da campaña do 2021, Galicia lidera a cornixa cantábrica en superficie. E tamén teño que dicirlles que con datos do 2021 Galicia está entre as primeiras comunidades autónomas en prima por hectárea; non é que paguemos pouco aquí, somos das que máis pagamos en prima por hectárea. E isto supón que, de media, as nosas explotacións cobran en conversión 15.000 euros e en mantemento 11.000 euros. Isto de conversión e mantemento é que aquel que decide pasar de convencional a ecolóxico ten dous anos nos que cobra as axudas de conversión e logo, a partir dos dous anos, cobra as axudas de mantemento.

Con este contexto sobre a mesa, eu quero continuar por aclarar dende logo algúns puntos inauditos do seu discurso. Que boten balóns fóra cando a convocatoria do ano 2022, señor Rivas —e que se fixo por 3.180.000, cun incremento do 59 por cento—, foi validada polo comité de seguimento do PDR no propio ano 2021, no que participan todas as organizacións agrarias, señor Seco e señor Rivas, tamén as organizacións agrarias que teñen relación co seu partido. E eu non estou botando a culpa a ninguén, simplemente me remito a poñer enriba da mesa os feitos.

Tamén, logo da aprobación da modificación do PDR, que —como digo— foi necesaria —fíxense, cun ano de antelación para poder incrementar as axudas no 2022 no primeiro semestre, concretamente o 14 de abril do ano 2021—, houbo outro comité de seguimento —porque, efectivamente, nós modificamos o PDR para buscar sempre o orzamento alí onde é necesario— o 28 de outubro de 2022, señorías, no que se fixeron modificacións do PDR, e tampouco ningunha entidade do comité —están aí, repito, todas as organizacións agrarias— presentou alegacións de ningún tipo de que non había cartos para agricultura en ecolóxico.

Pero é que, ademais das organizacións agrarias, tamén teñen representación no Craega e tamén teñen entidades de aconsellamento. E non se advertiu en ningún momento da insuficiencia de presuposto para a convocatoria do ano 2022. Máis ao contrario, advertíase claramente que había satisfacción porque se dotara destes cartos.

Mentiras dixo vostede unhas cantas, señor Rivas, pero, despois na súa segunda proposta, pois dirá o que lle pareza, por suposto.

Miren, quero lembrar que o cálculo que se fixo incrementando un 59 por cento foi feito coa superficie da que tiñamos datos, que agora vou tamén falar desa superficie. A este respecto, señorías, entre o ano 2015 e o 2021 a superficie en ecolóxico en Galicia aumentou a unha media de 2.425 hectáreas. Pero son relevantes os dous últimos anos. No 2020 decreceu en 2.682 hectáreas pola covid, e no 2021 subiu —iso si, un 0,48 por cento— 153 hectáreas. Estes datos —que é a superficie certificada— son o que nos dá o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica, que é o que certifica e, dende logo, fai o control da superficie en ecolóxico. Foi o que fixo con 153 hectáreas de crecemento no 2021 que incrementamos o orzamento nun 59 por cento, sen que fíxeran dubidar estes datos a ninguén da dotación das axudas do ecolóxico.

E, finalmente, señorías, no ano 2022 asistimos a un crecemento absolutamente espectacular —inaudito, diría eu—, que é de 13.301 hectáreas; é dicir, 153 hectáreas no 2021, 13.301 hec-



táreas máis no 2022; falamos dun 41,3 por cento de incremento. Dende logo, moi satisfactorio para este que lles fala, que apoia evidentemente toda a agricultura e gandería en ecolóxico, pero moi afastado este crecemento do 41,3 por cento do 0,48 por cento que se producira no ano anterior.

Foi certamente a propia convocatoria do 2022, a apertura desta convocatoria, cun compromiso de permanencia —e isto é importante—, como dixen, dun só ano, o antecedente dun efecto chamada. Pero isto non é criticar a ninguén. Claro que houbo un efecto chamada. Houbo gandeiros, señorías, que decidiron solicitar estas axudas —as de ecolóxico— en lugar de solicitar as agroambientais de xestión sostible, que son incompatibles. Pero o que hai que dicir a todos eses gandeiros e gandeiras que quedaron fóra —hai tamén algún agricultor pero maiormente gandeiros— é que, por certo, señorías, nin foron os 313 que di o señor Seco nin foron os milleiros que dixo por aquí algunha deputada do Bloque, inflando os datos e trasladando, como é habitual, información certamente defectuosa. Eu quérrolles trasladar dous datos transcendentais a eses gandeiros e gandeiras e, ademais, tamén a todos os que estamos aquí.

En primeiro lugar, quero que quede claro que, aínda que exista unha incompatibilidade particular entre as axudas en ecolóxico e as axudas agroambientais de xestión sostible de pastos, os gandeiros con dereitos —eses que di vostede que saíron moi prexudicados en conversión—, señorías —e este é un dato moi relevante—, poden seguir percibindo outras axudas directas da PAC. É que hai máis axudas, ademais das de ecolóxico ou os que están en conversión, gandeiros con dereitos, poden percibir axudas do primeiro piar, que son 170 millóns de euros anuais. E tamén, dentro das do segundo piar, as que son compatibles, como son as destinadas con zonas con limitacións naturais, que incrementamos de 17 a 21 millóns de euros. Ou, se teñen gandería de razas autóctonas, tamén poden percibir esa axuda.

Miren, dato dun expediente —señorías, por favor—: «Denegada a conversión en ecolóxico a un expediente que no ano 2021 cobrou da PAC en axudas directas 21.900 euros». ¿Saben, a pesar da denegación da conversión en ecolóxico, canto cobrou no 2022? 20.700 euros. É que cobrou 1.500 euros menos. E algún que está nesta situación está dicindo que non cobrou nada. ¡Home!, eu pediría, por favor, responsabilidade a todos os que estamos aquí.

Pode haber xente, efectivamente, que non cobre outras axudas da PAC, e aí si que temos dificultades. Son moi pouquiños e teremos que ver —e agora explicareilles cal é a solución—, pero, dende logo, o 89 por cento, señor Rivas e señor Seco, das axudas de ecolóxico van á gandería. E aqueles que estaban en conversión e aos que se lles denegou a conversión cobraron primeiro piar, e as axudas compatibles do segundo piar —e, como digo, nun caso concreto que collemos a media de hectáreas— no 2021, cobrou 21.900 euros, e no 2022, cobrou 20.736 euros.

En segundo lugar, e isto tamén penso que é transcendental para todos os que fan a súa produción ecolóxica —o señor Rivas dicía que era unha pois vergoña o que transmitiu onte, eu penso que estamos facendo un esforzo moi grande e paréceme moi relevante tamén transmitírllelo aquí—, imos sacar unha nova convocatoria no ano 2023 de axudas destinadas á actividade ecolóxica que incremente incluso máis do que se tiña previsto a súa contía. Temos colchón con esta convocatoria para que faga que todas as solicitudes poidan entrar, sobre



todo as que puideron quedar fóra tanto de conversión como de mantemento, que —repito— nin son os 313, que dixo o señor Seco, nin os milleiros dos que se falou aquí.

Esta convocatoria, señorías, contará cun compromiso de permanencia non dun ano, como este extraordinario, senón de cinco anos. Pero o compromiso de permanencia que se lle pide ao gandeiro ou ao agricultor trae consigo un compromiso orzamentario de cinco anos. É dicir, imos garantir o orzamento que se vai poñer na convocatoria do 2023 para cinco anos.

Logo falarei das modificacións que van na orde deste ano, pero cómpreme tamén destacar que, xunto co compromiso que lles imos pedir aos gandeiros e agricultores de que utilicen ou empreguen as técnicas de produción ecolóxica, tamén imos velar contundentemente porque comecen a comercializar en ecolóxico. Porque nolo está dicindo a Unión Europea, que temos que promover entre os consumidores finais que detecten e que identifiquen os produtos ecolóxicos. Simplemente trasladarlles que dende o ano 2015 non había compromiso de comercialización en ecolóxico. Polo tanto, esta é unha novidade, señorías, consensuada —e non hai ningunha dúbida ao respecto— con todas as organizacións agrarias —as catro coas que estivemos onte— e co propio Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica.

E, ademais, este ano tamén lle pedimos ao Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia que nos certificara as hectáreas que temos ao 1 de xaneiro de 2023, que son as que van entrar na convocatoria. E trasladolles tamén que xa non son 45.000, son case 49.000, o cal volve ser unha boa noticia.

Pois ben, a axuda que imos botar vai ser de 9 millóns anuais, cun compromiso orzamentario de cinco anos; é dicir, 45 millóns de euros para a agricultura ecolóxica en Galicia nos próximos cinco anos. Xa eramos a comunidade autónoma que tiña as primas por hectárea e por orientación produtiva —sobre todo na gandería— máis altas —excepto Cantabria, que ten 3.000 hectáreas— e agora, dende logo, pasamos a ser a que ten maior cantidade por hectárea de toda España e a que, dende logo, ten tamén a maior cantidade media por explotación. Este incremento que lles estou a trasladar eu —tamén llelo dixen onte pero vólvolle repetir— supón case que triplicar o orzamento do ano 2022. Pero se falamos do orzamento do período 2015 ao 2021, multiplicámolo por máis de 4, señorías.

E eu non me resisto a non entrar nun debate que é moi perigoso de confrontar a gandería en extensivo de Galicia convencional coa ecolóxica. Hai máis de 8.000 gandeiros en Ternera Gallega Suprema, que ademais fan unha gandería en extensivo absolutamente extraordinaria —chamémoslle convencional ou como queiramos—, que son custodios do territorio e que loitan contra os incendios forestais. E aquí estamos falando dunha parte moi importante, si, pero aí tamén hai prácticas medioambientalmente sostibles, ¿ou non, señor Rivas?

Polo tanto, tamén quero anunciar que, dentro da capacidade que ten a Consellería do Medio Rural, nas axudas do segundo piar incrementaremos a axuda antigamente chamada «de xestión sostible de pastos», que agora se chama no PEPAC «extensificación das explotacións gandeiras», en 3,5 millóns de euros, para chegar aos 13,65 millóns de euros, cun compromiso de orzamento de cinco anos; é dicir, 68,25 millóns de euros para a gandería convencional que non estea en ecolóxico durante os próximos cinco anos. O obxectivo, se-



ñorías, é que ninguén quede sen axuda, e por iso facemos un importantísimo esforzo por dar unha resposta firme, satisfactoria e sobre todo pensada, con datos certificados e falados coas organizacións agrarias e co Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica.

Pero é máis, e déixenme que lles diga unha cousa máis: na convocatoria do ano 2023 propoñemos á Comisión Europea que vaiamos ao rateo para que, se non chegaron os cartos para todos —e temos colchón suficiente—, pois pola vía do rateo que non quede ninguén fóra. E, se non, propoñemos uns criterios medioambientais acordes co que nos determina tamén a Comisión Europea. Por certo, señor Rivas, os criterios que vostede tanto critica foron pactados con todas as organizacións agrarias no ano 2015, e falados, e non houbo ningún debate sobre eles.

Na miña propia intervención, señorías, está implícita a solución para o ano 2022; logo, se queren, pois podemos falar diso. Pero o que lles podo asegurar é que o orzamento e o incremento das primas, que de media soben un 29 por cento, cobren suficientemente esa cantidade que vostedes están trasladando do ano 2022.

Señorías, este é o contexto, estas son as aclaracións do Goberno galego a tanta afirmación espuria e puramente partidista. E estes son os feitos: unha nova convocatoria que non só fai fronte ao volume das solicitudes...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...senón que ademais está verdadeiramente pensada para consolidar a actividade ecolóxica na nosa Comunidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Agora quería saudar os alumnos de 5º e 6º de primaria do centro plurilingüe Benigno Quiroga Ballesteros, de Lugo. Benvidos ao Parlamento.

E continuamos. Tuno de réplica. Correspóndelle agora ao señor Rivas Cruz, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, vostede está espallando dúbidas sobre un sector que lle é molesto. Si, si, si. Primeiro, vostede intentou aquí afondar no enfrontamento, que xa intentaron, entre o extensivo e o ecolóxico, entre o leite de ecolóxico e o gandeiro de... Vostedes é que non poden xogar así cun sector tan valioso e tan necesario para este país. (*Aplausos.*) Non, non poden, non poden, (*Aplausos.*) non poden, señor conselleiro, non poden. (*Aplausos.*) É un suicidio. Deixemos o extensivo en paz e falémolo outro día, jeh!, que ten as súas tamén —e diso falamos extensamente na nosa comisión, na 7ª—, e falemos do ecolóxico, que é ao que vimos.



Señor conselleiro, por certo, se alguén das súas señorías ten interese sobre o que falou aquí, vostede aquí ao que veu foi a dar a nota de prensa de onte, nada máis; non respondeu a ningunha das preguntas cruciais que lle formulamos. Señor conselleiro, ¿si ou non? ¿Vai haber reparación do dano feito aos produtores e produtoras en ecolóxico do ano 2022, si ou non? Porque iso é o crucial.

E non me diga que se pode existir unha ou dúas fraudes. Ben, é miserable que fale deses 20, é miserable, de verdade. Si, si, que poña o exemplo dun produtor e deixe aí a dúbida colgando sobre un sector que pelexa día a día, (*Aplausos.*) contra un mercado inexistente, contra matadoiros inexistentes, (*Aplausos.*) contra problemas de despece, contra todo tipo de trabas, e vostedes non moven palla, como se dicía na miña nenez.

Señor conselleiro, non nos aclarou por que non repara o dano feito nin nos anunciou a súa intención positiva neste eido. Señor conselleiro, ano 2020, axudas aos danos da fauna salvaxe. Na resolución denéganse un bo número de solicitudes por falta de orzamentos, esgotouse o orzamento, hai un malestar nos afectados e o PP cae na conta que pode restarlle votos. É ano electoral e, claro, as votacións a escasos días, chamadas telefónicas urxentes: non te preocupes, nada, foi un *horror*, foi un *horror*, está solucionado, aprobado, en breve pasamos os cartos. ¿De onde? ¿Como fixeron para sacar os cartos? Pregúntelle á súa colega de Medio Ambiente como fixo, porque saíron cartos de debaixo das pedras e o asunto solucionouse. ¿Por que agora non?

Mire, señor conselleiro, desde o BNG repetímosllo: deixe a perrencha, deixe esa pataleta de... A consellería non pode estar gobernada por infantilismos. A consellería ten que estar gobernada por cabezas ben pensantes e con decisións políticas a favor dos sectores produtivos deste país. Polo tanto, dimita, dimita; o rural vaillo agradecer, vaillo agradecer de verdade.

Mire, vostede fai un agradecemento ás organizacións agrarias e ao Craega pola reunión que tiveron onte e o outro día no Consello Agrario e a do 16 de xaneiro. Pero alí puxéronos verdes, jeh! Alí déronlles caña, alí pasáronlles a gadaña pero duramente, ¿verdade que si? Claro. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non estaba eu, pero había xente que estaba e que fala, que non ten medo, ¿sabe? Fala, si señor, claro que fala. E sabe vostede que nos enteramos de todo. Temos bos oídos e eu ademais eu teño oído músico, que é moito mellor oído.

Señor conselleiro, incrementaron no 2022. Si, insuficientes. ¿Acordo? Si, pero en abril do 2021, abril do 2021, e vostede fala das axudas do 2022. Tiveron tempo. En maio do 2022 había un incremento, sabían o número de hectáreas, sabían o número de produtores, sabían o montante, sabían todo, porque... ¿Vostede está chamándolle mentiroso ao presidente do Craega? Si. O presidente do Craega pasoulle os números e pasoulle as advertencias e díxolle: teña coidado. E, ademais, os números sábenos vostedes. Se non os sabe a consellería, ¿quen os vai saber? O Craega. Señor conselleiro...

Mire, señor conselleiro, dunha vez repare o dano feito, dimita se quere, pero repare o dano feito, saque os cartos, saque os cartos, que sabe de onde sacalos, temos aí sobrantes. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Temos sobrantes. Non, claro, dimita... O señor Balseiros ten unha opinión sobre o asunto importante. De verdade, señor conselleiro, saque os



cartos de debaixo das pedras, repare o dano feito e poña a andar o ecolóxico e o resto tamén. Pero o ecolóxico tamén é vital para este país e é vital para o futuro. Desde logo, o dano está feito e a confianza en vostede non é recuperable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, mire, eu non lle vou falar mal das negociacións que está tendo no Consello Agrario para intentar solucionar o período 2023 ao 2027. Paréceme ben que escoite as organizacións agrarias, o Craega, e que tripliquen o orzamento, pero non o venda como se fora un logro. É que era o necesario para poder atender a todas as axudas, cando era o propio Craega o que llo dicía.

O que a min me preocupa é que vostede non tivo nin un minuto en ningún dos debates que tivemos de falar de que vai facer con esas persoas que non recibiron as axudas no 2022, nin unha soa palabra hoxe nin unha soa palabra na pregunta o outro día, e vostede quere dar un paso adiante deixando moitos agricultores e gandeiros tirados na cuneta cando pode solucionalo facilmente. Dicíao o voceiro do BNG: 2 millóns e medio de euros. Pode implementalos de calquera partida e buscarlle solución para non deixar agricultores que poden abandonar a súa produción se non teñen estas axudas.

E non criminalicemos o sector. Sempre ten que ter algunha palabra para dicir que algún agricultor ou gandeiro recibiu..., claro, reciben as axudas do primeiro piar, como debe ser, e non recibiron as axudas do PDR. Ben, pois non as recibiron, pois terían que recibir máis. E vostede sabe que agora mesmo hai mecanismos, porque xa estou oíndo o seguinte. Vostedes, cando houbo a crise do coronavirus, non quixeron poñer cartos propios; eran fondos do PDR para implementar o sector agrario. Chegou a crise de prezos derivada da guerra de Ucraína e non quixeron poñer fondos propios; puxeron fondos do PDR. E nós, cando lles dicíamos que cumpriran a súa promesa, feita en marzo do ano 2022 polo seu expresidente, de que se ían utilizar fondos propios, utilizaron mentiras, que eu demostrei, dicindo que os decretos estatais non permitían o uso de fondos propios, cando era completamente incerto e ata había outras administracións que o estaban facendo. Pero non utilizaron nin un só euro de fondos propios. E agora non queren volver utilizar nin un só euro de fondos propios.

Vostedes dedícanse única e exclusivamente a repartir os fondos europeos, e fano mal, fano mal. Entón, o que eu queredes desta contestación súa, unha, é que admitise o erro, que tiñan os datos do Consello Regulador dende a primavera de 2022, que houbo un incremento moi elevado, por certo un incremento que foi buscado pola propia Administración, que tiveron un erro, que queren corrixilo e que van implementar 2 millóns e medio de euros en fondos propios, no mecanismo que sexa oportuno, se poden ser axudas *de minimis* ou algún tipo de



mecanismo que permita a Unión Europea para poder indemnizar estas persoas e produtores que quedaron fóra de xogo por culpa dunha mala xestión.

E tampouco lle escoitei que ninguén da súa consellería vaia asumir ningún tipo de responsabilidade. E pedinllo directamente. O señor Balseiros non pode estar nin un minuto máis á fronte do Fogga, nin un minuto máis. O desastre que estamos a vivir con relación ás axudas ao ecolóxico e agora o que está a suceder tamén coas axudas á incorporación de xoves e nos plans de mellora de xente que está quedando sen fondos, cando Galicia ten un problema grave de incorporación de xoves ao medio rural, é unha auténtica vergoña. Entón, pediríalle que alguén na súa consellería asuma as responsabilidades de todo este desaguizado.

E simplemente dicirlle que, cando vaia a Francia, aprenda deles. E, se pode ser, que leve algún técnico con vostede, porque eu non entendo moi ben que van facer vostede e o señor Balseiros, un inspector de Facenda e un administrativo, a visualizar como manexan os temas de economía circular e a produción de leite. Polo menos acompañese dalgún técnico da Xunta de Galicia. Porque logo son precisamente os propios traballadores da Xunta de Galicia os que se queixan precisamente de que non os teñen en conta e que todo se basea en ocorrencias súas e da súa dirección. Poñan tamén a funcionar os técnicos, contén con eles, e, se van a Francia, aprendan moito de Francia con relación a iso, á economía circular e á produción ecolóxica. Que, por certo, Francia é líder en produción ecolóxica, con 2,5 millóns de hectáreas e 53.255 produtores. Debería de aproveitar a viaxe para aprender deles.

Simplemente, volvo repetir: paréceme ben que no Consello Agrario se solucione o período 2023 ao 2027 implementando máis fondos, pero, por favor, dea contestación a que vai facer co que pasou no 2022. Porque quere dar un paso a diante sen solucionar o que pasou atrás. ¿Vai atender a aqueles que quedaron sen axudas por culpa dunha mala planificación súa? ¿Vai tomar algún tipo de responsabilidade algún dos seus responsables, como é o director do Fogga, con relación ao que pasou neste ano? Eu creo que esa contestación débella a este parlamento e espero que na súa réplica conteste.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco García.

Peche da interpelación, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Eu vexo aquí dous voceiros que están máis preocupados pola miña dimisión ou a do señor Balseiros que polo asunto, que ademais descoñecen bastante. Porque se nin sequera foron capaces de rectificar ou saber se son milleiros, centos, trescentos, catrocentos ou douscentos os afectados, pois ¿que queren que lles diga eu?

Eu o que tamén digo e que me sorprende de vostedes dous: ¡que nerviosismo hai cando veñen eleccións!, porque están traspasando algúns límites. Eu escoitei aquí algunhas cousas sobre



a miña persoa, como infantilismo e todo isto. Pois penso que, dende logo, son pouco axeitadas. Pero ben, en fin, é o que toca, ¿non?

Dicía o señor Rivas que nós temos que ter as hectáreas. Ben, o señor Rivas tamén debe desconecer que non todas as hectáreas en ecolóxico cobran primas e que, polo tanto, hai unha parte importante que non. Quen certifica, digo, pero non porque non poñamos as primas, senón porque non teñen a orientación produtiva que lles corresponde. Entón, simplemente dicir que quen ten o coñecemento exacto das hectáreas e do crecemento é o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia. Eu aquí dende logo non dou ningún dato que non sexa totalmente certo.

Miren, preocúpame moito que os dous únicos que falaron de que se falaba de fraude no ecolóxico foron vostedes, que eu non trasladei para nada ningunha cuestión destas. Eu o que dixen —pero eu son moi preciso, ademais está gravado— foi o seguinte: que, dado que a maior parte dos que foron afectados por non acceder ás axudas son os que pasaron de convencional a ecolóxico e pediron as axudas de conversión, aí —e témolo que saber todos— non é nos gandeiros con dereitos —son o 89 por cento desas axudas—, non é que quedaran sen cartos ningún, porque iso é o que vostedes están trasladando, o que lles interesa trasladar. O que dicía eu —repito, e temos todos os expedientes—, nun expediente de superficie media, un destes gandeiros que pediu a conversión a ecolóxico non puido cobrar a axuda de xestión sostible de pastos, pero no ano 2021 cobrando 21.900 euros, no ano 2022 cobrou 20.700 euros. É dicir, o estropicio ese ¿foi o que deixou de cobrar, que xa non o tiña? Perdeu 1.200 euros nun ano. Tivo gastos... (*Murmurios.*) Non, non, son os datos. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Rivas, son os datos. Digo: ¿tivo gastos por conversión ao ecolóxico? Si. Miren —e agradezo o que vou dicir, agradezo expresamente á organización agraria o que está facendo—, hai entidades de aconsellamento que están devolvendo os cartos, porque saben que houbo un erro. O Craega está plantexándose tamén suspender o cobro das cotas. Teremos que botar unha man entre todos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pois dálle coa miseria, ¡home!

Ben, fíxense noutro dato importante, que eu xa dixen que na miña primeira intervención estaba a resposta. Miren, incrementamos as primas por orientación produtiva un 29 por cento. Somos a comunidade autónoma que máis incrementa as primas; xa as tiñamos moi altas, pero agora incrementámolas. Se me permiten o dato, en conversión coas novas primas un gandeiro vai cobrar 433 euros por hectárea en ecolóxico, mentres que en convencional está en 110. É dicir, hai unha diferenza importante evidentemente, porque ten máis gastos; 433 euros, cun incremento do 29 por cento no ano 2022.

Se atendemos ao incremento da prima por hectárea do período dos cinco anos, que vai do 2023 ao 2027, resúltanos que, se o dividimos entre os seis anos, incluído o 2022, recuperan con creces o que non cobraron no 2022, pero recuperáno con creces. En concreto, sáenlles 3.000 euros en positivo. É dicir, non cobraron no 2022, pero, co incremento de primas do 2023 ao 2027 e todos os que non a tiveron este ano van poder optar a el, sáelles un positivo como se cobraran o 2022 e a maiores 3.000 euros. ¡Home!, señorías, dicir que non estamos solucionando o problema, poñendo enriba da mesa unha axuda triplicada de 9 millóns e ga-



rantindo o orzamento durante cinco anos, ben, é simplemente faltar á realidade, e, ademais, ten un descoñecemento moi importante deste tema.

Preocúpame algún, un número reducido, que non tiña outras axudas. Non o caso do gandeiro este, que aí si que teremos que entre todos apoiar o máximo posible, e, en todo caso, trasladarlle con claridade que hai a certeza da convocatoria a cinco anos do 2023 e que lles están incrementando as primas de media un 25 por cento, que compensa con creces o que non puideron ingresar no ano 2022.

Tamén me preocupa que o señor Rivas me traslade que queremos acabar coas pequenas e medianas explotacións, cando pactamos, tamén co Sindicato Labrego, señor Rivas, e coa Fruga tamén, que nos dixo que estaba de acordo —porque, como teñen dous aí, non sei exactamente con quen se ten que falar—, degresividade, señorías, que significa que imos apoiar clarisimamente as pequenas e medianas explotacións, utilizando os datos doutra comunidade autónoma que ten unhas características moi similares ás nosas como é a propia Asturias.

Como dixen, incrementamos as primas por hectárea nunha media do 25 por cento. Poñemos carga gandeira mínima, que é tamén outra exixencia que se ten en convencional e que ten todo o sentido do mundo, e co que tamén as organizacións agrarias están completamente de acordo, 0,7 unidades de gando maior por hectárea. E temos unha cuestión para min importantísima, pero supoño que vostedes estarán de acordo. Vostede dixo unha das cuestións que aquí temos que apoiar entre todos, que é que o consumidor final, empezando por todos os que estamos aquí, entendan a importancia de apoiar a agricultura e gandería en ecolóxico. E digo: ¿e como se come iso con que os agricultores e gandeiros que perciben axudas de ecolóxico non estean obrigados a comercializar en ecolóxico? Por iso, a partir do ano 2023, tamén pactado co Craega e coas organizacións agrarias, pediamos un compromiso de comercialización.

Tamén lles quero dicir a eses agricultores e gandeiros que imos ser o máis flexibles posibles, pero temos que cumprir os requirimentos da Unión Europea para que de verdade o que se está facendo en ecolóxico se comece a comercializar en ecolóxico e por esa vía que o consumidor final pois detecte evidentemente esa situación.

Eu penso que fun bastante concreto ao que me referín. Simplemente me gustaría trasladarlles, porque me deixa aquí unha preocupación, que estou completamente seguro de que, coa xente que está aquí (*O conselleiro do Medio Rural sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular*), o apoio que temos dos galegos e das galegas, vostedes non van gobernar nunha pila de anos.

Pero, señorías do Bloque e do PSOE, descoñecer o que son subvencións en concorrencia competitiva, unha dotación orzamentaria na que se hai criterio de priorización e se aplica pode quedar xente sen ter axudas, supón descoñecer todo o procedemento administrativo e poñer en dúbida o funcionamento non desta administración, non desta Consellería do Medio Rural, senón de todas as administracións públicas.

Máis nada e moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención primaria no Sistema sanitario público galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos.

Bo día, señor conselleiro.

O Partido Popular, por moito que se insista en crear un relato fraudulento, o que ten é a sanidade pública, en especial a atención primaria, nun pozo no que non se ve o fondo. E o intelixente é que, para cando algo está metido nun pozo, para saír do mesmo, o que hai que facer primeiro é deixar de cavar, ¿non? E, lonxe de facer iso, o que fai o Partido Popular, con vostede á cabeza como máximo responsable da sanidade pública, é todos os días coller o sacho e seguir cavando nese pozo entusiasticamente, poñendo todos os esforzos, na vez de garantir unha atención primaria de calidade, na vez de garantir unha sanidade pública de calidade, en fomentar o modelo de «sálvese quen teña».

O modelo do Partido Popular é «sálvese quen teña», quen teña posibilidades que acuda a buscar solución pola falta de resposta da sanidade pública, nun contexto onde a atención primaria está exhausta, pero non por casualidade, senón de anos de facer de trincheira do sistema, de anos de ser a irmá pobre do sistema sanitario.

As políticas do Partido Popular o que teñen é feito saltar polos aires os alicerces da atención primaria, a proximidade, a accesibilidade, a continuidade na atención, é dicir, o que representa a atención primaria. E iso, por moito que vostedes pretendan facerse os ofendidos, o que fai é poñer en risco a saúde e a vida dos galegos e das galegas. A falta de atención, esa falta de sensibilidade, esa falta de poder chegar ao centro de saúde e que o vexa o médico cando o precisa, pon en risco a vida e a saúde dos galegos e das galegas.

E esta situación non é casualidade, non xurdiu hai un momentito, non xurdiu hai dous anos, non xurdiu no 2018 nun consello interterritorial onde vostedes non sei que propostas levaron. Non. Isto vén de moi atrás. E os catorce anos xa que vai levar o Partido Popular no Goberno da Xunta cavarón insistentemente para chegar a esta situación.

E vostedes están levando a cabo unha voadura programada do sistema sanitario, en concreto da atención primaria, con todas esas medidas que foron poñendo en práctica ao longo de todos estes catorce anos. A obriga dun goberno en Galiza —aínda que con competencias escasas, temos un goberno, deberíamos ter cando menos un goberno— é planificar, saber cales son as necesidades sanitarias do país no que teñen que gobernar, saber cales son as necesidades de poboación, saber que profesionais ten, que profesionais necesita, cantos se van xubilar, saber cal é o perfil da poboación —envellecida, dispersa— e planificar, para que non se creen problemas.



E ¿que fixo o Partido Popular? Non planificou á mantenta. Entón, non hai médicos, non hai pediatras, non hai non sei que. Pero non desapareceron da noite para a mañá. Eu xa o dixen aquí moitas veces: non veu o tsunami e o levou por diante, senón que é consecuencia de non ter actuado cando os avisaron insistentemente de que ía pasar. Pero non facía falta que os avisaran, porque vostedes sabían perfectamente o que ía pasar. Tiñamos plans, sabían que profesionais tiñan, cantos se ían xubilar, cando. E ¿por que non actuaron? Esa é a pregunta que vostedes non queren contestar: ¿por que non actuaron? ¿Por que abrazaron entusiasticamente a taxa de reposición que aprobou o Partido Socialista pero que vostedes mantiveron, que o Partido Popular mantivo no Goberno do Estado? ¿Por que non dixeron nada ata en tempo de desconto? ¿Por que non organizaron a formación necesaria para que houbera profesionais suficientes? ¿Por que deixaron sen convocar prazas MIR, cando sabían que ía pasar isto? ¿Por que?, ¿por que? ¿Por que non contestan? Porque o do Partido Popular non é aportar solucións, é simplemente escaquear o vulto.

Entón, ¿que fixo o Partido Popular? Recortar orzamentos, si. Eu voulle dicir aquí que o Partido Popular fai trampas cando di continuamente que a atención primaria ten o orzamento máis alto da historia. Fan trampas, e a sabendas.

Mire, o orzamento medio en atención primaria do 2009 ao 2022 foi de 1.280 millóns de euros. No 2009 era de 1.400. É dicir, que desde o 2009 ao 2022 investiron anualmente menos de 200 millóns de euros en atención primaria, menos de 200 millóns. E por iso o BNG e a portavoz do BNG levamos anos reclamando 200 millóns de euros anuais, para como mínimo ter o investimento do ano 2009. (*Aplausos.*) De aí saen os 200 millóns de euros que reclamamos, para que como mínimo quede investido o mesmo que no ano 2009.

E resulta que en atención primaria os orzamentos do 2023 representan aínda menos con respecto ao PIB que no ano 2009. No ano 2009 representaba o 2,55 por cento do PIB en atención primaria. No 2023, o 2,33 por cento, o 0,22 por cento menos do PIB en atención primaria.

Iso é realidade do orzamento do Partido Popular, e iso ten consecuencias, e as consecuencias ¿cales son? Que Galiza está á cola en investimento en primaria, á cola en investimento per cápita, á cola no que se inviste nos profesionais que traballan na sanidade pública. Esa é a realidade do orzamento do Partido Popular.

Non tomaron medidas, a pesar de que sabían o que ía acontecer, a falta de profesionais, as prazas que facían falta; deixaron sen convocar as prazas MIR, sen formar; practicamente puxeron todo o entusiasmo en practicar a precariedade, e trouxemos aquí un millento número de veces cal era a situación de precariedade dos profesionais da sanidade pública. Trouxémolo aquí, hai sentenzas, hai sentenzas do Tribunal da Unión Europea que demostran esa precariedade. E, froito desa precariedade, os profesionais foron buscando a vida, pero non por casualidade, senón polas condicións nas que vostedes os obrigaron e obrigan a día de hoxe, en que seguen facendo contratos de meses cando din que non hai médicos.

Cando esas son as condicións laborais, ¿que fan os profesionais? Buscar a vida, claro que si, buscar a vida. E o que fixeron vostedes foi precarizalos, obrigalos a que cubran tres, catro, cinco profesionais. Hoxe dicía aquí o presidente da Xunta, todo entusiasmado, que ían poñer



unhas axendas de 30 ou 35, só cuns *huequecitos*, e, se non era posible atender a xente que facía falta, pois nada, logo seguirían pola tarde, con intersubstitucións, que é o que levan facendo desde hai anos.

Vostedes veñen aquí presumir de axendas de calidade, e de que soamente teñen 35, cando logo iso é unha mentira, iso está no papel, pero na realidade é que teñen que atender tres, catro, cinco cupos, que teñen que seguir pola tarde, e se traballan pola tarde teñen que facelo pola mañá. E aínda seguen insistindo na mesma receita, que saben que non funciona.

Outra cuestión do Partido Popular, diante deste contexto, é que o hai que facilitar é que os profesionais vaian á privada; non hai profesionais na pública, están exhaustos, pero as medidas é que vaian á privada, facilitámoslles que vaian á privada.

Ou, ben, pois ir de ocorrencia en ocorrencia, señor conselleiro. Ocorrencia é deixar os PAC sen médicos, que atendan soamente profesionais de enfermería. Eliminar atención pediátrica de canto centro de saúde hai; 194 concellos sen un só pediatra. Ese é o balance, ese é o balance do Partido Popular en catorce anos, porque levan gobernando catorce anos. É dicir, sen pediatras nunha inmensa maioría de centros de saúde; ofrecer prazas exprés por concurso, que teñen que convocalas unha e outra vez porque os profesionais non queren unhas peores condicións laborais que os que xa están e estas prazas son peores condicións laborais, e vostede sábeo; incentivos económicos para que sigan traballando, cando están esgotados; ampliar a idade de xubilación.

Ocorrencias que non dan resultado, e están aí os números. Non dan resultado porque do que se trata é das condicións laborais dos profesionais, non se trata de que lles paguen máis, senón que queren ter unhas condicións laborais dignas, e iso é o que non lles ofrece o Partido Popular. (*Aplausos.*) Levan anos dicíndolles que queren ter unhas condicións laborais dignas, e iso é o que non lles ofrece o Partido Popular.

As consecuencias están aí, as consecuencias de todo isto é cronificación das listas de espera en atención primaria, que a norma sexa a falta de atención, listas de espera para ter unha cita, que non haxa pediatras.

Mire, xa que estes días están quitando vostedes peito do barómetro sanitario, ¿sabe o que di o barómetro sanitario? Que o 37,6 por cento da cidadanía galega ten que agardar máis de seis días por unha cita na atención primaria; di que o 11,5 por cento, once días ou máis; di que o 10,1 por cento entre oito e dez días; que o 16 por cento, sete días. Iso é o que di o barómetro sanitario, do que vostedes están quitando peito.

Tamén din os datos, recoñecidos por vostedes —pero, claro, aquí comentan o problema pero como se non houbera responsables—, que practicamente a cincuenta mil galegos e galegas con patoloxías crónicas, xente de idade con patoloxías crónicas, non se lles está facendo seguimento, non están recibindo atención. ¿Quen é o responsable de que esa non atención acabe en resultados indeseables?, ¿quen é o responsable? ¿Sabe cal son tamén as consecuencias das súas políticas? Que en Galiza resulta que están aumentando as mortes non normais —por así dicilo—, a sobremortalidade; está amentando dun xeito realmente moi



preocupante. Mentres no Estado, que no ano 2020 estaba en 73.000 a sobremortalidade e no ano 2022 baixou a 33.000, en Galiza, que no ano 2020, en plena pandemia, estaba en 1.700, no ano 2022 subiu a 3.500. ¿Por que cre que hai esa sobremortalidade, moi por encima da media do Estado?, cando practicamente todas as comunidades autónomas están cambiando. Si, está aí o MoMo, estes datos son quitados do MoMo, atrévase a desmentilos: 73.000 no Estado, 33.000 agora. En Galiza, no ano 2020, 1.700; e agora, 3.000 e pico.

¿Por que cren vostedes que está aumentando a sobremortalidade en Galicia dun xeito exponencial? ¿Por que será? ¿Porque a atención primaria non ten os recursos suficientes? ¿Porque a xente chega tarde ás consultas? ¿Porque chegan tarde as probas diagnósticas? Porque mire, vostedes dirán o que queiran, pero mire, estes son os titulares de prensa: *(A señora Prado Cores mostra un documento.)* «Tiven que tirar de enchufe para que me interviñeran», unha muller con cancro de mama á que lle detectaron un tumor. E, a pesar do que vostede di aquí das vía rápidas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...¿cal é a realidade, señor conselleiro? Que esperan meses. *(Mur-murios.)* Non o di o BNG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois díganllo vostedes a esta muller de Ourense, ademais, que sae nos medios de comunicación; vaian vostedes alí dicirlle que é mentira que estaba esperando. *(Aplausos.)* Díganlle á Valedora do Pobo, que acaba de facer públicos toda unha serie de informes onde di que as esperas que ten que facer a poboación para facer probas diagnósticas son vinte meses para unha proba de neuroloxía...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...un ano para unha ecografía ou citas xinecolóxicas. Estes son datos da Valedora. Esta é a realidade na que vostedes teñen a sanidade pública do noso país, que causa dor, sufrimento e morte.

Polo tanto, señor conselleiro, ¿cando vai empezar a facer algo para solucionar os gravísimos problemas da sanidade pública do noso país?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi bo día, presidente.

Señorías.

Ben, comezan votedes co mantra ultrarrepitido dos recortes e da privatización da sanidade. ¿Como pode haber un plan de recortes na sanidade pública cando este goberno acaba de



aprobar o maior presuposto da historia para a sanidade pública galega, con case 5.000 millóns de euros, máis de 1.500 millóns na atención primaria? Acaba de dicir, señora deputada, os datos do seu Goberno. Pois estou dicindo que temos 1.500 millóns na atención primaria; negarao tamén.

Se para a autora da interpelación isto, ese maior presuposto da historia, merece certos cualificativos, ¿como cualificaría entón o Goberno que destinaba 1.300 millóns de euros menos? Porque iso é o que facía o Goberno do que vostede formaba parte no ano 2009, ao que, por certo, hoxe vostede se referiu con bastante frecuencia; un goberno co que Galicia no ano 2008 tiña unhas cifras de seguro privado que situaba no 17,1 por cento da poboación —era das máis altas do Estado— e que no ano 2021 —segundo reflicten as cifras da patronal dos seguros— se reduciron ao 16,6 por cento, sendo unha das comunidades máis baixas; seguros privados moito máis altos cando vostedes gobernaban que os que temos agora. Primeiro dato.

Barómetro do CIS —por certo, que a señora Pontón falaba esta mañá del—: o 84 por cento dos galegos no ano 2022 escollerían a saúde pública para un ingreso; no ano 2008 —citado por vostede varias veces—, o 75,2 por cento; un 10 por cento máis dos galegos escollerían hoxe a sanidade pública para un ingreso que no ano 2008.

Con estes datos, ¿alguén é capaz de soste que queremos cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria? Iso escoitámolo moitas veces, especialmente en Vigo, recordo, cando se construíu o Cunqueiro, onde fixeron exactamente o mesmo que están a facer agora. ¿Acaso quería facer o seu Goberno co que había máis sanidade privada? E non teñan a tentación de dicirme que iso foi hai moitos anos; como digo, vostedes acaban de referirse a el varias veces.

¿Por que a líder do partido que convoca unha manifestación dicindo que esta Xunta recorta e privatiza xa estaba neste parlamento apoiando os orzamentos dunha Xunta que destinaba menos orzamentos á sanidade pública e que incrementaba un 50 por cento os fondos para os concertos —neste caso, concertos coa privada— e co que había moitos máis galegos con seguro sanitario privado —insisto, como di a patronal dos seguros—? Todo isto sucedeu en Galicia co aplauso e co voto da señora Pontón a aquel goberno, que non sei como cualificaría se chaman o que chaman o actual.

Sobre a planificación para a atención primaria, coñecen perfectamente o Plan por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde, aprobado no ano 2019. Foi o seguimento deste documento estratéxico, xunto coa creación das áreas de xestión integrada, o que fixo posible que onde antes tiñamos dúas estruturas que competían entre si hoxe traballen xuntas e perfectamente interconectadas e comparten recursos humanos e asistenciais. Por exemplo, os profesionais de atención primaria poden solicitar as mesmas probas básicas de laboratorio e de imaxe que o que poden facer os profesionais de hospital. E, grazas tamén á nova historia clínica electrónica, os profesionais de primaria poden realizar interconsultas co especialista, algo vital para os pacientes crónicos, evitando desprazamentos e aforrando tempos de diagnóstico.

Contamos tamén coa aplicación dos plans locais de saúde, instrumentos de planificación a nivel local elaborados polos propios profesionais neste caso de atención primaria, o que significa darlles autonomía e protagonismo. Xa contamos con 43 plans locais de saúde, que be-



nefician máis de 36 concellos. Grazas a esta proposta da Xunta, Galicia conta, por exemplo, con fitos como ter o que foi premiado como o mellor centro de saúde de España durante seis anos a nivel estatal, o centro de saúde da Estrada. Esa debe ser a atención primaria desmantelada da que fala o Bloque Nacionalista Galego. Por certo, este ano estenderemos eses plans locais de saúde ao 50 por cento dos servizos de atención primaria de Galicia.

Fan vostedes tamén referencia á necesidade dun plan de ordenación de recursos humanos. Este plan estase a negociar na mesa sectorial cos representantes sindicais, como saben vostedes perfectamente. Hoxe mesmo está habendo unha reunión para seguir avanzando nese plan de reordenación de recursos humanos.

Pero, miren, segundo a Federación de Asociacións de Defensa da Sanidade Pública —un dos seus guías e gurús—, a nosa Comunidade é a segunda que menos profesionais de medicina de familia ten que superen as 1.500 tarxetas —a segunda—. Ou, por outra banda, no informe do ministerio —que non lles debe gustar moito— Galicia figura como a terceira comunidade autónoma con máis médicos de atención primaria por 100.000 habitantes. Isto é indicativo de que o cadro de facultativos que ten o Sergas está ben dimensionado.

O problema, señorías do BNG, é que non podemos cubrir as baixas nin as xubilacións, porque as listas de contratación están a cero, como o estaban, por certo, no ano 2009 tamén. Porque todos os profesionais de medicina de familia de Galicia que estean dispoñibles xa están cun contrato de traballo na nosa Comunidade. Polo tanto, para cubrir estas ausencias necesitamos máis persoal dispoñible. Por iso demandamos insistentemente ao Goberno central que modifique eses requisitos do proceso MIR e nos permita formar máis médicos de familia. E por iso pedimos tamén ampliar a idade de xubilación dos médicos ata os 72 anos, exactamente igual que o que pasa cos xuíces.

E, mentres o ministerio segue de brazos cruzados, ¿que fai este goberno? Pois chegar a acordos cos sindicatos. Dende o verán pasado, como coñecen, temos un acordo unánime coa mesa sectorial, co que aplicamos medidas retributivas e de recoñecemento de mellora para a atención primaria, para compensar o seu persoal por ese traballo extra que están a facer mentres dure este déficit de especialistas, cun investimento de preto de 4 millóns de euros. Duplicamos os conceptos retributivos vencellados ao illamento e aos postos de difícil cobertura. Incrementamos o prezo da intersubstitución, ata chegar ao 100 por cento das retribucións fixas do persoal ausente. Igualamos as retribucións das prolongacións de xornada, tanto en primaria, para igualalas —como digo— ás de atención hospitalaria. E facilitamos un sistema de repartición de pacientes no caso de vacante do médico habitual, cun máximo de 300 cartillas, cunha prestación adicional dunha xornada de catro horas e media en turno de tarde e unha retribución adicional de ata 12.000 euros por facultativo ou a parte proporcional.

A isto chega a Xunta, a acordos cos representantes sindicais dos profesionais sanitarios, de xeito unánime. Eles, a diferenza de vostedes, son conscientes desa escaseza de profesionais e por iso son capaces de chegar a acordos positivos para o sistema público de saúde. A eles quérolles agradecer hoxe aquí o seu sentido de responsabilidade e o seu compromiso, que busca solucións ante o déficit de facultativos. (*Aplausos.*)



Unha vez máis, vostedes non son capaces de aceptar que, elección tras elección, os sitúen a vostedes na oposición e renoven o apoio a este goberno, probablemente nas últimas eleccións recoñecendo o excelente traballo que fixo o sistema sanitario público galego durante a pandemia. Por iso intentan vostedes por todos os medios construír un relato que ten como obxectivo criminalizar —e só teño que referirme ás últimas frases da súa intervención— este goberno e intentar obter un rédito electoral nas vindeiras eleccións municipais.

Parece mentira que a voceira do BNG, sendo de Cambados, non se decate nin do que pasa no seu concello. Acabamos de incorporar 3 médicos fixos novos en Cambados. Acaba de dicir vostede que a praza fixa en propiedade non é unha condición laboral boa, que pode ser mellor. Ben, pois no seu concello 3 médicos fixos novos, en total 11 na comarca do Salnés, que van facer ademais 22 gardas de PAC. Se a actitude deste goberno é —como vostede o cualifica— propoñer enriba da mesa propostas e solucións reais á falta de facultativos, ¿como cualificaría vostede a actitude de quen vota en contra de ter máis médicos no seu propio pobo?

En Galicia incorporamos máis de 100 novos facultativos fixos —deses que vostede di que non melloran as condicións— en postos que antes quedaban vacantes en sucesivas OPE e en concursos de traslados e que ademais contribúen á cobertura de atención nos seus PAC de referencia con esas dúas gardas ao mes; en total, 212 gardas de PAC máis que é posible. Médicas e médicos algúns deles de fóra de Galicia e outros que acaban de rematar a súa formación. Póñanme o exemplo, señores do BNG, dalgunha comunidade autónoma na que un médico poida rematar a especialidade e conseguir unha praza fixa no mesmo ano de rematar. En Galicia si se pode, iso si, co voto en contra do BNG.

E, como xa dixo o presidente, este ano repetiremos este proceso, tanto para medicina de familia como para pediatría de primaria. Por certo, unha cuña: nos centros de saúde, ademais de pediatras, hai médicos de familia especializados en pediatría, que non deben coñecelo moi ben vostedes; a súa portavoz entendo que non, pero vostede vexo que tampouco.

Aprobamos, como digo, unha Lei de prazas de difícil cobertura, que obtivo de novo —¡como non! — o seu voto en contra. Díciame no pasado pleno a señora Rodil que vostedes non enganar a ninguén e que a xente que se achega ao seu centro de saúde ve que faltan médicos. Efectivamente, nós levámolo dicindo moito tempo: faltan médicos. O que pasa é que a esa xente o BNG sobre ese problema de falta de médicos non lle di que está a suceder en todas as comunidades autónomas de España, mesmo nas que gobernan os seus socios, como en Cataluña, por exemplo. E a esa xente o BNG tampouco lle di que a Xunta e o Goberno vasco, e o Goberno catalán e outros catro gobernos máis, pediron medidas ao ministerio para resolver ese problema e que o BNG votou en contra, ¿verdade? Nin o BNG lles vai dicir aos veciños de Ribadeo, Vilalba, Viveiro ou Xermade e a onde chegan novos médicos con praza fixa que chegan co voto en contra do Bloque, ¿verdade?

Pois, se non o din, enganan, e por iso imos dicilo nós, para que saiban todos os galegos e galegas que este cento de novos médicos serán fixos a pesar do que vostedes votaron para que non fora a adiante esta medida. (*Aplausos.*) Porque nunca deixarán que unha boa medida lles fastidie algunha das proclamas coas que sacar unha foto na cabeceira da manifestación.



Miren, señores do BNG, se a calquera persoa de boa fe a convoca a unha manifestación porque di que non hai médicos por culpa dos recortes da Xunta, por suposto, irá —incluso eu mesmo iría—. Pero se logo sei que a Xunta está no seu récord histórico de investimento en atención primaria, comezaría a dubidar; e se vexo que o resto de comunidades autónomas están na mesma situación, empezaría a sospeitar que o problema non é de falta de cartos, senón de profesionais a quen pagarlles eses cartos. E, dende logo, cando me contasen que o mesmo partido que me convoca á manifestación foi o único partido nacionalista que votou no Congreso en contra das medidas para formar máis médicos de familia, incluso me enfadaría. E, aínda máis, se ademais son dunha vila, de Cambados ou de Viveiro, onde sufrín a falta de médicos, e sei que os que incorporan agora en praza fixa tiveron o voto en contra do mesmo partido que me chama a manifestarme, enfadaríame aínda máis. Non tomen a cidadanía galega por parva.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, señor presidente.

Señor Comesaña, a súa intervención pon unha cousa de manifesto: que están moi nerviosos, que están tremendamente nerviosos. (*Aplausos.*) Porque, claro, que o conselleiro dun goberno que leva catorce anos gobernando veña aquí soamente facer de oposición é sintomático do que está pasando. E vostede pode poñerse aquí como queira, pode vir dicir... E a verdade é que foi tremendo, ir ao Salnés precisamente, á área sanitaria de Pontevedra e O Salnés —ou sexa, o quilómetro cero—, onde levamos meses sufrindo centros de saúde sen médicos, PAC sen médicos, sen pediatría e as urxencias colapsadas, e vostedes van alí dicirlles que lles están poñendo novos médicos; non, están intentando que haxa os médicos que non había, que non é poñer novos médicos, (*Aplausos.*) ¡que non é poñer novos médicos!

E xa que escoito aquí de fondo a señora Amigo, pois si, tivo a valentía de ir ao Salnés dicir que «*esto está estupendísimamente, todo el mundo está muy contento*». Si que hai que ter valor, sinceramente, eu recoñezollo, hai que ser xustas, e eu recoñezolle que teñen bastante valor.

Vostede diga o que queira. A atención primaria en 2023 non chega nin a 100 millóns de euros absolutos. Que catorce anos despois, señor conselleiro, e coas necesidades en aumento, xa me dirá vostede se iso é para quitar peito dicindo que hai máis orzamento. Xa lle dixen cal é a realidade: menos no PIB e menos no orzamento global. Pero, ben, vostedes sigan así.

Eu o que lles quero dicir é que, miren, non conseguen tapar a lúa cun dedo, non o conseguen, e cada vez son miles e miles os galegos e as galegas que xa non cren nada do que vostedes lles din, que se están dando conta de que, en vez de ter un goberno, simplemente teñen comentaristas que poñen todo o seu esforzo, en vez de solucionar os problemas, en buscar a quen botarlle a culpa.



E así non se solucionan os problemas. Os problemas soluciónanse remangándose, non mentindo e asumindo a realidade. E iso é o que non fai o Partido Popular. E por iso son miles os galegos e as galegas que ven xa con claridade o que está acontecendo; por iso máis de 50.000 asinaron a ILP de SOS Sanidade Pública, que se vai debater neste parlamento. E o vindeiro domingo Compostela vai ser un clamor de galegos e galegas exixindo sanidade pública, (*Aplausos.*) exixíndolle rectificación, exixíndolle que rectifique, señor conselleiro, exixíndolle ao Partido Popular que rectifiquen, que deixen de atacar a xente que se mobiliza, que deixen de atacar a xente que se organiza para defender a sanidade pública, para defender o dereito a ter unha sanidade pública que nos iguala a todos cando temos necesidade desa atención sanitaria e non en función da carteira que teñamos.

E a xente estao sufrindo nas súas carnes. Eu acabo de darlle aquí os datos: case o 40 por cento da poboación espera máis dunha semana; eses son datos do barómetro, do que vostede vén aquí presumir; 50.000 galegos e galegas aos que non se lles está facendo o seguimento das súas patoloxías, e cando non se lles fai seguimento, cando se piden probas e se tardan meses, cando é necesaria unha intervención e se tardan meses ou anos —insisto—, denunciado pola poboación nos medios de comunicación, denunciado pola Valedora do Pobo —non, dende logo, do Bloque Nacionalista Galego—, as consecuencias están aí.

E agora dígolle os datos concretos: unha sobremortalidade en Galiza de 33.332 persoas no 2022, cando no 2020, en plena pandemia, foi de 1.400, cando no Estado no 2020 foi de 33.000 e agora está en menos da metade, en 33.000. En todas as comunidades autónomas ou na inmensa maioría esta é a tendencia. ¿Por que en Galiza non? ¿Vostede non terá que facer ningunha reflexión, señor conselleiro? ¿Non terá que analizar por que está pasando isto coa súa poboación, cando vostede é responsable de coidar a súa sanidade? ¿Non terá que facer ningunha reflexión? (*Aplausos.*) Porque vostede é responsable de dar resposta aos problemas de saúde dos galegos e das galegas, de que non pasen estas cousas.

E mire, o BNG leva vindo aquí a este parlamento a presentar alternativas, por activa e por pasiva, e votando sempre en contra o Partido Popular. Que aumenten o orzamento, que incorporen novos profesionais, equipos multidisciplinares, psicoloxía clínica. Vostede riuse aquí de min varias veces dicindo: cos nutricionistas imos solucionar os problemas de primaria, e logo resulta que fan titulares de prensa dicindo: estamos incorporando nutricionistas. Claro que si. (*Aplausos.*) Nutricionistas, podólogos, especialistas que axudan a ter unha mellor asistencia sanitaria e desconxestionan. Si que hai alternativas.

Mire, nós, consecuencia desta interpelación, imos presentarlle —mire (*A señora Prado Cores mostra un documento.*)— todas estas alternativas. E podíamos poñer máis. Si, unhas novas, outras que levamos presentando aquí. ¿E quen vota en contra? O muro do Partido Popular. ¿Por que? Porque non quere solucionar os problemas. Porque cunha atención primaria resolutiva, que atenda en tempo e forma, baixarían probas diagnósticas, baixarían as probas caras e teríamos moita mellor sanidade, moita mellor atención. Pero iso non é o que busca o Partido Popular, que leva catorce anos entusiasticamente facendo todo o posible para poñerlle a alfombra vermella á sanidade privada, todo o posible para deteriorar a sanidade pública e que a xente teña que ir á sanidade privada.



Non só cos seguros, senón que vostede oculta un dato aquí, señor conselleiro. ¿Cantos cartos do bolsillo quita cada galego e cada galega, cada familia, cada ano para pagar servizos sanitarios directamente que antes non pagaba? En aumento cada ano. E as familias galegas, ademais, non aumentan tanto os seguros. ¿Por que? ¿Vostede sabe cales son os salarios e as pensións en Galiza? ¿Vostede cre que a maioría da poboación galega, cos salarios e as pensións que ten, pode pagar un seguro? E vostede quita peito dicindo que aquí é onde medran menos os seguros. Deberían quitar peito para poñer medidas para que a xente tivera un salario e unhas pensións dignas que lle permitiran ter cartos, que non é o que fan vostedes. *(Aplausos.)*

Polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...señor conselleiro, señores e señoras do Partido Popular, rectifiquen, deixen de crear un relato fraudulento e póñanse a traballar para darlles unha sanidade pública aos galegos e ás galegas digna e de calidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Peché da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

No anterior pleno deste parlamento, no debate da miña comparecencia, fun instado a cultivar as rosas brancas. Exactamente dous días despois unha voceira da oposición da Comisión de Sanidade dixo textualmente aos galegos: «En lugar de goberno, teñen unha panda de psicópatas». Non sei que concepto teñen das rosas brancas na comarca do Salnés.

E por iso quero facer esta reflexión sobre o que vale e o que non vale. Despois, ademais, de acabar de escoitala, os seguros privados antes eran a xustificación para dicir que a sanidade galega ía moi mal; agora non, os seguros privados non; como non soben, resulta que o problema son os cartos do peto.

Ben, digo que me gustaría facer unha reflexión sobre o que vale e o que non vale.

Teño que agradecer á presidenta da Comisión 5ª que ela si marcasse o límite hai quince días e teño que agradecer ao voceiro do Grupo Popular, e á secretaria xeral e á voceira de sanidade do PP, que rexeitasen con claridade este tipo de cualificacións.

Pero semella un tema de importancia suficiente para que os demais grupos tamén se pronuncien. E, sorprendentemente, non o fixeron. E digo sorprendentemente porque é importante lembrar dous precedentes.



Hai algo máis dun ano puiden escoitar aquí nun debate neste hemiciclo como, facendo unha alusión a unha posible crise de ansiedade —que, por falar en termos sanitarios, unha crise de ansiedade é un problema de saúde que pode sufrir calquera persoa relacionado cunha situación de estrés—, pois a reacción da voceira do Bloque naquel momento, a señora Pontón, foi: «Eu non vou entrar na súa indignidade. Pensaba que vostede tiña límites, pero vexo que vostede é unha persoa que non ten límites. Dende logo eu non vou entrar na súa indignidade, na súa descualificación nin no insulto nin no ataque persoal». Isto dito pola portavoz do Bloque ante unha suxestión dunha crise de ansiedade.

Esta manifestación, ademais, recibiu posteriormente o respaldo do voceiro socialista, o señor Álvarez. «Señora Pontón, lamento que teña vostede que escoitar estas cousas, porque me parecen absolutamente indignas dun debate público medianamente educado».

Ben, pois estes dous voceiros que cualificaron de indigno ese ataque persoal, facer unha referencia a unha crise de ansiedade, teñen decidido que, non obstante, a cualificación de «psicópatas» —que neste caso se refire, como vostedes saben, a un trastorno psicolóxico da personalidade, no ámbito da saúde mental— non merece reproche ningún nin, por suposto, nada se vai en contra da Xunta ou do Goberno do PP. É dicir, a primeira conclusión é que se Bloque e o PSdeG seguen a negarse a rexistrar o uso de cualificativo «panda de psicópatas» cara a este goberno, quedan na miña opinión definitivamente deslexitimados para poder exixir ningún tipo de límite nas que se dirixan cara a eles ou volver queixarse dun insulto. *(Aplausos.)*

Segundo antecedente. En xaneiro deste ano o voceiro do Grupo Socialista fai a seguinte reflexión nunha rolda de prensa: «Hai que ter moito coidado coas cousas que se din, non vale todo, a crispación social nunca conduce a nada bo. As palabras non son inocuas e serven para crear un caldo de cultivo en determinados sectores».

E onte mesmo a señora Rodil pediu a un deputado retirar unha expresión, e cito textualmente: «polo respecto que lle teño a vostede e que vostede non ten nin por min nin polo meu grupo político». Veremos hoxe se é certo, porque se o BNG e o PSOE seguen a negarse a rexeitar o uso do cualificativo «panda de psicópatas» cara a este goberno, teremos que entender que buscan alimentar esa crispación social e que non teñen ningún respecto por este goberno. *(Aplausos.)*

¿Que caldo de cultivo queren crear vostedes nas manifestacións que convocan e que promoven contra a Xunta despois de tachar de «panda de psicópatas» a este goberno? Nós respectamos sempre a discrepancia, a protesta e a oposición. Todo o mundo ten dereito a ter propostas alternativas, incluso manipulando e dándolles voltas aos datos, e ter tamén dende logo unha visión distinta da política sanitaria. Ao que non ten dereito é a utilizar determinados exabruptos contra quen pensa distinto. E por iso quero facer unha apelación directa, citando a señora Pontón e o señor Álvarez, para que, como responsables dos seus grupos, se pronuncien sobre cales deben ser os límites do debate neste parlamento e se o que dixo a señora Prado entra dentro deses límites.

Fago un xuízo de valor evidentemente sobre vostedes que é directo. Se non rexeitan estas palabras, estarán a tolerar e a amparar o discurso do odio e da crispación. *(Murmurios.)* Es-



taría encantado se piden a palabra por alusións para corrixirme e desmarcarse do dito pola súa compañeira.

Rematando coa súa intervención, señora Prado, cando vostede falaba de nutricionistas, nós diciámoslle: mire, señora Prado —con todo o cariño—, os nutricionistas non van arranxar o problema da sanidade pública. Vostedes, o Bloque, teñen convocado unha manifestación o vindeiro domingo a pesar de ter incorporado 93 nutricionistas en atención primaria. Polo tanto, os nutricionistas non arreglan o problema da atención primaria, señora Prado. Recoñezao. É así, é así.

Tampouco arreglan o problema da atención primaria os 70 equipos que temos posto en marcha de enfermería familiar e comunitaria que está indo aos domicilios. Por certo, hoxe mesmo escoitamos que para a plataforma SOS Sanidade Pública, o seu elemento de cabeceira, iso non é atención primaria. Ir enfermeiras aos domicilios dos pacientes, para SOS Sanidade Pública, non é atención primaria, porque as enfermeiras non poden facer nada nos domicilios. Fala vostede deses 50.000 pacientes aos que imos aos seus domicilios. Mire, imos porque eles non viñeron ao centro de saúde, simplemente por iso. Como non viñeron, nós chamámoslos. Teñen diagnósticos concretos e imos atendelos.

Fala vostede da taxa de reposición. Mire, non se entera. En atención primaria nin unha praza deixou de cubrirse pola taxa de reposición; iso é no ámbito hospitalario; en atención primaria, dende logo non.

E agora saca vostede a idea do recurso á porcentaxe do PIB. Ben, hoxe hai unha novidade importante. Recoñeceu que o presuposto deste ano en atención primaria é 100 millóns de euros máis que o que tiñan vostedes; iso si, descontando o IPC. Xa gañamos algo. Ou sexa, cando o domingo convoquen a xente que vaia á manifestación díganlle: non, non é certo que teñamos menos recursos; este goberno ten 100 millóns de euros máis que cando gobernabamos nós; iso si, co IPC. De verdade que menten permanentemente.

Pero xa unha cousa que para min case é tan grave como o de «panda de psicópatas» é o uso que están a facer —e hoxe escoiteino xa tres veces— da mortalidade. Señora Prado, señora Pontón, que o usou esta mañá, lean o informe, comparen os datos de Galicia co resto das comunidades autónomas. Non hai máis que ler o *Faro de Vigo* hoxe mesmo, onde di que Galicia non é das comunidades onde máis sobe. Ao mellor o incremento da mortalidade en Aragón, en Extremadura ou noutras comunidades tamén é culpa do Goberno do PP. Sexamos un pouquiño serios coa mortalidade. É unha estimación de mortalidade e Galicia non é a que peor sae; ao mellor sae peor algunha outra comunidade, igual sae peor.

En todo caso —insisto—, (*Murmurios.*) falar de dor, sufrimento e morte, señora Prado, é case tan destacable e tan rexeitable como falar de «panda de psicópatas». Por favor, rectifique dunha vez, señora Prado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.



(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

Si, señor Álvarez. ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Entendo que, polas repetidas alusións que o señor conselleiro acaba de facer á miña persoa, non necesito tan sequera xustificar diante deste hemiciclo o motivo; e, polo tanto, por alusións.

Mire, señor conselleiro, nós somos responsables das cousas que dicimos e non somos responsables das cousas que din outros grupos políticos nin outras persoas.

En todo caso, eu persoalmente xamais lle chamaría «psicópata» nin «panda de psicópatas» a ningún colectivo, nin fóra deste hemiciclo nin dentro deste hemiciclo. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

En todo caso, eu tamén o agradezo, e vanme permitir que eu, que fun director dun hospital psiquiátrico... (Murmurios.) Perdoen, sei o dano que fai... (Murmurios.), sei o dano que fai a utilización, por todos... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) —non estou falando de ninguén, por todos—, de utilizacións... Sei o dano de utilización deste tipo de linguaxe, o dano que fai ás familias dos enfermos mentais. E despois falamos de estigmatización. Iso é unha forma de estigmatizar. Por iso eu pídolles que, por favor, se comporten nese tema.

Moitas grazas.

Continuamos.

Interpelación de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Hoxe traemos aquí esta interpelación, señor conselleiro, que no fondo é un debate sobre o aborto. Entendo que é un debate incómodo e ademais comprometido tamén para o Partido Popular, porque toca de cheo postulados ideolóxicos e diría tamén que dilemas éticos, nos que —seguro— esquerda e dereita non nos imos atopar nunca, pero, de verdade, que non é hoxe esta pretensión en absoluto, dende o respecto.

O debate é que, sendo este, o dereito a interromper, que as mulleres interrompamos voluntariamente os nosos embarazos, un dereito recoñecido non só pola nosa propia lexislación, senón tamén polos organismos internacionais de maior crédito, a lei debe cumprirse.



E diante do que aconteceu hai unhas semanas —e por iso traemos hoxe isto aquí, si que hai que contextualizalo— en Castela e León e do silencio ademais do Partido Popular do señor Feijóo e as idas e vidas tamén do presidente Rueda, das que falarei agora, entendan a nosa preocupación sobre esta cuestión.

Nós queremos saber como van desenvolver esta lei que será aprobada en breve no Senado cunha maioría na que non estará, por suposto, nin a dereita nin a ultradereita.

Por facer algo de historia. Como saben, o aborto no Estado está regulado pola Lei orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, que substitúe a de 1985, que era coñecida como a lei de supostos e que foi recorrida polo Partido Popular no Tribunal Constitucional. Si que aínda non existe pronunciamento, pero, ben, sabemos que é inminente, e ademais hoxe, hai uns instantes, coñeciamos informacións moi recentes, esperanzadoras afortunadamente.

No ano 2015 o Goberno de Mariano Rajoy modificaba esa lei para obrigar a un permiso paterno ou materno, ou algunha titoría dalgún tipo, para as menores, as mulleres menores de 16 e 17 anos e para as mulleres con discapacidade; unha decisión, ademais, que foi amplamente criticada por convencións internacionais e por organismos como as Nacións Unidas.

O actual Goberno do Estado, o de agora, o encabezado por Pedro Sánchez, presentou nesta lexislatura unha nova reforma da vixente lei, que o pasado decembro conseguía a aprobación do Congreso dese texto lexislativo, por suposto tamén co voto en contra da dereita e da ultradereita, que devolve ás mulleres de 16 e 17 anos e ás que tamén teñen algunha discapacidade o dereito que temos a abortar sen consentimento de ningún tipo de titor ou titora.

No período de emendas, o PP rexistraba unha emenda de devolución do texto sen tan sequera presentar un texto alternativo; unha cousa importante que, lóxica e afortunadamente, non progresou.

A esta nova reforma temos tamén —por falar do mesmo ámbito— que sumar esta Lei orgánica 4/2022, para penalizar o acoso ás mulleres que acoden ás clínicas para interromper voluntariamente o seu embarazo, de novo, como dixemos xa onte, co voto en contra do Partido Popular e da ultradereita.

Volvo ao principio. Como colofón a todo isto e diante da inminente aprobación desa reforma da actual lei, o Goberno de Castela-León, encabezado polo Partido Popular, anunciaba hai unhas semanas o protocolo infame para coartar o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo.

A propia Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia falaba de «tortura»; falaba de «tortura ás mulleres». E a cuestión é que, diante desta infamia —porque non ten outro nome—, a resposta do Partido Popular foi o silencio. O señor Feijóo, de feito, tardou catro ou cinco días en pronunciarse. Ben, o silencio, pero tamén o titubeo ou as posturas, dende logo, nada contundentes de apoio aos dereitos das mulleres. Certo que ao final desta semana o señor Rueda desdiciase das súas anteriores palabras nas que bendecía o protocolo de Vox



e aseguraba que si. El dicía ao comezo desta semana que ese protocolo respectaba o dereito das mulleres e profesionais sanitarios e aseguraba que... Isto era o que dicía a comezos da semana, pero si que é certo que despois se desdicía, asegurando que en Galicia si se cumpriría esta lei.

Nós, no PSdeG, diante desta preocupante indecisión do partido que tamén goberna en Galicia, queremos interpelalo para saber cal vai ser a posición do actual Goberno a respecto desta cuestión e desta inminente lei. Lembremos que a interrupción voluntaria do embarazo é un dereito que temos nós, as mulleres, e que non é máis que a capacidade de decidir sobre os nosos corpos. Non é máis, non hai máis debate. Non o hai, porque, ademais, é unha conquista da loita feminista, e hoxe é algo, ademais, que está máis que recoñecido por toda a sociedade. Non existe debate acerca desta cuestión. Por iso a nós nos asusta ver como poden volver pantasma do pasado a discutir algo que, como digo, hoxe non está en cuestión.

A nós preocúpanos, certamente, que o noso goberno non resolva os problemas que temos as mulleres —e témolos— que queremos abortar na sanidade pública galega; algo ao que temos dereito pero que, dende logo, non está garantido en todo o noso territorio, como vostede tamén sabe. Aclaro que esta modificación, por certo, da lei de 2010 ten moito máis alcance que o propiamente restrinxido á interrupción voluntaria do embarazo, pero hoxe aquí o que nos trae é esta cuestión.

¿De que falamos? ¿Cal será ese novo marco normativo? Ademais do que xa explicamos, prevé que a rede pública sexa de referencia para que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio, para o que as comunidades autónomas —di expresamente a lei— deberán organizar os seus recursos. Sabemos que isto non é novo —isto non é novo, xa estaba tamén na lei agora mesmo vixente, pero non está de máis recordalo—, e permitirá ás mulleres tomar libremente as decisións que atinxen á interrupción do seu embarazo, como pode ser a elección do método, ou elimina tamén o período actual de reflexión de tres días, así como a información previa obrigatoria.

Esta lei tamén establece que a píldora do día despois será de acceso gratuíto nos centros de saúde e nos futuros centros públicos —dos que aínda tampouco sabemos nada— de atención especializada en dereitos sexuais e reprodutivos, que haberá que fomentar a educación e sensibilización relativas aos dereitos sexuais e reprodutivos, e fala de algo moi importante, da creación dun Rexistro de Obxectores de Conciencia e da prohibición de subvencionar entidades antiabortistas.

Pois ben, coñecidas estas cuestións máis cruciais —evidentemente, xa digo, hai máis, pero xa haberá tempo de traelas, en todo caso, en futuras ocasións—, nós queremos saber cal é realmente a postura..., non tanto a postura, senón a dilixencia que vai ter o noso Goberno, unha vez que se aprobe en menos dun mes —falamos case de quince días— a modificación lexislativa que nos vai devolver a nós, ás mulleres —ás máis novas tamén e ás que teñen algunha discapacidade— o dereito a decidir libremente sobre os nosos corpos e, por suposto tamén, a facelo con todo o apoio da nosa Administración autonómica. Queremos saber cal vai ser —como dicía— esa dilixencia, porque, por exemplo, a nova lexislación mantén, como dixeran, que será a rede pública de referencia para que as mulleres que deciden abortar poidan



facelo nun centro público. Repito, nada novo. Pero nós preguntámoslle como vai artellar este asunto, tendo en conta que hoxe hai áreas sanitarias —e vostede sábeo ben— nas que non se práctica ningún aborto. Por iso, preguntamos se está previsto algún mecanismo de control novo ou de seguimento do seu cumprimento para que a partir de agora iso si poida ser unha realidade. De ser afirmativa a resposta, cal ou cales serían.

Queremos tamén saber e que nos explique —e isto é algo que xa trouxen aquí, a este Parlamento, eu mesma— que vai pasar agora coas entidades antiabortistas instaladas no noso país con subvención da Xunta de Galicia, e grazas, por certo, á lei Feijóo, esa lei do ano 2010 que regula unha rede de apoio á muller embarazada, que, en realidade, o que supón é a protección con fondos públicos dunha rede de entidades antiabortistas. Son estas entidades as que reciben a maior parte da subvención por parte da Secretaría Xeral de Igualdade e as axudas ás mulleres vulnerables. Non é pouco importante. Nós queremos saber se a lei que se aprobará de maneira inminente prohibe xa esta subvención, se vostedes van cumprir con este mandato da nova lei.

E tamén queremos saber que pasos ten previsto dar o Goberno galego para crear ese Rexistro de Obxectores de Conciencia, tendo en conta que ese é o principal, ou un dos principais —tamén hai outro, que é a liberdade das mulleres a escoller onde queren abortar; falaremos, se quere, despois diso— argumentos esgrimidos por vostedes para xustificar a non realización da práctica dos abortos en moitos centros da rede pública. Por fin —¡por fin!—, a lexislación crea un rexistro de obxectores; por certo, tal e como, ademais, se creou para a Lei da eutanasia. Claro, porque o que non podemos facer é esquecer que a obxección de conciencia é un dereito individual, e, como tal, non pode declararse obxector un servizo completo dun hospital. Iso é o que non ten ningún sentido, porque é un dereito individual, e así está acontecendo. Nin tampouco pode ser, por exemplo, como aseguraba hai pouco un médico ourensán, presidente do Comité Deontolóxico do Colexio de Médicos de Ourense, Miguel Fidalgo, que a obxección sexa tamén oportunista; quero dicir, que hoxe me declaro obxector, mañá non me declaro obxector... Tamén a lei establece ben ese prazo de tres anos. Vostede entendo que o coñecerá ben.

E, xa para rematar, expoño unha ultima cuestión, que iso si que non estaba formulado nesta iniciativa, pero que lle rogamos, se pode ser, que nos dea unha resposta sobre iso. Vostedes advirten continuamente que os datos que achega o Ministerio sobre a interrupción do embarazo en todo o Estado non son datos fiables. Bueno, porque, efectivamente, son datos que se reciben, que son case voluntaristas —hai que cubrir ou entrar nunha determinada aplicación do Ministerio—. Din que non son fiables, pero, claro, vostedes tampouco fan públicos os seus, salvo algunha nota de prensa a comezos de ano, como puidemos ver hai pouco. E, claro, eu dígolle isto porque, para ter aquí un debate rigoroso e tamén para que a sociedade saiba e teña unha opinión formada —repito— e rigorosa sobre o asunto, estaría ben que os fixesen públicos. Nós hai practicamente un ano pedimos unha serie de datos a respecto desta cuestión. Era unha mancha de datos o que lle pediamos, e entendemos que, ademais, non debería haber ningún problema en dalos, pero o feito de que aínda non teñamos eses datos, un ano despois de telos pedido, quizais nos fai pensar que, ao mellor, teñen algo que ocultar, que hai, efectivamente, algo que non lles gusta, ou que non é axeitado, desde o seu punto de vista, facelos públicos.



Entón, quería, se pode, que me contestase tamén a esta pregunta.

Polo de agora, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi bo día, presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, quería agradecer, señor Álvarez —e ao grupo do Partido Socialista— a súa posición clara e rotunda sobre o establecemento dos límites no debate parlamentario, polo menos no que ten que ver coa sanidade. Creo que iso é bo para a atención primaria, para a saúde pública e, en xeral, para a vida deste Parlamento. Agradézolle de verdade as súas palabras.

Señora Díaz, rexistra vostede unha interpelación bastante curiosa cunha mestura de preguntas de carácter ben distinto, pero vou tratar tamén, dende a máxima cordialidade, respondelas.

Por unha banda, introduce unha serie de preguntas sobre a opinión do Goberno galego respecto do aborto; cuestións nas que compartimos ou non determinadas manifestacións, e posiblemente sobre a lei vixente e a reforma en trámite. E, por outra banda, como querendo relacionar unha cousa coa outra, engade unha serie de preguntas sobre a garantía do cumprimento en Galicia da lexislación vixente ou da futura que poida entrar en vigor.

Mire, señora Díaz, non sei como funcionan os gobernos do Partido Socialista, pero neste goberno, sexa cal sexa a opinión sobre a lei, a posición é cumprila, e creo que o levamos demostrando nos últimos anos. Iso é así sobre a lei vixente e sobre calquera modificación que poida producirse nela. Polo tanto, a posición do Goberno galego sobre a reforma en trámite expresouse claramente nas alegacións que a Xunta remitiu no proceso de elaboración da lei, e a posición do partido que sustenta o Goberno galego tamén quedou claramente expresada nas emendas que rexistrou no proceso de trámite nas Cortes Xerais. Ata aí chega o posicionamento. E a partir do momento no que esa reforma chegue a aprobarse remata o posicionamento e pásase ao cumprimento, sen máis.

Teño que dicir, ademais, que o texto que coñecemos da reforma legal non implica para a Xunta practicamente ningún cambio no xeito no que se xestiona na sanidade galega a interrupción voluntaria do embarazo, porque a sanidade pública galega xa practica interrupcións voluntarias do embarazo nos seus propios centros nas sete áreas sanitarias. Este dato quero... Bueno, se me cre, doullo: a sanidade pública galega practica a interrupción do embarazo nas sete áreas sanitarias galegas.

En consecuencia, a única acción que a nova lei nos exixirá, como vostede ben dicía, é a creación dese Rexistro de profesionais obxectores de conciencia —individual, por suposto, ¡fal-



taría máis!—. Este é, precisamente, un dos puntos sobre os que alegamos, porque a nosa experiencia —e acabo de dicilo— vén demostrar que non é necesario ese rexistro para garantir a prestación. E como vostede vén dicía, temos a experiencia da Lei da eutanasia; non é preciso o Rexistro de Obxectores para garantir esta prestación.

Sen ter que elaborar este tipo de rexistros —dicía—, o Servizo Galego de Saúde é capaz de realizar interrupcións voluntarias do embarazo dentro do sistema público —repito— nas sete áreas sanitarias.

Non hai outro punto da reforma legal que implique á sanidade pública galega realizar actuacións que non estea a realizar xa. É especialmente rechamante que vostede formule preguntas como a seguinte: ¿garantirá o Goberno galego, a través do Sergas e en cada centro hospitalario público, facultativos que practiquen abortos, tal e como recolle a lei? Como lle dicía, o Goberno galego está xa garantindo iso en todas as áreas sanitarias. Pero é que, ademais, a lei da que vostede fala en ningún caso recolle esa obriga. Léolle textualmente a nova redacción do artigo 18 da Lei orgánica de interrupción voluntaria do embarazo, segundo a versión que agora mesmo temos en trámite no Senado: *«Las usuarias del Sistema Nacional de Salud tendrán acceso a la interrupción voluntaria del embarazo en condiciones de igualdad efectiva. Las administraciones sanitarias que no puedan ofrecer dicho procedimiento en su ámbito geográfico remitirán a las usuarias al centro de servicio autorizado para este procedimiento, en las mejores condiciones de proximidad de su domicilio, garantizando la accesibilidad y la calidad de la intervención y la seguridad de las usuarias»*. É dicir, con esta reforma legal na man non existe obriga para o Servizo Galego de Saúde de que teñan que facer interrupción voluntaria do embarazo nin sequera en toda Galicia. Abre a porta a ir fóra do noso ámbito xeográfico. Esta é a reforma que se está plantexando agora mesmo; unha escapatoria legal que, como lle digo, Galicia non precisa, porque non imos mudar. ¡Tranquilos, que non imos mudar o criterio! Imos seguir ofrecendo a interrupción voluntaria do embarazo en todas as áreas sanitarias. Pero a reforma, precisamente, abre esa porta. Seguramente porque a algunhas comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista lles vén ben: por exemplo, á Rioxa, que non practica dentro do seu territorio ningún aborto que non sexa por causas médicas; por exemplo, a Aragón, que non ofrece interrupcións voluntarias do embarazo en ningún centro público e deriva as mulleres de Huesca e Teruel a unha clínica privada de Zaragoza ou de Valencia; por exemplo, a Extremadura, que tampouco ten posible esta prestación en ningún dos seus centros sanitarios públicos e deriva as mulleres a clínicas de Badajoz, de Salamanca ou de Madrid; ou, por exemplo, a Castela-A Mancha, que tampouco realiza interrupcións voluntarias do embarazo en ningún dos seus centros públicos e, segundo os datos do Ministerio de Sanidade, é a comunidade que obriga a máis mulleres a recibir esta prestación fóra da súa provincia de residencia. Seguramente por estas comunidades autónomas a lei di o que di: que, cando na comunidade autónoma non se pode garantir, se pode mandar ao sitio máis cerca posible.

Imaxino que estas comunidades, esta nova redacción, será un alivio, con este artigo que permite ás súas administracións sanitarias remitir as usuarias a centros fóra do seu ámbito xeográfico. Para Galicia, como lle digo, é indiferente, porque esta prestación, dentro do ámbito público, está nas catro provincias e nas sete áreas sanitarias. En concreto, podo detallarlle que, por debaixo das nove semanas de xestión, os centros de orientación familiar e os



centros hospitalarios do sistema público permiten a realización dos abortos farmacolóxicos nas sete áreas sanitarias. Entre as nove e as catorce semanas, os centros hospitalarios públicos de todas as áreas sanitarias realizan interrupción voluntarias do embarazo por procedemento instrumental. Entre as 15 e as 22 semanas, nun período no que a lexislación vixente só permite o aborto por causas médicas, os hospitais de cabeceira das sete áreas sanitarias e tamén algún hospital comarcal realizan estas interrupcións, ben sexa por procedemento farmacolóxico ou instrumental. E, por último, nas interrupcións do embarazo superiores ás 22 semanas, que a lei só contempla por causas de saúde do feto, Galicia tamén garante a atención no sistema público; en concreto, existen dous hospitais de referencia en Galicia para este tipo de intervencións de alto risco, que son o Hospital público Álvaro Cunqueiro, de Vigo, desde o ano 2017, e o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, desde o ano 2019. É dicir, hai xa seis anos que Galicia garante, dentro do seu sistema público, mesmo as interrupcións do embarazo máis complexas, que noutras comunidades autónomas se derivan sistematicamente fóra do territorio.

Quero facer un recoñecemento moi especial a todos os profesionais que traballan neste ámbito, (*Aplausos.*) especialmente, no ámbito dos casos de por riba das 22 semanas. Por iso, tal e como establece a Lei orgánica de 2010, creáronse respectivos comités clínicos, formados por especialistas de xinecología e obstetricia e tamén de pediatría, que deben confirmar eses diagnósticos que avalan esta intervención. A lei exige que exista un comité clínico nun centro da rede sanitaria pública da Comunidade Autónoma; en Galicia —como dicía— dende o ano 2010 xa existe, e no ano 2019 —como dicía— decidiuse crear ese segundo comité.

En resumo, Galicia conta xa cos medios para ofrecer esta prestación dentro do sistema público en todas as áreas sanitarias e en todas as semanas de xestación e modalidades autorizadas pola lei. De feito, podo detallarlle que nos datos dos servizos de xinecología das áreas sanitarias galegas consta que no ano 2022, da totalidade de interrupcións voluntarias de embarazo que se solicitaron no Servizo Galego de Saúde, máis do 60 por cento se practicaron nos centros públicos e menos dun 40 por cento foron derivadas a outros centros, neste caso dous centros privados con autorización autonómica que existen en Galicia; sendo, por suposto, como non pode ser doutro xeito, o custo asumido polo sistema público. Trátase dunha porcentaxe que coincide coas de anos anteriores e que demostra que a sanidade pública galega está a garantir en todo momento o exixido pola lexislación vixente e que non necesitará cumprir ningunha obriga adicional derivada da reforma agora mesmo en trámite.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Si, señor conselleiro.

Por iso nós pediamos os datos, porque os datos tamén ás veces son moi perversos e están sometidos a interpretacións.



Claro, vostede di que están cumprindo a lei. Eu de verdade que teño as miñas dúbidas. En todo caso, non é tanto se a están cumprindo agora como se a van cumprir. Porque, mire, non en todas as áreas sanitarias, a pesar do que vostede diga, a maneira de proceder é a mesma. Unha cousa é que se poidan facer, pero non se están facendo. E a min o que me gustaría é que nos dese os datos de cantos abortos se producen en cada área sanitaria en centros públicos e cantos en centros privados ou concertados, que tampouco é o mesmo.

Xa o dixemos tamén no debate que tivemos aquí a proposta dunha iniciativa do BNG hai ano e medio neste Parlamento: hai áreas sanitarias nas que as mulleres si temos garantido —é certo— o noso dereito ao aborto na rede sanitaria pública, pero hai outras nas que non acontece o mesmo. ¿E de que depende? Depende da semana de xestación do embarazo, claro. Se na de Santiago todas as peticións que chegan á pública son atendidas —seino ben—, noutras decídese que os abortos medicamentosos, farmacolóxicos —ou sexa, os que non precisan de cirurxía—, si se realizan na pública, pero logo derivan ás concertadas as mulleres que están entre as 10 e 14 semanas de embarazo. Hai outra área sanitaria na que ás mulleres con embarazos de menos de 14 semanas nos dan a elixir se queremos que sexa un aborto farmacolóxico; e, se non o queremos, derivánnos a centros privados. Estes son os datos. ¿E iso que significa? Pois que novamente as mulleres galegas terán máis ou menos dereitos segundo o lugar ou a área sanitaria na que residan. Esta é a cuestión.

Agora, se vostede quere datos, eu tamén llos dou, porque vostede falou doutros gobernos, pero eu teño aquí outros. Mire, en Madrid —e que eu saiba non goberna a esquerda— practicáronse 2 abortos na pública de 15.188; en Murcia, 1 aborto de 3.267; e en Andalucía, 10 abortos —vai ao cumio— de 17.487. Esta é a realidade. (*Murmurios.*) E tamén lle vou dar outra: en Cantabria, o 67 por cento dos abortos practícanse na pública, e en Baleares, o 61,7 por cento. ¿Cantos son na pública? Por iso digo que é importante —¡moi importante!— que facilite —e a nós polo menos— eses datos que estamos pedindo. Porque así como o Ministerio ten uns datos... A vostede non lle gustan os do Ministerio, pero o Ministerio fala de que o setenta e moitos por cento de abortos en Galicia se practican nas clínicas privadas. Vostede di que non, que son 4 de 10. Son os seus datos. (*O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, nega coa cabeza desde o seu escano.*) Bueno, se nolos achega, eu estaría encantada de discutilos.

Por outra banda, di vostede que a nova lei —xa o dicía tamén doutra maneira antes— fala de que, evidentemente, se hai algún centro hospitalario nalgunha comunidade autónoma no que non se poden realizar eses abortos, por suposto, prevalece o dereito desa muller a poder facelo; e, entón, evidentemente, se non pode, terá que trasladarse a outra comunidade autónoma. Pero, bueno, vostede puxo exemplos de comunidades autónomas que teñen moi poucos recursos. Sacan peito todos os días aquí de que temos o mellor sistema sanitario público do Estado e de repente non temos recursos, non hai recursos. ¿Temos que desvialas ás clínicas privadas? Non ten ningún sentido. Déanos os datos de cantos en cada área sanitaria, porque aí radica a cuestión. Díganos cantos abortos se producen en cada área sanitaria da rede pública e cantos van a outros centros.

Hai outra cuestión importante, e é que aquí estamos falando só dos datos que temos da rede pública, pero saben vostedes que hai moitas mulleres que abortan en clínicas privadas, e isto tamén é responsabilidade súa. A lei, afortunadamente, agora vai obrigarlle a que se informe



na páxina web en sitio destacado, a que se dea información ás mulleres e a que se explique —e isto é algo que xa pediamos tamén nós en outubro do ano 2021—; a que se nos dea a información e a que se nos explique que temos ese dereito, que podemos practicar voluntariamente interrupcións do embarazo voluntarias no sistema público. As mulleres non o saben, e moitas delas non van, non se achegan a un centro público porque non saben que alí teñen ese dereito. (*O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, podo asegurarllo. Quero dicir que xa é unha cuestión... As que temos unha idade así máis ou menos nova e ademais somos mulleres sabemos ben en que marco nos movemos. Dígollo en serio, sabemos ben do que falamos.

E quedo sen tempo. Pero, bueno, como dicía, esta nova lei engade un artigo referido á información sobre a interrupción, ao posicionamento en internet de recursos públicos e itinerarios que faciliten a información necesaria para que esas mulleres poidan exercer o seu dereito.

Fala tamén dunha liña telefónica. Queremos saber como van vostedes poder asegurar o que xa debía ser unha responsabilidade antes e que agora vai ser un mandato lexislativo.

En todo caso, eu o que lle rogo é que, por favor, cando dea aquí datos, sexa rigoroso e os dea todos, ¡todos! Repítolle: se nos pode facilitar o dato das porcentaxes ou os números brutos de mulleres que en cada área sanitaria —é importante— abortan nos centros públicos e cantas nos centros privados ou concertados, estaría moito mellor, e así o debate sería, dende logo, moito máis xusto.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señora Díaz, bueno, entre as comunidades que repasei eu e as que repasou vostede, a conclusión é que Galicia é a campioa de España neste tipo de intervencións. Non, eu o que dicía e quería defender con isto é que Galicia está cumprindo a lei e que as interrupcións voluntarias do embarazo en Galicia se ofrecen no sistema público.

Vostede dicía que hai mulleres que non o saben. Eu, bueno, vou respectar, por suposto, a súa opinión e seguro que ten experiencias concretas, pero, de xeito xeral, eu creo que as mulleres galegas saben perfectamente o que poden facer.

Vostede dicíame —e supoño que é un erro— que temos que rexistrar ou que temos que ter información das mulleres que o fan no sistema privado. Mire, isto vai ser un pouco difícil. Vai ser un pouco difícil que unha muller que vai ao sistema privado e a propósito non vai ao público —porque hai xente que non vai a propósito ao público— dea esa información e que a poidamos incorporar, por exemplo, á historia clínica electrónica, ou cousas dese tipo. Iso vai ser bastante difícil.



Pero, bueno, deixando iso á marxe, sobre a información, eu volvo dicir o dato aquí, se lle serve: o 60 por cento das IVE que se practican en Galicia se fan no sistema público e un 40 por cento —como digo— no ámbito privado. Comprométome aquí a traer eses datos pormenorizados por área sanitaria.

Como sabe —vostede ben o dicía—, en Galicia temos dous sistemas de rexistro para as interrupcións voluntarias do embarazo. Por unha banda, está o que se remite ao Ministerio de Sanidade mediante un sistema de información epidemiolóxica que está implantado no ano 1986 —que vostede seguro que ben coñece—, que está regulado por unha orde dese mesmo ano e que require a realización en papel —en papel!— dun complexo cuestionario que exige solicitar á muller datos de carácter persoal, como, por exemplo, a súa situación laboral, familiar ou mesmo os seus ingresos. Por outra banda, o Sergas conta con todos os datos de actividade dos propios servizos de xinecología, e de aí é de onde sacamos os datos do 60 por cento e do 40 por cento; e eses datos, por certo, intégranse na historia clínica electrónica porque nos parece que é fundamental que esa información estea na historia clínica electrónica.

Efectivamente, temos constatado unha disonancia entre uns e outros datos, e temos detectado un importante nivel de infrarrexistro no sistema ministerial que ten unha explicación bastante sinxela. Este sistema si recibe todos os cuestionarios procedentes das clínicas concertadas. E aí non entendo a diferenza entre concertadas e privadas, porque, mire, son todas privadas, e facemos concertos con elas para remitir ese tipo de pacientes, porque todas as que mandamos as financia a sanidade pública. Digo que neses concertos que facemos con estas entidades é obrigatorio, por contrato, que fagan o rexistro do Ministerio, e por iso o fan practicamente todas; todas as privadas rexístranse. Con todo, os servizos de xinecología dos hospitais públicos teño que recoñecer que, polo seu volume de traballo e polas súas características —e precisamente por procesar ese nivel de burocracia—, non están a demandar toda a información ás mulleres. É un problema que, á vista dos datos do informe do Ministerio, ocorre probablemente na meirande parte das comunidades, e probablemente nalgúns das que teño comentado eu tamén haxa infrarrexistro no ámbito público.

Por iso, nós imos tratar de resolver ese problema, e xa en xaneiro do ano 2022 —hai un ano— creamos un rexistro dixital das interrupcións voluntarias do embarazo a través da historia clínica electrónica. Eses son os datos que me comprometo a traer aquí, pasado este ano 2022, para que vostedes poidan velos por área sanitaria. Non temos nada que ocultar nese sentido. Este sistema conta con todas as garantías de confidencialidade; por suposto, está dispoñible xa —como digo— dende xaneiro do ano 2022, e ten un carácter restrinxido para profesionais con permisos específicos para facelo.

O Goberno galego fixo, no eido sanitario, varias alegacións moi claras á reforma actualmente en trámite. Por unha banda, non consideramos razoable nin ben regulado o cambio ao respecto da non necesidade do consentimento dos titulares da patria potestade nos casos de menores de idade; é unha opinión asistencial desta consellería. Como comentamos no escrito dirixido ao Goberno, non parece razoable eximir deste consentimento unha intervención dunha menor que pode potencialmente ter complicacións que poidan xurdir durante o proceso e que poida acabar necesitando doutras intervencións complementarias non demorables legalmente, se se exixisen. No caso de menores, non se poderían facer sen que os seus representantes legais



asinasen autorizacións ou consentimentos informados. Pode darse así unha situación de desprotección dunha menor cuxa interrupción do embarazo se complique e sexa necesaria a rapidez desa autorización para realizar intervencións necesarias para preservar a súa saúde.

Tamén consideramos pouco apropiado eliminar o período de reflexión —tamén o dicimos— sobre esta intervención. A propia lei establece a obriga de proporcionar un volume de información importante, tanto dos distintos métodos como das condicións dispoñibles dos centros. A lexislación básica do consentimento informado prevé que o paciente en calquera intervención debe prestar o consentimento despois de valorar as opcións propias do caso á luz da información recibida. Cremos que este é o caso tamén.

En todo caso —se me permiten, xa axustándome ao tempo—, como dicimos, señorías, sabemos que ao Partido Socialista lle encanta este tema; seguramente —non o dubido— por unha xenuína preocupación polo benestar das mulleres, pero tamén, nunha parte importante, pola utilización electoral que cre que pode facer del. Por calquera dos dous motivos, teñan claro que en Galicia este asunto está zanzado, señora Díaz. Non vai haber ningunha modificación no xeito en que se está a levar a cabo a interrupción voluntaria do embarazo nesta comunidade autónoma. Nin a Xunta vai introducir ningún cambio nin o vai facer tampouco unha reforma legal que non engade ningunha prestación nova ás que xa se están ofrecendo na sanidade pública galega dende hai moitos anos.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión cunha alteración da orde do día. Pasamos á pregunta número 4.

Pregunta de D^a Noelia Pérez López e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde, señora conselleira.

Estaría ben que algún deputado das outras bancadas estivese atento a esta pregunta para que despois non veñan a esta tribuna do Parlamento, como vimos esta mañá, con discursos



sesgados, intencionadamente redireccionados e cheos de demagogia, aproveitando a escusa das traballadoras e dos traballadores galegos para falar un pouco de todo.

Señora conselleira, os datos que coñecemos no día de hoxe en relación co emprego da nosa comunidade, analizados no seu conxunto, amosan que as políticas de emprego postas en marcha pola Xunta de Galicia todos estes anos están a funcionar, e que están a funcionar as medidas e os programas deseñados polo Partido Popular de Galicia con e para o tecido produtivo galego, que están a chegar esas medidas ás empresas e que están a chegar ás pemes e aos autónomos.

Pero quería determe nos datos que afloran da última enquisa trimestral do custo laboral, que mide, ademais dos custos laborais que soportan as empresas e dos salarios brutos dos traballadores, os postos vacantes de emprego rexistrados no mercado laboral. E a realidade é que aínda que o mercado laboral de Galicia segue a resistir a complicada conxuntura que estamos a vivir —e este é un logro conxunto de todos, por moito que algúns queiran apropiarse del—, medran as dificultades das empresas para topar perfís e para topar man de obra; e medran esas dificultades a pesar de existir na nosa comunidade milleiros de persoas aínda desempregadas.

É unha situación que é certo que afecta máis uns sectores que outros e que está a dificultar que en ocasións o noso tecido produtivo, o tecido produtivo galego, poida atender os incrementos da demanda. Por iso hoxe, dende o Grupo do Partido Popular, preocupados ante ese gran desafío ao que van ter que facer fronte as empresas e os autónomos con empregados ao seu cargo nestes vindeiros anos, gustaríanos coñecer cal é a situación do mercado laboral na nosa comunidade, en Galicia, e que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para favorecer a incorporación a ese mercado laboral das persoas que no día de hoxe aínda están en situación de desemprego na nosa comunidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Facía vostede referencia, precisamente na súa intervención, á EPA do cuarto trimestre, e si me gustaría dar, para facer un pouco a radiografía do mercado laboral galego, algunhas cifras.

Respecto desta EPA do cuarto trimestre, hai que dicir que a taxa de paro está en Galicia en 2,24 puntos menos que a taxa de paro no Estado. Temos 47,09 puntos de taxa de emprego, é dicir, a maior nun cuarto trimestre desde o ano 2009; 0,3 puntos máis de taxa de actividade respecto de hai un ano; 13.200 persoas máis ocupadas que o ano anterior —a cifra máis alta nun cuarto trimestre nos últimos trece anos— e 9.500 persoas activas máis que o ano an-



terior, o que supón a sétima subida anual consecutiva de poboación activa. É dicir, que Galicia pecha o ano 2022 con menos paro, con máis emprego e, ademais, con máis activos que o ano anterior.

Ademais, atendendo ao paro rexistrado deste último mes de xaneiro, en interanual retrocedemos 8.884 persoas; é dicir, que temos unha baixada dun 5,77 por cento no paro e unha subida en paralelo en afiliacións de 8.784 persoas. Superamos, polo tanto, o millón de cotizantes en Galicia.

Pero vostede poñía de relevo unha cuestión moi importante, que é o momento atípico no que nos atopamos. Segundo a EPA deste último trimestre, hai 131.400 persoas que buscan un emprego, pero existen postos de traballo vacantes e ofertados polas empresas.

Neste sentido, estamos traballando, dentro da estratexia de emprego da Xunta de Galicia, da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, fundamentalmente con tres elementos, eu diría claves. Un é a Axenda galega de capacidades para o emprego, que é un gran pacto social entre empresa, Administración e poboación activa. Traballamos en nove mesas de traballo sectoriais e identificamos as necesidades de formación que teñen as vacantes nenas empresas. E con iso levamos a cabo os convenios de colaboración para microformación nos distintos sectores estratéxicos. Ao amparo desta estratexia, desta axenda, levamos a cabo 816 accións formativas no ano 2022 e formamos 12.405 alumnos.

Un segundo elemento clave da estratexia é a renovación integral do Servizo Público de Emprego de Galicia, a dixitalización e a ferramenta tecnolóxica. Está adxudicado o contrato desde novembro do ano pasado; un contrato de 3,6 millóns de euros, e a incorporación de 136 orientadores laborais novos nas oficinas.

E o terceiro elemento clave é que dentro da Estratexia Retorna de toda a Xunta de Galicia o 40 por cento de todo o seu orzamento está dedicado ao eido laboral a través de accións específicas de colocación, de intermediación laboral e de formación precisamente para atraer galegos nacionais e españois que queiran volver a Galicia e traballar tamén en todos eses sectores —que agora mesmo as empresas están demandando postos vacantes—.

Máis nada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, conselleira.

Fixo vostede un balance dos datos da EPA do cuarto trimestre e dixo que a taxa de paro en Galicia era 2,24 puntos inferior á do resto do Estado. Eu felicitoa por este dato. Non sei se é posible que nesta quenda nos facilite como foi esa evolución tamén respecto dos colectivos



que teñen maiores dificultades para atopar un emprego na nosa comunidade. Comentaba tamén a laboura que está a desenvolver o Goberno galego para lograr un mercado laboral máis interconectado e máis accesible, e retomo o paradoxo do que falei na miña primeira intervención: a dificultade coa que están a atoparse as empresas para contratar man de obra mentres que na nosa comunidade seguen a existir persoas en situación de desemprego.

Sabemos no Grupo do Partido Popular de Galicia que este é un tema prioritario para o Goberno que dirixe o presidente Rueda, e gustaríanos coñecer, nesta segunda quenda, que medidas se van tomar por parte da Xunta de Galicia para intentar paliar ese reto que teñen por diante as empresas para topar traballadores e poder así facer fronte ás súas demandas na produción.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez López.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Pois desagregando eses datos do ano 2022 —que, como digo, Galicia pecho con menos paro e máis emprego e con máis activos e máis ocupados que o ano anterior—, o desemprego anualmente cae nas catro provincias, cae nas sete cidades e cae en todos os sectores económicos.

Con respecto aos colectivos con máis dificultades para atopar un traballo, tamén os datos amosan unha boa evolución, cunha baixada de paro en menores de 30 anos dun -8,04, en parados de longa duración dun -7,27 e en mulleres dun -4,61.

E, como dicía e sempre recalcamos, é importante que esa baixada do paro teña o seu correlato na subida nas afiliacións, e as afiliacións chegan a 1.030.738 persoas afiliadas á Seguridade Social; é dicir, temos 8.784 afiliacións máis que hai un ano. Estamos nun nivel superior ao reflectido hai trece anos na comunidade autónoma.

Pero, a pesar destes datos —e dicíao ben vostede— non podemos descoñecer a situación actual, marcada pola dificultade que están atopando as empresas no día de hoxe para poder contratar perfís profesionais que sexan adecuados ás súas necesidades e que ademais está impedindo a produtividade e a competitividade das empresas. Por iso é importante ese proxecto, esa estratexia de emprego de todo o Goberno da Xunta e da consellería, que parte da base de buscar os mecanismos idóneos para emparellar a oferta e a demanda laboral e que ten dúas premisas básicas, que son estar coas necesidades das empresas e traballar e incorporar na axenda política todos os recursos públicos e privados coas capacidades das persoas. A partir de aí, continuaremos.

Preguntaba vostede polas medidas concretas. Neste ano 2023 imos continuar con esas microformacións por sectores produtivos específicos, que, como dicía, foron un éxito no 2022.



Contamos con poder formar outras 7.500 persoas, con máis de 450 accións formativas específicas, segundo demanden os clústeres, as asociacións e federacións empresariais. Continuamos co desenvolvemento do Servizo Público de Emprego con protocolos de adhesión. Xa están adheridas, desde logo, a Confederación de Empresarios e asociacións empresariais sectoriais específicas para que trasladen as vacantes ao Servizo de Emprego para que con esa nova ferramenta, con eses novos orientadores laborais, sexamos quen de interconectar oferta e demanda.

E, por suposto, está esa estratexia Retorna, na que 37 das 100 medidas son medidas laborais, e imos incorporar ou executar 4 millóns de euros especificamente no programa de emprego de Retorna Emprego, cun programa Retorna Cualifica-Emprego, para buscar traballadores retornados, formalos e traelos a Galicia con contratos indefinidos para as empresas que así o precisen, pero tamén cun programa Retorna Emprendemento, asesorando e intensificando tamén o apoio económico para os retornados galegos que queiran vir instalarse aquí, a Galicia.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o protocolo utilizado polos altos cargos do Goberno galego nas visitas institucionais a concellos nos que se van realizar investimentos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Boa tarde, señor conselleiro.

O respecto institucional é o comportamento que deben ter os integrantes dunha institución, independentemente da súa ideoloxía e do seu partido político. O respecto institucional máis que unha exixencia debera ser unha cuestión de boas formas, unha cuestión de educación.

Como vostede ben sabe, as institucións non son seres inertes, senón que están formadas por persoas, e, nun país democrático como é o noso e tirando da RAE, a primeira acepción di que a democracia é un sistema político no que a soberanía reside no pobo, quen a exerce directamente ou por medio de representantes.

No caso das institucións que exercen o poder executivo do noso país, eses representantes son elixidos por sufraxio universal; é dicir, que cada elector ten dereito a emitir un voto e, co resultado acadado, pois resulta que o grupo ou grupos que obteñen o maior número de votos elixirán o presidente ou presidenta do goberno, o presidente ou presidenta dunha comunidade autónoma ou o alcalde ou a alcaldesa. E dende ese momento convértese no presidente, presidenta, alcalde ou alcaldesa de todos os veciños e de todas as veciñas da circunscrición da que se trate. Por exemplo, señor conselleiro, os deputados e deputadas do PSdeG non lles votamos. Polo noso voto nunca sería presidente da Xunta de Galicia o señor Núñez Feijóo, nin vostede conselleiro. Pero a soberanía que reside no pobo galego decidiu que fosen vostedes os representantes lexítimos desta comunidade e, xa que logo, son o Go-



berno dos galegos e das galegas. O mesmo acontece cos concellos. O pobo decide co seu voto quen se converte en alcalde ou alcaldesa e, xa que logo, na máxima autoridade no seu municipio e representante legal do concello.

Fago este relatorio porque vostedes, que se consideran tan constitucionalistas, ás veces esquecen o seu contido e apelan a ela segundo lles conveña.

Señor conselleiro, ¿vostede é consciente de que este Goberno galego, do que vostede forma parte, está a faltarlles ao respecto aos representantes lexítimos elixidos polo pobo, é dicir, aos alcaldes e ás alcaldesas dos concellos galegos onde non goberna o Partido Popular? ¿Comparte vostede que membros do Goberno galego acudan a un termo municipal para anunciar obras ou melloras nese concello cos aspirantes do Partido Popular á alcaldía sen convidar a quen ostenta a representación legal e lexítima do concello, é dicir, o alcalde ou alcaldesa? ¿Que valoración fai o Goberno galego desta falta de respecto institucional e do ataque á democracia, facendo un uso partidista das institucións? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

A verdade, señora deputada, que comparto con vostede ese respecto institucional que hai que ter, e nós, como Goberno da Xunta de Galicia, procuramos cumprilo sempre, e, se non é así, pedimos desculpas públicas. É certo que moitas veces un acode ao concello invitado por algún tipo de entidade e non pola propia administración ou polo propio alcalde ou alcaldesa, que pode ser doutro partido. Pero non deixa de sorprendeme tamén o ton que vostede utiliza aquí e o que está a pedir con respecto ao comportamento que ten e ao que fai o Partido Socialista en Galicia, señora deputada, e dígollo con todos os respectos.

Voulle ler algún dato ou algún feito para que vostede diga se é normal o que eu lle vou dicir:

O 12 de marzo de 2021, en Monforte, a presidenta da Adif, Isabel Pardo de Vera, co secretario xeral de Infraestruturas e o alcalde de Monforte, anuncian as obras de modernización da vía ferroviaria entre Ourense e Lugo. Non se invita a Xunta de Galicia para nada. Non pasa nada.

O 1 de xuño, o delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, anuncia o inicio das obras do bulevar das Pías. Este señor (*O señor Calvo Pouso sinala un deputado do Partido Popular.*) e mais eu fomos os que conseguimos naquel momento que se fixese o proxecto. Non se avisou a ninguén da Xunta de Galicia; iso si, estaba avisado o alcalde de Pontedeume —o alcalde de Pontedeume en Ferrol—. O alcalde de Pontedeume é o secretario xeral do Partido Socialista na provincia da Coruña, pero estaba alí. Non pasa nada.



O 28 de xullo do 2022 a ministra de Defensa, Margarita Robles, visita Navantia para coñecer a evolución das fragatas F-110 —as que nós deixamos aprobadas nos orzamentos—... *(Risos.) (Murmurios.)* Non se contou con ninguén. *(Risos.)* ¡Ah! ¿Iso non é respecto institucional? *(Risos dalgúns deputados e do propio orador.) (Aplausos.)* Non se preocupe, nese acto nos estaleiros, o alcalde de Pontedeume —cun gran estaleiro no seu concello— tamén estaba. *(Risos.)* É o respecto institucional do que vostede facía relación.

O 8 de setembro de 2022 o secretario de Estado de Turismo visita a comarca para reunirse cos alcaldes de Ferrol, Eume e Ortegal e falar dos investimentos. As competencias de turismo son da Xunta de Galicia, pero da Xunta de Galicia non había ninguén invitado a ese acto. Supoño que se referirá a iso.

Lugo, 16 de setembro de 2022. A secretaria de Estado de Transportes participa en Lugo, xunto coa alcaldesa, Lara Méndez, nun acto no que anunciou a apertura do novo ramal desvío da A-6. ¡Mira que non falamos da A-6 e mira que a Xunta non ten colaborado! Pero a Xunta de Galicia non foi invitada a este acto; non ten que participar. Pero son eses investimentos dos que vostede estaba falando e esa falla de respecto institucional á xente. Porque vostede dixo —e apunteino por aquí..., a ver, non sei onde a metín...; aquí estaba— que somos os representantes lexítimos da cidadanía do Goberno de Galicia. Díxoo vostede.

Pero seguimos: 17 de outubro do 2022, A Coruña. A ministra de Transportes visita a cidade para anunciar Alfonso Molina, a intermodal... Bueno, na intermodal a Xunta de Galicia participa con dous convenios cofinanciando. ¿Foi invitada a Xunta de Galicia a ese acto? Non, non foi invitada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Para que imos invitar a Xunta de Galicia se total son os representantes lexítimos de Galicia? Non pasa nada.

Pero seguimos: 11 de novembro de 2022...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Espere porque isto xa...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.

(O señor Calvo Pouso pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

(Aplausos.)

Para a Réplica, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, señor conselleiro, eu voulle pedir responsabilidade polo que fai este goberno. *(Murmurios.)* E, mire, voulle dar varios exemplos.



Acto en Ferrol. A conselleira de Infraestruturas, a señora Ethel Vázquez, co candidato do Partido Popular —ao que aludiu vostede antes—, anuncia investimentos para o municipio —por certo, financiados co Plan de recuperación, transformación e resiliencia— (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha fotografía.*) que veñen do Goberno do Estado. O alcalde non foi convidado.

Acto en Viveiro, (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha fotografía.*) no que o delegado territorial fai entrega das chaves de dúas vivendas de promoción pública en Mondoñedo e en Viveiro. Convidase o alcalde de Mondoñedo —do Partido Popular— e o voceiro do Partido Popular de Viveiro. A alcaldesa non foi convidada. (*Murmurios.*) (*Unha señora deputada: Non, non...*)

Acto en Vilalba. O delegado territorial anuncia cos concelleiros do Partido Popular proxectos de mellora no IES Lois Peña. (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha fotografía.*) A alcaldesa non foi convidada.

Acto en Forcarei (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha fotografía.*) —que tamén se senta alí detrás— que se anuncia na páxina web da Xunta de Galicia, no que o delegado territorial anuncia, coa candidata do Partido Popular, investimentos para o concello. A alcaldesa non foi convidada.

En Moaña, (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha fotografía.*) o xerente da área sanitaria reúnese co candidato do Partido Popular para confirmar melloras no PAC.

En Pontevedra, o delegado territorial anuncia, cos concelleiros do Partido Popular, melloras no IES A Xunqueira I.

E mire, señor Diego Calvo, vostede, (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha fotografía.*) con concelleiros do Partido Popular, fai entrega de equipamentos de deporte a clubs e entidades do concello de Pontevedra. E o alcalde tampouco foi convidado.

Pero, mire, con estes feitos vostedes non lle faltan ao respecto a Ángel Mato, a María Loureiro, a Elba Veleiro, a Verónica Pichel, a Marta Freire nin a Lores; fáltanlle ao respecto a todos os veciños e ás veciñas de Ferrol, de Viveiro, de Vilalba, de Forcarei, de Pontevedra, de Moaña e dun longo etcétera de concellos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Terminou o seu tempo. Grazas.

(*Aplausos.*)

Para o peche da pregunta, o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Mire, dicía que tiña dous exemplos moi bos. A responsable de Adif



visita Ferrol para anunciar que vai solicitar fondos para o tren ao porto exterior, fai un acto co alcalde no concello e non invitan o presidente da Autoridade Portuaria. ¿Que lle parece?

Ou outra: vai visitar un día máis tarde A Coruña, fan un acto no porto exterior da Coruña e dá a casualidade de que o único que non pode intervir nese acto é o presidente da Autoridade Portuaria. Iso si, o presidente da Deputación si que pode intervir nese acto. *(Murmurios.)* ¿Que lle parece? *(Murmurios.)*

E neses dous actos que vostede dicía, no de Ferrol, unha asociación de veciños —a de San Xoán, que vostede igual non a coñece, pero pregunte— foi quen invitou a conselleira. *(Murmurios.)*

E na repartición de material deportivo, señora deputada, que fixemos na Cidade da Cultura e que facemos por todas as cidades, nós invitamos os clubs, non invitamos a ninguén máis. *(Risos.)* É certo que hai determinados clubs que invitaron algunha persoa para que os acompañase; pero ese non é problema noso, señora deputada. *(Murmurios.)* Vostede debería de sabelo. *(Murmurios.)*

Chama a atención que vostede diga estas cousas porque, mire, ¿sabe vostede que é isto? *(O señor Calvo Pouso amosa unha fotografía.)* Esta é vostede cando o señor Caballero era o secretario xeral do Partido Socialista, o invitan a Cerceda —onde vostede era concelleira, e é— e no salón de plenos fan un mitin de Gonzalo Caballero; *(Risos.)* un encontro do Partido Socialista no salón de plenos. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Pero non se preocupe, porque no mesmo concello... *(Murmurios.)* *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* —escoite, que igual aínda se dá conta e non volve facer este tipo de preguntas para non quedar mal— *(Murmurios.)* ...fan a recepción oficial ao señor Gonzalo Caballero, cando Gonzalo Caballero pintaba algo no Partido Socialista; agora que xa non é o secretario xeral xa non o invitan.

Pero non é só isto, porque a utilización pública dos medios públicos é increíble. Por exemplo, ese mesmo día na Televisión de Cerceda, ¿a quen invitan a falar nun especial? Ao señor Gonzalo Caballero, *(Murmurios.)* nunha televisión pública de Cerceda con medios públicos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero non, ¿sabe tamén a quen invitan? A vostede, que tamén é unha asidua deste tipo de intervencións nesta sede pública. *(Murmurios.)*

Polo tanto, miren, non nos veñan dar clases, de verdade, de ningún tipo de comportamento. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Nós si cremos que os representantes que elixe a cidadanía son lexítimos. E sempre que imos a unha visita... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* De verdade, escóiteme. Así é imposible, porque, se non me escoita, non me vai entender nunca. *(Murmurios.)* Non me vai entender.

Se facemos unha visita institucional a un concello, está invitado o alcalde, sexa do partido que sexa, sempre. *(Murmurios.)* *(A señora Rodríguez Rumbo: Non.)* E non creo, señora depu-



tada, que ningún alcalde teña expresado unha queixa nese sentido. Outra cousa é que unha entidade privada invite un representante do Goberno. (*Murmurios.*) Non se equivoque, se se invita un representante do Goberno, o representante do Goberno vai porque é o representante lexítimo dos cidadáns e ten dereito a falar e a escoitar o que os cidadáns queren dicir. E se esa entidade non invita o alcalde non é porque nós lle digamos que non o invite, (*Murmurios.*) non se equivoque. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non se equivoque! Isto non vai así. Exemplos hai moitos, e con todos os que lle dei e algún máis o que debería de facer vostede é o que digo eu...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...se algunha vez nos equivocamos, pedimos perdón. A ver se di o Partido Socialista iso.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Grazas.

(*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o uso da Tarxeta Xente Nova

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Adrián Pardo, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Señora conselleira, o Goberno galego leva dado mostras nos últimos anos da súa aposta decidida e comprometida polo fomento do uso do transporte público por estrada. Entre as accións encamiñadas a acadar este obxectivo cabe salientar a posta en marcha da Tarxeta Xente Nova; unha medida pioneira en España que ademais é un verdadeiro plan social porque supón un importante aforro económico tanto para os usuarios como para as súas familias.

Hoxe máis de 135.000 mozos dispoñen xa da Tarxeta Xente Nova, que permite aos menores de 21 anos viaxar gratis nos buses de competencia autonómica. Así, a Xunta de Galicia impulsou esta tarxeta no ano 2016. Inicialmente, permitía a viaxe gratuíta dos menores de 19 anos en todos os servizos interurbanos no sistema de transporte público de Galicia prestado no ámbito das áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo. Posteriormente, no ano 2020, a Xunta ampliou o rango de idade dos beneficiarios en dous anos; é dicir, ata todos os menores de 21 anos. E máis adiante, en 2021, ampliouse a cobertura deste dispositivo a toda a comunidade autónoma, de tal xeito que todos os rapaces menores



de 21 anos, independentemente de vivan onde vivan, poden viaxar de balde por Galicia nos autobuses que xestiona a Xunta.

Polo tempo transcorrido, é momento de ponderar o resultado desta iniciativa pioneira e de cuantificar o incremento do número de usuarios experimentado nestes anos. Ademais, resulta evidente que estamos ante unha medida moi beneficiosa para a xuventude galega pero que non se aplica no sistema de transportes urbanos das cidades galegas. Por iso, ¿que valoración fai o Goberno galego do uso da Tarxeta Xente Nova? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, dende logo que a Tarxeta Xente Nova é un bo exemplo das iniciativas que promove a Xunta de Galicia para fomentar o transporte público. Apostamos pola intermodalidade, apostamos pola mellora dos servizos do autobús interurbano e apostamos por iniciativas como esta. E, desde logo, dámoslle un impulso decidido, polo tanto, ao transporte público, que o certo é que contrasta co desapego do Goberno de España. Vemos o atraso nas estacións intermodais no que é a parte ferroviaria do Goberno de España, vemos o que está a pasar tamén cos servizos ferroviarios de tren, que non se repoñen os previos á pandemia, e xa non falemos deses trens que non entran polos túneles.

Dende a Xunta de Galicia impulsamos o transporte público. A Xente Nova o certo é que foi un grande acerto por varios motivos. En primeiro lugar, porque estamos a falar dunha iniciativa na que Galicia é a primeira comunidade autónoma en implantar unha medida destas características para fomentar o transporte público entre os máis novos. En segundo lugar, pola compoñente ambiental que supón a aposta polo transporte público e a contribución a unha mobilidade máis limpa e máis sustentable —nese sentido naceu o Plan de transporte público de Galicia—. E, en terceiro lugar, pola compoñente social importantísima que supón esta medida como aforro ás familias e como axuda económica importante ás familias. O certo é que os usuarios e as familias, grazas a esta medida, aforran 2.000 euros no transporte público —para as familias e os usuarios que utilicen esta tarxeta—. Por exemplo, un rapaz de Monforte que se desprace todos os días a Lugo durante os nove meses de cursos lectivos poderá aforrar 1.700 euros ao ano.

Polo tanto, a nosa valoración é unha valoración moi positiva. Cumpriu todos os seus obxectivos e foi moi ben acollida. O certo é que foron os mozos galegos co seu uso os que converteron a Tarxeta Xente Nova nunha medida de grande éxito. Pechamos o ano pasado con 135.154 tarxetas activadas, con máis de 5 millóns de viaxes realizadas e con récord de usuarios no mes de novembro; e no ano 2022 tivemos a cifra máis alta de bonificacións, 6,3 millóns de euros. ¿Nas contas do ano 2023? As contas reflicten 90 millóns de euros para o transporte público, dos que 7,2 millóns de euros estarán dirixidos a reservar eses cartos para a Tarxeta



Xente Nova. Nos pasos que fomos dando fomos ampliándoa. Foi implantada no ano 2016 nas áreas metropolitanas para os menores de 19 anos, ampliámola a 21 anos, e en maio de 2021, dende logo, un fito importante é que universalizamos a gratuidade a toda Galicia. Polo tanto, houbo esforzo e investimentos impulsando a Tarxeta Xente Nova. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Pardo.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, conselleira.

O certo é que onte, ademais neste Pleno, se comprobou a hipocrisía do Partido Socialista de Galicia. É increíble que o PSdeG veña pedirlle á Xunta incrementar a idade para a gratuidade no transporte público da súa competencia, cando nos concellos onde goberna non é capaz de aplicar esta gratuidade aos menores de 21 anos.

É que os gobernos municipais socialistas e independentistas do BNG das cidades son incapaces de aplicar estas medidas nos seus modelos de cidade. E antes de reclamarlles algo a outras administracións, poderían ter a decencia de aplicar a gratuidade no transporte urbano para menores de 21 anos —como fai a Xunta no transporte interurbano— alí onde gobernan, como na Coruña, Lugo ou Santiago. Porque, neste caso, onte a oposición fixo como se a mocidade galega non se enterase, e os que non se enteran son eles, por iso son os que son. Como, por exemplo, a señora Lara Méndez, en Lugo, que saca unha foto firmando unha ILP na que exige a unha administración, algo que ela no seu propio concello non fai. Porque, evidentemente, a oposición é máis de poñer tuits que de xestionar orzamentos. Prefiren o ruído a aplicar medidas tan beneficiosas como a Tarxeta Xente Nova, que a Xunta implantou dentro do transporte interurbano, pero non son capaces de implantar este sistema nas cidades. Por iso, ao PSdeG e ao BNG, alí, nas cidades onde gobernan, en lugar de poñer buses para manifestarse contra a Xunta, ánimoos a poñer en marcha medidas como a Tarxeta Xente Nova, porque esta hipocrisía, a do PSdeG e a do BNG, é coñecida por todos os galegos, independentemente da idade. Por iso, elección autonómica tras elección autonómica a oposición adícase a xestionar derrotas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, como dicía, os obxectivos da Tarxeta Xente Nova eran moi claros e cumpriron os seus obxectivos: en primeiro lugar, fomentar o uso do transporte público, potenciar a mobilidade máis sustentable, e tamén axudar á economía das familias, ás economías domésticas, a reducir gastos para o transporte.

Polo tanto, cumpríronse os obxectivos. Como dicía, no ano 2016, había 29.677 tarxetas activadas; no ano 2021, 108.000 tarxetas activadas. Hai un incremento, entón, do 264 por cento da



utilización da Tarxeta Xente Nova e da activación desta tarxeta. Pechamos o ano 2022 con 135.154 tarxetas Xente Nova activadas. Polo tanto, son datos clarísimos do atractivo desta tarxeta, do atractivo que é o autobús interurbano da Xunta de Galicia e da súa utilización. Se comparamos 2022 con 2021, vemos que o número de viaxes realizadas medrou un 62 por cento.

Polo tanto, facendo balance, en 2022 contabilizáronse máis de 5 millóns de viaxes con cargo á Tarxeta Xente Nova: na provincia da Coruña, 2,8; na provincia de Pontevedra, 1,7 millóns de viaxes. Nos seis anos de balance dende a implantación desta Tarxeta Xente Nova contabilizáronse 15,5 millóns de viaxes. E, nese sentido, con esa bonificación, as familias aforraron 18 millóns de euros nos seis anos da activación da Tarxeta Xente Nova.

Nós non nos conformamos, queremos seguir alcanzando logros e queremos ir máis aló, mellorando o transporte público, adaptándoo mellor ás necesidades dos galegos e aproveitando, dende logo, as vantaxes das novas tecnoloxías para seguir innovando. Por iso estamos traballando para implantar a Tarxeta Xente Nova no teléfono móbil, que permitirá recargas e gañar comodidade para a utilización deste tipo de iniciativas sociais, porque queremos que os mozos utilicen o transporte público como primeira iniciativa para desprazarse, como primeira opción nos seus desprazamentos habituais, e, nese sentido, traballaremos para facelo o máis fácil posible.

Mágoa que no transporte urbano das cidades non se utilice este tipo de medidas. Saben vostedes que os alcaldes de Pontevedra e Ferrol non apostaron polo transporte urbano, que é da súa competencia, e ten que ir a Xunta de Galicia rescatar o transporte público. O transporte urbano de Pontevedra réalízao a Xunta de Galicia, a pesar de ser competencia municipal, e o transporte en Ferrol tamén o realiza a Xunta de Galicia, a pesar de ser competencia municipal. Nese sentido, as cidades teñen Tarxeta Xente nova.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Seguinte pregunta.

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a análise que fai o Goberno galego dos fondos para o financiamento das universidades públicas galegas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor conselleiro, nos últimos anos a Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo foron quen de acadar acordos e tamén de executar varios plans de financiamento universitario con carácter plurianual.



Neste contexto de planificación das achegas autonómicas, as universidades públicas galegas valoran positivamente a estabilidade financeira que aportan este tipo de plans; unha estabilidade financeira moi envexada no resto do sistema universitario do Estado e unha estabilidade económica para a comunidade universitaria que lle permitiu traballar a curto e medio prazo sen incertezas financeiras. Non todas as comunidades autónomas de España contan con plans plurianuais de financiamento do sistema universitario, e é que, ademais, moitas delas viron rebaixado drasticamente o seu financiamento universitario en moitos casos, como Cataluña ou Valencia principalmente. Mesmo os reitores galegos manifestaron neste Parlamento, a través da Comisión de Reactivación, que os plans de financiamento foran positivos, porque deron estabilidade ás universidades galegas na pandemia e serviron tamén para apoiar os estudantes, asegurando a igualdade de oportunidades.

No ano 2021 estivo vixente o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia para o período 2016–2020, logo de que se acordase tamén a súa prórroga como paso previo á negociación dun novo documento no ano 2021. A vontade de diálogo e consenso entre a Xunta de Galicia e as tres universidades públicas permitiu que unha vez máis a Xunta de Galicia aprobase o Plan de financiamento universitario de Galicia 2022–2026 actualmente en vigor.

Para seguir avanzando á hora de posibilitar que as universidades públicas galegas contencos recursos axeitados para o desenvolvemento da súa actividade académica e investigadora, desde este grupo parlamentario consideramos relevante analizar e facer balance dos fondos incluídos neste plan de financiamento 2016–2020. Por iso, señor conselleiro, queremos preguntarlle que analise fai o Goberno galego sobre os fondos para o financiamento das universidades públicas galegas.

Máis nada, presidente, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Para responder, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

Señoría, hai que valorar na súa xusta medida o que vostede acaba de dicir. Que o sistema universitario galego sexa, xunto co sistema universitario vasco, o único que teña plans plurianuais de financiamento universitario —as únicas dúas comunidades autónomas que temos eses plans— creo que é algo que dá estabilidade á universidade e, por extensión, dá estabilidade ao país.

Acabamos de asinar hai moi pouco un plan para os cursos que van do ano 2022 ao 2026, e vimos arrastrando unha tradición de plans plurianuais que foron sempre ben recibidos por parte das comunidades educativas, por parte, neste caso, dos reitorados e por parte da universidade.



Nos anos 2011-2015 fixémoslo, pese a estar nunha situación de crise moi potente; nos anos 2016-2020 voltámolo facer; é certo que este ano houbo unha prórroga no ano 2021; e nos anos 2022-2026 tamén o temos manifestado.

As vantaxes son obvias, basicamente porque permiten planificar as universidades en cuestións básicas como a xestión dos recursos humanos, a xestión dos investimentos, a xestión dos equipamentos... Todo o que ten que ver coa planificación docente, coa planificación de persoal, todo iso se pode facer se tes unha estabilidade, se sabes os recursos que vas xestionar e se tes capacidade para poder levalos adiante.

Se facemos un mínimo balance do último plan de financiamento, o 2016-2020, que se prorrogou ao 2021, vemos que se blindaron os investimentos públicos, as transferencias da Xunta de Galicia, con base, fundamentalmente, en dous parámetros: por unha parte, a cobertura do financiamento estrutural —é dicir, un financiamento con base nos créditos, tanto das carreiras ordinarias como dos másteres—, tamén un financiamento por resultado, fundamentalmente para incentivar as melloras na docencia e na investigación, e tamén cun panel de indicadores que vai orientado a favorecer a captación de recursos.

Houbo un investimento financeiro significativo da Xunta de Galicia: 2.477 millóns de euros iniciais; que, unha vez que se pecharon os datos coa contabilidade das universidades, vemos que esta previsión que se asinou no ano 2016 ao final quedou curta, porque os investimentos totais das universidades públicas galegas chegaron a 2.669 millóns de euros. É dicir, 192 millóns de euros máis por riba do planificado inicialmente. Obviamente, isto ten que ver tamén moito coa capacidade de captación de recursos que tiveron as propias universidades, axudadas e financiadas por parte, en moitas ocasións, dos créditos procedentes da Xunta de Galicia.

Obviamente, este é un moi bo punto de partida. No Plan de financiamento 2022-2026 aportamos 3.208 millóns, mobilizamos 3.208 millóns de partidas. Xa se transferiron 468 millóns, e 489 no ano 2022 e 2023. E temos tamén 10 millóns neste orzamento fóra de plan.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): É dicir, estamos a traballar con certezas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...con planificación e para que as universidades poidan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. (Aplausos.)

Para a réplica, o señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, presidente.



Dende logo que hoxe quedou ben claro, conselleiro, unha cousa: que o Plan de financiamento 2016-2020 cumpriu as súas previsións financeiras e que superou sobradamente as expectativas marcadas no ano 2016; quedou claro que a Xunta de Galicia ten un novo plan para mellorar o financiamento da universidade pública; e quedou claro tamén que os anteriores plans de financiamento dende o ano 2011 contribuíron a unha mellora do sistema universitario, cuns datos que, evidentemente, acreditan o bo funcionamento do sistema universitario galego. Un sistema que facilita as taxas universitarias máis baixas de España; un sistema que mantén conxeladas nos últimos doce anos estas taxas; e un sistema que representa 20 millóns de euros de aforro cada ano ás familias galegas. Hoxe estudar na universidade pública galega é a metade máis barato que facelo na universidade catalá, por poñer un exemplo, porque o prezo medio por crédito universitario en Cataluña é o dobre: 22,69 euros, fronte aos 11,78 na universidade galega. E ademais estes plans facilitaron que a universidade pública galega estea financiada por riba da media de España.

Señor conselleiro, o novo plan fixará a folla de ruta para relanzar o sistema cara á modernidade, á vangarda e ao compromiso coa sociedade; un plan de financiamento a través de recursos públicos que se rexerá por distintos indicadores, como vostede indicou tamén na súa primeira intervención.

Gustaríame, nesta segunda intervención, se puidese vostede, que afondase un pouco máis nos obxectivos comúns deste plan e tamén no futuro do financiamento das universidades públicas.

Máis nada, presidente, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Como dicía na anterior resposta, é tremendamente significativo que Galicia, só Galicia, xunto co País Vasco, sexamos as dúas comunidades autónomas que teñamos unha tradición constante de plans plurianuais que posibilitan unha planificación do sistema universitario con base nuns criterios e nunhas informacións, dalgún xeito, constantes e que nos posibilitan desenvolver a acción universitaria do mellor xeito posible.

Temos un financiamento estable; temos, no actual plan, a maior achega pública feita nunca cara ás universidades; temos a maior mobilización de planificación inicial, a maior feita nunca do sistema autonómico cara ao sistema universitario; temos xa transferidas cantidades tremendamente significativas no orzamento 2022 e no orzamento 2023; temos encima da mesa e fóra de plan unha cantidade económica de 10 millóns de euros para comezar a desenvolver un plan de obras, un plan de infraestruturas que estamos desenvolvendo de xeito consensuado coas propias universidades... E todo isto son cifras, todo isto son indicadores cuantitativos.



A cuestión é ¿para que? Vimos o «que», temos que preguntarnos «para que», que queremos facer conxuntamente as universidades e a Xunta de Galicia. O que queremos é, obviamente, ser útiles a Galicia. Queremos mellorar a oferta de titulacións, queremos consolidar o sistema de I+D+i, as partidas adicadas ao financiamento da investigación universitaria, queremos reter e atraer talento consolidado no ámbito universitario e queremos tamén intensificar a aposta que se leva facendo polos centros de investigación universitarios, que son, en certa medida, a cabeza tractora da investigación en Galicia.

Visto o «que», visto o «para que», ¿como estamos comparativamente con outras comunidades autónomas? Xa o dixemos, xunto co País Vasco, somos a única comunidade autónoma que temos un financiamento estable, que permite planificar, ter certezas e ter unha organización académica e docente dalgún xeito ordenada e consensuada. Estamos nos primeiros postos de España, entre o cuarto e quinto posto, no tocante á porción de riqueza que dedica Galicia ao financiamento das universidades públicas e tamén no tocante ás transferencias por alumno con base no PIB. Somos dos mellores de España, e se sacamos ao País Vasco e Navarra, que teñen un réxime foral diferente, somos sen dúbida das máis significativas de todas.

Temos tamén algún reto significativo, do que somos conscientes Xunta e universidades de que temos que relanzar e temos que potenciar sen dúbida, como é a capacidade de captación de recursos externos. Xa vimos como no anterior plan captamos practicamente douscentos millóns de euros por riba do planificado. Temos que reducir a dependencia das universidades dos fondos autonómicos, temos que captar máis recursos, temos que mellorar unha misión fundamental que, ademais da investigación, é a transferencia e temos que converter nunha ventá de oportunidades a capacidade de captación de recursos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e poder ser neste caso útiles á universidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno de Galicia respecto do incremento dos problemas coñecidos entre os equipos profesionais e a dirección da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Julio Torrado Quintela, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Quería mandarlle ánimos ao conselleiro Rodríguez. Véxoo un pouco baixo. Supoño que a dureza da pregunta foi moi complexa, *(Risos.)* e agardo que non tome a mal toda a dureza que tivo o debate. Seguro que foi en prol dunha boa resposta.



Nós imos ir algo máis suave, imos facer unha gran resposta sen ningunha dúbida. *(Risos.)* Non había ninguén que a esperara, nós pensamos todos que ían estar en contra uns de outros. Imos debater sobre algunha outra cousa, moito máis suave; seguro sen tanta bronca parlamentaria como acabamos de ver.

Señor conselleiro de Sanidade, nos últimos meses, centrándonos só na Área Sanitaria de Santiago —se nos centráramos en todas non nos chegaba nin o pleno enteiro—, houbo algunhas novas preocupantes. Mire: dimitiu o xefe do Servizo de Xinecoloxía alertando dun abandono, dunha deixadez por parte da xerencia na capacidade de xestión de dialogar e de resolver problemas cos profesionais. Hai unha desorde cronificada xa en Urgencias dende hai moito tempo, con ameazas de dimisións, con cargos postos á disposición, e a Xerencia non é capaz máis que de case confrontar máis a uns profesionais contra outros e, sobre todo, a todos profesionais contra si mesma.

Xa non lle vou contar nada sobre o servizo de raios, que vostede seguro que coñece tamén a conflitividade e os problemas na capacidade de xestión ou máis ben na incapacidade de xestión da xerencia.

No Servizo de Otorrino existía unha folga durante varias semanas, basicamente fundamentada en que a Xerencia era incapaz de resolver ningún problema e causaba máis cando entraba.

Os sindicatos e os profesionais do persoal de servizos, por exemplo, de cociña, denuncian o menosprezo e abandono dos recursos e servizos, que realmente é moi importante no sistema hospitalario.

Dimitiu o xefe de Medicina Interna, alertando de que existían problemas de falta de recursos, de desatención por parte da xerencia.

Hai profesionais que se queixan de que se aproveita a precarización de moitos deles nalgúns servizos para aproveitar e forzar a súa derivación a cubrir gardas a outro hospital como o da Barbanza, o cal é inaceptable.

Profesionais completos de servizos, como en atención primaria no Deza, onde practicamente case todos asinan demandando máis recursos como ambulancias, que ninguén responde, e xa non é negativamente, senón que ninguén responde dende a Xerencia de Santiago.

O nunca visto: unha xerencia en contra dos seus profesionais. Isto é sorprendente. Un hospital cun sistema complexo, vostede sábeo perfectamente, onde é moi difícil ter unha moi maioritaria presenza dunha opinión conxunta, neste caso haina e nós compartímola: a Xerencia de Santiago debe ser cesada, dende hai moito tempo. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, para que isto non sexa así, para que non fose cesada nós preguntamos: ¿que pesou: a capacidade contrastada de xestión, as influencias ou os apelidos? Esta é a nosa pregunta, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.



Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Torrado, a situación da Área Sanitaria de Santiago e A Barbanza non é un caso paradigmático, é unha situación dunha área moi complexa, con enorme volume de pacientes, un hospital comarcal e unha elevada carga asistencial docente e investigadora. E para iso conta con corenta e dúas xefaturas de servizos, corenta e unha xefatura de sección, e isto podería estendelo aos máis de douscentos trinta e dous xefes de servizo que actúan a diario na atención hospitalaria galega.

O equipo directivo da área mantén unha constante e fluída comunicación e colaboración, por suposto, cos profesionais da área, tanto cos mandos intermedios, xefes de servizo, xefes de sección, coordinadores de enfermería como co persoal médico e, por suposto, coas asociacións sindicais.

En canto ao caso do Servizo de Psicoloxía que vostede menciona, teño que dicirlle que a principal responsabilidade de todos os profesionais deste servizo é darlle a sanidade pública e ofrecer a mellor atención sanitaria a toda a poboación, independentemente de onde residan.

Ás veces, a prestación destes servizos vólvese complexa por mor de distintos factores, algúns persoais e outros, por exemplo, como a situación actual de escaseza de especialistas en determinados centros e en determinados momentos.

A sección de gardas dun facultativo do Hospital da Barbanza obrigou a desprazar un xinecólogo do Hospital Clínico a este centro. En agosto do ano 2022 chegouse a un acordo cos sindicatos e cos facultativos tamén do CHUS para facer estas oito gardas ao mes no Hospital da Barbanza. Pero en outubro do ano pasado quedou vacante unha praza de facultativo nese Hospital da Barbanza, e aínda que se fixo un chamamento a través das listas non foi posible cubrir esa interinidade. Iso provocou que no mes de decembro as oito gardas acordadas fosen cubertas, efectivamente, pero as cinco gardas que correspondían ao interino quedasen vacantes.

Para garantir a asistencia, dende a Xerencia comunicóuselle ao xefe de Xinecología que estas gardas debían ser cubertas polos facultativos do CHUS, e houbo algunha discrepancia. Ao non se resolver a cobertura das gardas, a Xerencia procedeu a asignar estas gardas, sinalando unha diferenza de criterios que rematou coa renuncia do xefe de servizo.

Señorías, ás veces, as dificultades persoais que pode comportar a xestión complexa de situacións en sanidade pode facer que algúns profesionais decidan abandonar o seu posto. Vaia por diante a nosa máxima consideración ao xefe do Servizo de Xinecología, que decidiu neste momento deixar ese posto.

Un cambio no centro hospitalario como o CHUS é algo corrente, pois dos corenta e dous xefes de servizo que están aí agora mesmo, dezaioito levan nese posto menos de cinco anos, entre



eles sete xubilacións, tres convocatorias de prazas novas, un cese —o de otorrino, efectivamente, que era o que pedían os compañeiros, que se cesase—, unha situación especial en activo e tamén dúas renuncias. E se falamos doutros hospitais, en Vigo foron doce ou na Coruña cinco.

Polo tanto, non invente ese ruído creando problemas onde non os hai, señor Torrado. A xestión da Área Sanitaria de Santiago e A Barbanza funciona ben, xestionando unha área de case catrocentos cincuenta mil habitantes, e ás veces a xestión dos equipos pode resultar un pouco complexa e xera tensións, aínda que diso vostede debe saber un pouco.

Pola miña parte, pódese garantir que seguiremos traballando na busca de solucións que permitan atender os pacientes, e —como digo— independentemente de onde vivan, en Santiago ou na Barbanza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, faleille na primeira intervención dun problema de forzar profesionais aproveitando a súa precariedade para derivar ao da Barbanza. E preocúpanme dúas cousas: unha, non o negou e é grave, e dúas, vostede argumentoume por que iso ocorre co Servizo de Xinecoloxía. Pero eu en ningún momento lle citei de que servizo falaba. Quero dicir con isto que vostede sabe que hai un problema, viña preparado para escusarse sobre ese problema. Polo tanto, non quere recoñecer en realidade que nin sequera fai falta que nós lle expliquemos cal é o problema porque vostede xa o sabe de antemán. Isto quere dicir, en realidade, señor conselleiro, que vostede está de acordo con nós.

É posible que estea de acordo con nós tamén sobre a decisión que sexa necesaria tomar na Xerencia de Santiago, outra cousa é que vostede queira facelo ou que poida facelo.

Polo tanto, para nós, escoitando a súa resposta, a realidade é evidente. Porque dixo vostede unha cousa —voullo dicir, ten razón empezou, e imos estar de acordo en algo, que non está mal—, dixo: non é un caso paradigmático. Exacto, non o é. É dicir, é un feito diferencial. E Santiago é un feito diferencial por culpa da súa xerencia. Os hospitais son complexos, as áreas sanitarias son complexas. Vostede explícao e ten razón, o problema de Santiago é que está case todo o mundo de acordo, salvo pouca xente, en que hai que cambiar a xerencia, e nós tamén. E dá a sensación polo que vostede argumenta que vostede tamén.

Nós seguímonos preguntando: ¿por que non? Porque a xerencia en Santiago, a dirección da área sanitaria, ou non sabe ou non quere ou non pode resolver os problemas. Calquera delas é unha razón de peso. Vostede pode escoller calquera delas, non hai ningún problema. Nós imos estar de acordo, nós cremos que son as tres. ¿Imaxínese se imos estar de acordo coa que escolla vostede?



Pero vendo que vostede dá a razón e comparte os problemas, nós preguntámoslle: ¿por que non se cesa a xerente de Santiago? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peché desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señor Torrado, eu teño creo que o bo costume de ler as preguntas; ao mellor, o que non le o que pregunta é vostede. (*Aplausos.*) Neste documento, que de algo debe servir, preguntan vostedes por Xinecoloxía e eu contéstolle de Xinecoloxía. Ás veces, señor Torrado, é que como quen di non hai caso.

A situación da Área Sanitaria de Santiago e A Barbanza ten un funcionamento dentro do normal nunha área tan complexa coma esta. Os diferentes servizos están ordenados e a atención sanitaria está perfectamente garantida e organizada, independentemente que de modo puntual en Santiago ou en calquera outra área sanitaria poida xurdir algún problema que se remate solventando.

Vostede o que quere é xerar ruído cunha dimisión, igual que o intentou coa xubilación do xefe de Servizo de Pneumoloxía do CHOU ou co cese do xefe de Otorrino, que insisto: unha folga dos compañeiros para que se cesase o xefe de servizo.

O importante é que a atención dos servizos de Xinecoloxía se presta de maneira correcta no Hospital Clínico e no Hospital da Barbanza, porque este goberno vai garantir a asistencia sanitaria independentemente —como dicía antes— do lugar de residencia. Esta foi a alma coa que se estableceron as áreas sanitarias para poder cubrir precisamente as prazas dos distintos centros hospitalarios e garantir a atención sanitaria de calidade a todos os galegos.

En vez de ver problemas de xestión onde non os hai e de atacar unha profesional sanitaria polo mero feito de ser familiar de quen é —isto é importante—, dedíquese a facer propostas e a exixirlle ao seu partido que acometa as reformas necesarias para solventar dunha vez esta escaseza de profesionais. Se moitas das medidas que levamos tratadas nesta Cámara fosen escoitadas polo Goberno central e postas en marcha, posiblemente os problemas, ademais dos que vostede crea, estarían xa agora mesmo resoltos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Paloma Castro Rey, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.



Bo día, conselleiro.

Baixamos un pouco cara ao sur, a área sanitaria Pontevedra e O Salnés, pero non se preocupe que non lle vou falar da xerencia, que tamén *ten tela* neste territorio, senón que imos falar de infraestruturas.

O Gran Montecelo é o hospital de referencia desta área sanitaria, e despois de máis dunha década de atraso pois parece que, por fin, vai cara a adiante. Cada día estamos máis preto de que sexa efectivo e aglutine así todos os servizos que neste momento se atopan dispersos, e tamén amplíe os servizos existentes. Logo, tocaranos resolver ou tocaralle a vostede resolver o tema non menos importante da dotación de persoal e as condicións laborais, pero iso, como xa escoitamos ao presidente Rueda hoxe pola mañá, pois parece que non vai con vostedes.

Pois ben, dende o ano 2017, no que se aprobou o Plan de usos deste novo hospital Gran Montecelo, os socialistas vimos reclamando a necesidade de elaborar un plan de usos do Hospital Provincial para cando se produza ese momento do traspaso dos servizos que alí se prestan ao Gran Montecelo. Reclamamos ademais que isto se faga desde o consenso, con organizacións médicas, sanitarias e sindicais, e defendemos como unha obriga que o seu destino sexa para uso sanitario.

O Goberno do Partido Popular durante estes últimos cinco anos estivo de perfil, sen concretar o uso del e non daba ningunha opción para esta infraestrutura histórica. Pero, sorprendentemente, hai unha semana o portavoz do Partido Popular no Concello de Pontevedra, o señor Domínguez, anunciou a vontade do Partido Popular de transformar o uso deste edificio e vincular o mesmo á universidade; opción que foi referendada posteriormente polo seu compañeiro e conselleiro de Universidades o señor Román Rodríguez.

Dende o Grupo Socialista opoñémonos rotundamente a este cambio de uso. E lembrámoslle que estamos a falar dunha infraestrutura que supón un referente sanitario para toda a provincia de Pontevedra dende o ano 1489, ano no que a señora Teresa Pérez Iota deixou en testamento este inmovble e obrigou ademais a constituír unha fundación hospitalaria en favor —dicía— dos enfermos pobres, que sería administrada nun primeiro momento por congregacións relixiosas e despois polo concello, a deputación e agora na actualidade polo Sergas.

Este inmovble representa, polo tanto, o xerme dunha sanidade universal, que por sorte agora desfrutamos; non sei se no futuro despois de estar vostedes dinamitándoa. Pero foi referente da medicina, dunha medicina social, que despois se converteu nun dereito onde prestaron servizos gratuítos médicos de referencia e que sobreviviu á Desamortización, á Guerra Civil, pero parece que non á devastación do Partido Popular.

É un inmovble que conta ademais con todas as dotacións nun sitio como Pontevedra, nunha área sanitaria como a de Pontevedra e O Salnés, que, ademais, está infradotada de recursos asistenciais públicos, tanto para doentes crónicos, tratamentos permanentes no tempo, persoas con problemas de saúde mental, maiores con patoloxías... Non contamos con estas infraestruturas pero si temos este Hospital Provincial que está dotado de todo o necesario para prestar estes servizos.



Eu, sinceramente, resístome a pensar en que esta idea poida saír adiante. É unha cuestión moral. Resúltame incomprensible. Por iso hoxe, señor conselleiro, quero preguntarlle: ¿vostedes pensan transformar este lugar histórico de referencia na medicina pública nunha facultade ou residencia universitaria? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señores, de novo.

Pois, señora Castro, a verdade é que agradezo moito a súa pregunta, porque vistas as noticias das últimas semanas, estamos vendo como na sociedade pontevedresa se está a dar un debate de cal pode ser o uso máis óptimo para ese Hospital Provincial no momento en que quede baleiro.

Actualmente, este edificio está ocupado por diferentes servizos sanitarios, e así vai seguir sendo no curto prazo mentres non remate a fase 2 do Hospital Montecelo. As obras deste hospital comezaron —como saben— no ano 2022, co obxectivo de dotar a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés dun hospital máis amplo, renovado e que englobe todos os servizos nun mesmo edificio. Foi un proceso moi participativo, que vostede debe coñecer e que levou a esta conclusión por parte dos profesionais: concentrar todo nun único edificio. Isto poderá permitir mellorar a atención hospitalaria que actualmente se presta en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados entre si: o Hospital Provincial, do que vostede fala, o Hospital Montecelo actual e o Centro de Especialidades de Mollavao.

A construción do hospital de Montecelo consiste nunha ampliación do actual hospital ata chegar aos cento trinta e oito mil metros cadrados —quinze campos de fútbol o que se está ampliando aí—, case dobrando a superficie actual do complexo e permitindo ampliar a capacidade para atender as necesidades especiais dos vindeiros cincuenta anos. Por poñer un dato, as camas van incrementarse en cento vinte, para chegar a setecentas vinte.

Estas obras supoñen un grande esforzo investidor por parte da Xunta de Galicia, que vén dedicar un orzamento de case cento cincuenta e cinco millóns de euros para a súa reforma e ampliación; non é en dinamita, señora Castro. Este é, polo tanto, un exemplo máis do desmantelamento da sanidade pública que fai o Goberno do PP. Por certo, un investimento que non financia o Goberno de España, xa que os cartos empregados para esta infraestrutura proveñen do Fondo de Compensación Interterritorial, que a Xunta de Galicia prioriza e decide que investimentos se destinan aos seus recursos. Porque a ver se á parte de non dar solucións aos problemas de escaseza de médicos, o Goberno de España tamén vai agora apropiarse da construción dos novos hospitais que fai a Xunta de Galicia.

Volvendo ao asunto do Hospital Provincial, efectivamente, o Plan funcional de Montecelo non recolle os futuros usos que vai ter o actual hospital, porque non o imos necesitar. Volvo



recordarlle a dimensión de ampliación que se está facendo en Montecelo. Isto é así porque, de momento, o Hospital Provincial vai continuar albergando eses servizos sanitarios, polo menos ata que se rematen esas obras. Nese momento, cando os servizos do Hospital Provincial se trasladen, decidírase cal é a mellor forma para proceder con el. Pero —insisto— a curto prazo, o Hospital Provincial vai continuar tendo os usos sanitarios, polo que hai tempo dabondo para escoitar todas as propostas que se poñen enriba da mesa.

Actualmente temos escoitado diferentes ideas para o futuro do centro hospitalario, temos visto como diferentes actores teñen establecido a súa postura ao respecto. Un dos posibles futuros usos que se lles pode dar a este edificio, e que leva sido comentado durante as últimas semanas, é a proposta, efectivamente, da cesión á Universidade de Vigo, como fixo o señor Domínguez. A asunción do edificio por parte da universidade permitiría, en palabras do reitor da Universidade de Vigo, pivotar o deseño dun campus, instalando nel novas instalacións como a nova escola de enfermería ou a residencia pública.

Polo tanto, imos esperar a que rematen as obras e logo tomarase a decisión.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, os socialistas levamos dende 2017 pedíndolle un plan de usos para este Hospital Provincial. É unha irresponsabilidade que a estas alturas, en 2023, non estea feito este plan.

Ademais, é que vostede falaba de que co Gran Montecelo pois teríamos todas as necesidades cubertas. Vostede non ten en conta todas as carencias que existen na resposta asistencial que presta a nosa sanidade pública na Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés.

O que me parece peor é que isto podería ser unha ocorrencia puntual do candidato á alcaldía do Partido Popular en Pontevedra, froito da proximidade electoral, pero paréceme moito peor que o secunde o conselleiro de Universidades, que tamén é o conselleiro de Cultura, cando estamos a falar dun edificio emblemático.

Pero moito peor é o que vostede dixo hoxe aquí, porque o que denota é que o Partido Popular non ten nin idea. É que non tivo nin sequera a molestia de poder examinar os documentos históricos de cesión que van dende o ano —como dicía— 1489 ata o ano 1996, onde se produciu a cesión ao Sergas deste edificio. En todos estes documentos, e podo traerlle o Pleno do 27 de agosto de 1926 da cesión do concello á deputación, podo traerlle o Pleno do ano 1996 de cesión da deputación ao Sergas, establécese e voulle ler o seguinte: «*El Estatuto impone a la Diputación las obligaciones de orden benéfico y sanitario que ha de cumplir*». Polo tanto, é unha vergoña que a estas alturas non saiban que este uso está condicionado ao que sexa sanitario, que non se tomaran a molestia nin sequera de consultalo.



Señor conselleiro, o que vostedes pretenden facer con este inmovble, ao final, non é outra cousa, e reflicte claramente a actitude que ten o Partido Popular co noso sistema sanitario público; unha actitude de desprezo e de ninguneo cara a algo no que definitivamente vos-tes non cren. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Peché da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Castro, dúas conclusións:

A vostede, o que máis lle preocupa é o que está escrito, ou sexa, como di que ten que ter uso sanitario, cumpramos o documento e fagamos un uso sanitario, inventemos un uso sanitario, con tal de cumprir o que está escrito. Primeira cuestión.

Segunda cuestión, non lle importa en absoluto que os profesionais da Área Sanitaria de Pontevedra, nun exercicio sen precedentes de redacción dun plan funcional, acordasen xuntar todas as estruturas sanitarias na zona de Montecelo. Iso a vostede tampouco lle importa.

Ben, señora Castro, pode estar completamente tranquila. O Hospital Provincial terá o uso acorde á localización que ten e, por suposto, repercutirá ese uso no beneficio de todos os pontevedreses e todas as pontevedresas. Pero se algo está claro, e si lle podo asegurar, é que ese edificio non vai quedar baleiro facendo que se degrade nunha zona tan céntrica da cidade. Se en algo está comprometida a Xunta de Galicia é na recuperación, en darlle unha segunda vida aos antigos edificios que quedaron en desuso, mesmo facendo as modificacións pertinentes se hai un documento que obriga a un uso sanitario e non é necesario ese uso sanitario. O que sería absurdo sería manter un uso sanitario porque non somos capaces de cambiar o que está nun documento. Ben, jasí nos vai!

O que creo é que niso os pontevedreses poden estar completamente tranquilos porque á vista están as obras que a Xunta de Galicia realizou para transformar algunhas infraestruturas sanitarias hospitalarias. Exemplo diso é a reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo, para convertelo na cidade da xustiza, sendo un exemplo de recuperación e integración dun edificio de máis de corenta e catro mil metros cadrados no centro da cidade. Ou a reforma do antigo Hospital de Lugo para a posta en marcha dun centro integral de saúde, cun investimento de doce millóns de euros, para adaptarse ás necesidades da poboación de Lugo, e que proximamente, ademais, se vai poñer en funcionamento con novos servizos.

Traballaremos con todos os actores implicados tanto no eido local como educativo, como asociativo. Dende a Consellería de Sanidade estamos abertos a escoitar e estudar calquera proposta que se nos faga, sempre que repercuta de maneira positiva e conte co apoio da sociedade de Pontevedra.



E insisto: non imos deixar aberto un edificio de uso sanitario porque o diga un documento cando estamos facendo o maior investimento feito en Pontevedra, probablemente en proporción incluso dende 14,96 que dicía vostede, para facer o maior hospital que temos posible nesa cidade; non están aí máis que as obras para poder comprobalo. Cando todo estea aí veremos que é o que se precisa. E se ese espazo non é de uso sanitario, dirémolo, e buscaremos a mellor ubicación e o mellor uso posible —como digo— nunha ubicación tan central como é a do Hospital Provincial de Pontevedra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Paulo Ríos Santomé, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, quixera comezar a miña intervención recoñecéndolle a dubidosa honra de ser o responsable da verdadeira lección de dignidade que está na veciñanza de Moaña, que levan setenta e unha semanas consecutivas de protesta en defensa dos seus dereitos sanitarios. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, hoxe só cabe facerlle unha pregunta e espero que a conteste, é sinxela: ¿cando vai restituír vostede o Servizo de Urgencias na Casa do Mar de Moaña? (*Aplausos.*) É unha pregunta sinxela, que espero que hoxe nalgunha das súas quendas conteste.

A veciñanza de Moaña está farta xa das escusas e das demoras da súa consellería para a restitución do servizo, e non entendemos esta agresión continuada á veciñanza de Moaña. En agosto dicían que ían ver se se podía adaptar o espazo para atender as urxencias, porque dicían que coa situación covid non era axeitado o espazo. En novembro non moveran un papel, xa dixeran que iso non era posible e que habería Urgencias en Moaña cando se cubrisen as vacantes médicas. E onte mesmo, ademais dun exercicio de ética bastante dubidosa, mirabamos o candidato do Partido Popular facer un acto de precampaña co señor Puentes, onde dicía na prensa que as vacantes no concello de Moaña na quenda da tarde xa ían estar cubertas, pero que as urxencias as ían a atender en Cangas.

Eu quero que diga dunha vez a verdade: ¿vai haber Urgencias en Moaña, si ou non? Tiña razón o BNG cando dicía que esta medida a priori puntual, a priori extraordinaria en época de covid ía ter un carácter definitorio e estrutural cando vostedes dicían que non. Dígao abertamente: ¿Moaña vai ter Urgencias, si ou non? ¿E cando as vai ter? Porque xa non caben máis escusas de mal pagador, señor conselleiro.

Como lle dicía, primeiro, era unha cousa, despois, era outra, e vemos como avanza os meses e vemos que no concello de Moaña a Casa do Mar segue sen as súas Urgencias.



Xa non é a primeira vez que debatemos esta cuestión, é que o traslado das Urxencias ao PAC de Cangas tamén trae problemas para a veciñanza de Moaña, e trae para a de Cangas, que ten que absorber ese PAC moita máis xente da que tiña programada nun primeiro momento. ¡Que dicir tamén doutra reclama histórica que temos traído a este Parlamento, como o da ambulancia de reforzo! Cando se lle trasladan as urxencias tamén vemos como aumentan, como se dilatan os tempos de resposta en cuestións que son tempos dependentes na cobertura do servizo de emerxencias.

Polo tanto, a Xunta de Galiza debe cesar o castigo á veciñanza de Moaña, poñan unha ambulancia de reforzo que nos axude nos casos das emerxencias de máxima prioridade, devólvannlle as Urxencias á veciñanza de Moaña e rematen xa coa demolición da sanidade pública galega. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos Santomé.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Ríos, case chega a tempo. Esta pregunta quería tela no pleno anterior, ¿por que? Para facela antes de que se incorporasen, que non foi hoxe, nin onte, senón a semana pasada, os novos propietarios das dúas prazas de facultativo de Atención Primaria en quenda de tarde no Centro de Saúde de Moaña. Pero resolveuse o concurso e esas prazas xa están incorporadas. ¡Mala sorte!, non lles foi posible meter a pregunta hai quince días, e agora están chafados polo peor que lle pode pasar ao BNG: unha boa nova sanitaria nun concello no que gobernan. *(Aplausos.)*

Querían dicir que esas prazas chegaban grazas ás protestas da alcaldesa do BNG, pero a realidade é contraria. Fixeron todo o posible para evitalo; presentaron unha emenda de supresión ao artigo que creou esa nova categoría, que vai permitir compaxinar a atención ordinaria con gardas de PAC; votaron en contra da emenda do Grupo Popular que permitiu convocar esas prazas por concursos de méritos; e votaron en contra do texto final da lei con estes cambios.

Por iso a xente de Moaña ten que saber que se hoxe hai tres médicos máis con praza fixa no Centro de Saúde de Moaña é a pesar do voto en contra do partido da alcaldesa de Moaña. *(Aplausos.)* Agardo que sexan valentes e a señora alcaldesa explique claramente á veciñanza nas súas homilías dominicais que se fose polo seu partido hoxe o centro de saúde da súa vila tería tres facultativos menos, nin o que se incorporou en novembro nin os dous que se incorporaron a semana pasada. A explicación é clara: porque a alcaldesa de Moaña, igual que tantos outros representantes municipais do BNG, considera que cantos máis problemas haxa no centro de saúde do seu concello, máis votos vai ter nas eleccións municipais. E este cálculo partidista está detrás de todas estas posturas sobre a sanidade.

Fala vostede no seu texto da pregunta de que a Xunta fixo modificacións lexislativas que daron gravemente a saúde pública, ¿referíase a esta lei, señor Ríos? Porque o resultado desta



lei foi moi claro: tres facultativos máis para Moaña, co voto en contra do BNG, ademais con praza fixa. Nin sequera lles queda o recurso de falar de precariedade, votaron en contra de médicos estables; aínda que escoitamos esta mañá á señora Prado dicir que as prazas fixas non eran sinónimo de estabilidade.

Médicos que, ademais, van cubrir gardas no PAC, que vostedes din na súa pregunta que necesita máis persoal. Pero, iso si, votan en contra de que se incorpore máis persoal a facer gardas nel. Pois miren: agora, mal que lles pese, xa teñen máis persoal. Grazas a esa modificación lexislativa á que vostedes se opuxeron de xeito tan teimudo.

E estes novos profesionais non danan gravemente a sanidade pública; se cadra, danan gravemente as expectativas electorais da alcaldesa de Moaña, que parece ser que lamentablemente é o único que lles importa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, ten vido aquí vostede moitas veces e eu creo que esta é a intervención máis cuestionable, incluso máis noxenta, que lle escoitei en todo o tempo que levo e que leva vostede tamén de conselleiro: a criminalización da veciñanza que protesta contra os seus recortes e o que estamos facendo na sanidade pública. Porque non é a alcaldesa de Moaña a que está alí todos os domingos soa. Débolle lembrar que todas as mocións e declaracións institucionais aprobadas no Concello de Moaña con estas mesmas cuestións que hoxe traemos aquí teñen o voto favorable do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O voceiro do Partido Popular nas manifestacións está coa vila de Moaña, está coa veciñanza de Moaña e en contra de vostedes. O propio voceiro do Partido Popular e concelleiros e concelleiras en Moaña están mobilizándose coa veciñanza de Moaña.

Pero supoño que é moito máis fácil criticar o BNG, atacar o BNG. Ademais, eu pensei que isto era unha sesión de control ao goberno non á oposición, supoño que van entendendo o que lles toca, pero hoxe as preguntas fágoas eu e vostede ten que responder. *(Aplausos.)* E fíxenlle unha pregunta moi clara: ¿cando van estar as Urgencias de Moaña restituídas?

Porque se me escoitase cando falamos, se me escoitase cando se lle fai un control como conselleiro, sabería que o acabo de dicir, que as vacantes e as prazas están cubertas. Díxeno na miña primeira intervención: non o faláron coa alcaldesa, non o faláron coa Mesa da sanidade nin coa plataforma, non o faláron con ninguén, menos co candidato do Partido Popular. ¡Incríble! ¿Quen está buscando un puñado de votos e onde, señor conselleiro?, ¿quen? *(Aplausos.)*

Polo tanto, responda, xa non lle pido que responda a máis, responda simplemente á única pregunta que lle fago eu e que lle fai a veciñanza do concello de Moaña: ¿cando vai restituír



vostede o Servizo de Urxencias na Casa do Mar de Moaña? Non valen máis escusas, señor conselleiro. Dígao claro: ¿vano facer, si ou non? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Peché da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Ríos, aquí o único que criminaliza é o BNG. Esta mañá só oímos falar de morte, destrución..., en fin, cousas deste tipo. *(Murmurios.)*

Sobre a prestación centralizada das Urxencias do PAC de Cangas voulle dicir algo que adoita repetir moito a súa compañeira a señora Prado, a mesma que dicía esta mañá, que falaba de morte. E non se preocupe que non lle vou chamar nada que teña que ver coa saúde mental.

A señora Prado sempre di «escoiten aos profesionais». ¡Ah!, pero ese consello parece que remata cando os profesionais din xusto o contrario ao que di o BNG. E os profesionais de Moaña e de Cangas levan tempo dicindo, a quen queira escoitalos, por suposto, vese que non o Bloque, que prefiren estar xuntos no PAC de Cangas para dar unha mellor atención sanitaria á poboación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é o que din os profesionais sanitarios.

Lémbrolle que acabamos de dotar o PAC de Cangas do Servizo de Radioloxía en quenda de tarde. Supoño que iso será outro deses famosos recortes de servizos sanitarios que sofre a veciñanza de Moaña.

Pero é certo que se podían ter tomado medidas para que houbera xa un espazo apto para a prestación dun servizo de urxencias o máis próximo posible a Moaña. Por exemplo, se estivera xa en funcionamento o centro integral de saúde do Morrazo, na zona canguesa da Rúa, que unificaría a atención das Urxencias de dous concellos en lugar... *(Murmurios.)*

Presidente, por favor, é que así é difícil.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Dicía que este centro unificaría a atención dos dous concellos nun lugar máis accesible para ambos. O caso é que levamos dende o 2018 agardando polos terreos para construír esa infraestructura, e parece ser que o Goberno local de Cangas agora vai ver a viabilidade dos terreos.

Por iso en febreiro do 2020 tocoume a min como xerente da área sanitaria e pactamos coa alcaldesa de Moaña que o novo centro de saúde de Moaña, en Sisalde, tería un espazo para o PAC transitorio mentres non estivese o CIS do Morrazo. E así foi no plan funcional dese novo edificio. ¿E que ocorreu? Pois que tivemos que agardar ata o verán de 2022, hai uns meses, para que o Goberno local de Moaña cedese á Xunta esa parcela. A Xunta adiantara a licitación, adiantara a adxudicación, supervisara o proxecto e incluso tiña os pregos da obra. Tanto é así... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tanto é así que inmediatamente que



puidemos dispoñer da parcela... *(Murmurios.)* Por favor, é que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

As verdades deben doer un pouquiño. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ¿como que? As verdades doen, ¿non?

O señor PRESIDENTE: Señor Ríos, por favor, ¡silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Escoiten as verdades. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Ríos, non está vostede no uso da palabra. Silencio, por favor.

Prosiga, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): O que dicía é que a Xunta adiantou todos os seus procesos e —como dicía— inmediatamente despois de dispor desa parcela, en setembro, directamente licitamos a obra, nove millóns de euros para a atención primaria de Moaña. Estes deben ser os famosos recortes tamén dos que fala o BNG.

Polo tanto, agora temos xa trece ofertas; xa se estudaron as partes técnicas, esta semana estúdase a oferta económica e, en cuestión de semanas, imos ter iniciada a construción dese novo centro que vai duplicar a superficie en infraestruturas actuais.

Lémbrolle que desde febreiro do ano 2020 ata agosto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

De verdade, é difícil... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, estou compensando o tempo da interrupción.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Se escoitaran entenderíase a resposta.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Si, home si. Agora son eles. *(Murmurios.)* Si, home si.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): O que veño dicir: lémbrolle que dende febreiro de 2020 ata agosto de 2022 dous anos e medio agardando polos trámites do Concello de Moaña. E a Xunta resolveu os seus en seis meses. Esa é a resposta, señor Ríos. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención do servizo de pediatría na comarca de Monterrei

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Noa Presas Bergantiños, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde, señor Comesaña. *(Óese un son ruidoso continuo de fondo.)*

Hai un ano e medio vostedes suprimiron, vostedes, o Goberno do Partido Popular, unha das tres prazas de Pediatría do Centro de Saúde de Verín. Hai tres... *(Segue a oírse un son ruidoso de fondo.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da señora Presas.

A ver, proba agora a ver.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¡Ola! *(Continúa a oírse un son ruidoso de fondo.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Aí hai algo que...

Ben, proba desde o lado. A ver, non sei, proba outra vez. Se non pasas ao do lado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano da señora Presas.

A señor PRESAS BERGANTIÑOS: Como lle dicía, señor Comesaña, hai un ano e medio, vostedes, o Goberno do Partido Popular, suprimiron unha das tres prazas de Pediatría do Centro de Saúde de Verín. Sabe vostede tamén, por moito que negue coa cabeza, e sábeo a veciñanza de Verín que está pedindo que isto se corrixa, que hai tres meses, de dúas destas pediatras, unha delas colleu unha excedencia por unha cuestión humanitaria durante un tempo e que, polo tanto, de tres a veciñanza de Verín quedou cunha praza de Pediatría. O cal é absolutamente insuficiente para máis ou menos catro mil nenos e nenas.

As consecuencias víronse enseguida: semanas de espera, consultas ralentizadas, revisións atrasadas, e as consecuencias fixéronse notar, porque tamén o hospital, cando as familias non teñen outro remedio que ir ás Urxencias do hospital comarcal, está saturado. ¿Cal é a consecuencia para isto, para, por exemplo, unha familia de Laza, que, de súpeto, o máis habitual, mes de inverno, o seu fillo ou a súa filla tiña unha afección respiratoria que non dea remontado, que estean preocupados e preocupadas por se é algo realmente grave?, ¿que acaba acontecendo? Pois que esa familia ten que coller e esperar horas e horas para ser aten-



dido, que ao mellor non é atendido e ten que coller o coche hora e media a Ourense para atoparse tamén cunhas Urgencias na cidade de Ourense absolutamente saturadas. Esa é a situación, unha situación límite.

E por iso as familias levan meses protestando, por iso levan meses dirixíndose co silencio da Xunta de Galiza á porta da Delegación de Ourense, por iso hai convocada unha manifestación para este sábado, si unha manifestación, e por iso o Bloque Nacionalista Galego trasladada hoxe aquí as súas demandas, señor conselleiro. E hoxe, casualmente hoxe, ¡unha casualidade!, hoxe comezou a traballar un profesional máis no Centro de Saúde de Verín.

Eu desde aquí, no meu nome persoal e no nome do Bloque Nacionalista Galego, quero agradecerlle ao señor Losada a súa vocación de servizo público con toda a sinceridade. Agora ben, sábeno en Verín, sábeno na bisbarra de Monterrei e sábéo vostede, dentro de catro meses, cando esta persoa cumpra os setenta e dous anos, este parche caerá outra vez e o Centro de Saúde de Verín volverá contar cun insuficiente pediatra, señor Comesaña.

Polo tanto, eu hoxe aquí, ademais de parabenizar a comarca de Verín por ter protestado, teño que lamentar que o Goberno galego funcione así. Se non se planta a veciñanza, non se restitúen os servizos que o seu goberno lle recorta. (*Aplausos.*) Iso, o primeiro.

E o seguinte, o que quero aquí, señor Comesaña, é unha resposta, porque a veciñanza o que está preguntando hoxe é: ¿que vai facer o seu goberno, o Goberno do Partido Popular, para garantir que de forma estable o Centro de Saúde de Verín teña os tres pediatras que necesita?, ¿que é o que van facer? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

A verdade, señora Presas, é que cando lía a exposición de motivos da súa pregunta non me quedaba moi claro o que dicía que está mal na atención primaria, na atención pediátrica, no hospital... A verdade é que é difícil, e coa súa exposición menos. Máximo cando, por exemplo, non sabe nin cantos nenos hai na comarca; hai dous mil cincuenta, non catro mil.

Pero ben, dito isto, como vexo que vostede fai unha crítica xeral, que debe ser que non coñece ben cal é a situación da pediatría na comarca de Verín, vou tratar de explicarllo o mellor posible, porque supoño que o que dixo foi un erro e non por mala fe.

No día de hoxe, o Centro de Saúde de Verín ten dotadas tres prazas; non se anulou ningunha praza —segunda corrección despois do número de nenos—. Están as tres prazas dotadas para unha poboación —como digo— de dous mil cincuenta TIS. Desafortunadamente, unha das prazas é unha vacante pura que foi ofertada reiteradamente e sempre quedou baleira



por indispoñibilidade de pediatras nas listas. Supoño que vostede saberá que a Pediatría de Atención Primaria é unha das especialidades máis deficitarias xunto con Medicina Familiar e Comunitaria, e por iso resúltanos complexa a cobertura destas prazas no conxunto do Estado, non soamente en Galicia. Pero aínda así a praza seguírase ofertando de maneira reiterada, na procura de que un pediatra cubra esa vacante de Verín no centro de saúde.

Respecto das outras dúas prazas de Pediatría, estas atópanse cubertas por dous especialistas. Tócanlle a mil vinte e cinco TIS por cada pediatra. Tampouco o saberá, pero a media aceptada en todo o Estado é de novecientos sesenta TIS. É dicir, que incluso con dous pediatras eses pediatras teñen a media recomendada polo ministerio de TIS de Pediatría.

Unha delas, efectivamente, ten unha excedencia por servizos especiais por ser cooperante dunha ONG en África, onde se atopa actualmente traballando ata o vindeiro mes de maio. En maio esta pediatra volve a Verín. ¿De acordo?

A outra pediatra é a que se fai cargo da poboación cativa durante todos os mecanismos dispoñibles, como son as intersubstitucións e as prolongacións de xornada. Grazas á dilixencia e ao bo facer desta pediatra mantén a situación da Pediatría na comarca en orde. Froito diso é que calquera cativo da comarca, incluso ese de Laza que vostede comenta, se procura unha cita de Pediatría pode conseguila para o día seguinte se é na pediatra que está traballando, e se é na pediatra que está agora mesmo fóra tena en dous días. Polo tanto, estamos falando dunha demora máxima de dous días de Pediatría na comarca. Pero no caso de que exista unha urxencia, todos os nenos da comarca neste caso teñen garantía de atención pediátrica urxente acudindo ao hospital, onde —como tamén debera saber— hai dous pediatras cubrindo as urxencias pediátricas.

Así que, señora Presas, para desgusto do BNG, a atención dos cativos da comarca está garantida por ambas as canles, tanto pola atención primaria como pola atención hospitalaria de ser o caso. E, por certo, sen necesidade de ter que desprazarse a Ourense debido a derivacións constantes que vostede se inventou, se me permite. Poden ir perfectamente como digo ao Hospital de Verín ou ao centro de saúde, salvo que vaian a unha especialidade como Neuropediatría ou outras.

Pola nosa parte seguiremos traballando na cobertura desa praza de Pediatría de Atención Primaria para permitir coordinar de maneira máis axeitada o traballo e, por suposto, ese labor humanitario que fai esa profesional.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, nesta altura do pleno descubrimos que ao señor Comesaña non lle gustan as mobilizacións, tampouco lle gusta como redacta o BNG, pois intentareime esmerarme máis na miña capacidade sintáctica na próxima iniciativa que teña



que vir vostede responder aquí, que me temo que tal e como está a situación da pediatria en Ourense non lle queda nada por diante.

Mire, xa de verdade: teñan un pouco de humildade e un pouco de vergonza incluso, se mo permite, porque vir aquí dicir que nos inventamos os problemas é que non está insultando ao BNG, non está insultando a esta voceira, está insultando a todas as persoas que asinaron (*Aplausos.*) dirixida á súa consellería, tres mil cincocentas persoas, unha petición de solución. ¿Que está dicindo, que o están inventando?

Eu, se quere, doulle o teléfono de Lucía, dunha nai de Laza que me chamou desesperada este Nadal pola cuarta vez que tivo que ir a Ourense, señor Comesaña. E dille vostede a esa nai que está inventando os problemas e que está inventando a realidade. (*Aplausos.*) Se quere, falamos diso.

Ou, se quere, falamos de que baleiras tamén quedaban as prazas no Hospital de Verín na sala de partos que vostedes querían pechar, ata que a sociedade se mobilizou e tiveron que rectificar e tiveron que crear condicións (*Aplausos.*) para atraer ás e aos profesionais. E a realidade é que agora aqueles nenos e nenas que vostedes non querían que nacesen en Verín, estanse atopando con que non teñen un servizo suficiente de Pediatría.

E en orde a situación non está, por moito que vostedes intentasen poñer parches. A nós parécenos estupendo que haxa unha solución para os próximos meses para complementar horas; a nós parécenos adecuado que ás veces se poidan poñer mecanismos momentáneos para as baixas por enfermidade ou as vacacións das e dos profesionais. Pero sabe vostede perfectamente que o que están denunciando as familias é certo, que hai revisións pediátricas dos nenos máis maiores que teñen demoras de máis de tres meses. E sabe vostede tamén que as e os profesionais do Hospital Comarcal están saturados pola cantidade de crianzas que acaban indo ao hospital porque non teñen unha consulta pediátrica...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...durante máis dun mes, por exemplo, como debería ter.

Entón, teñan un pouco de decencia... (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Presas, non é a cuestión de redacción, é cuestión do que vostede expuxo aquí. Utilizou un dato duplicado: catro mil nenos cando hai dous mil. Dixo... (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, o Centro de Saúde de Verín; de momento na comarca hai pediatras.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: En Verín, non...

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Dous mil cincuenta nenos neses cupos. Vostede di que amortizamos unha praza e é mentira, non amortizamos ningunha praza, pode ver vostede como estamos buscando para conseguilo reiteradamente.

Hai agora mesmo unha pediatra facendo o seu cupo e atendendo mediante mecanismos perfectamente establecidos e legais cubrindo os demais. Ademais, como vostede acaba de dicir, incorpórase un médico ata maio que este persoal chegue. Polo tanto, en maio imos ter dous pediatras de mil vinte e cinco nenos cada un. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, dous, imos ter dous, pero dígolle que imos seguir buscando ese terceiro pediatra. ¿E sabe como imos facelo? Coa Lei de comarcais, unha convocatoria de prazas de concurso de méritos, á que vostede precisamente votou en contra para que non se puidese facer.

Polo tanto, este goberno segue buscando mecanismos para dotar neste caso os pediatras da comarca de Verín dos seus recursos, cubrindo por suposto as prazas de Pediatría do hospital, que tamén están aí, para cando haxa algún problema poidan acudir os nenos, neste caso, ao Hospital de Verín. Polo tanto, non inventen problemas.

Nós, por suposto, entendemos que no Nadal houbo problemas porque esta pediatra que queda e a que estaba tamén tivo que coller días libres, pero acábolle de dar o dato de que a demora na comarca de Verín é de dous días para Pediatría, dous días. Se vostede me di que hai un programa do Neno san que non se está cumprindo a rajatabla, pode ser, non lle digo que non, porque é precisamente programa do Neno san.

Pero, dende logo, esta consellería fai todos os esforzos necesarios na súa man para que esa comarca teña os pediatras necesarios. Acabamos de demostralo hoxe mesmo coa incorporación deste pediatra, e seguiremolo demostrando convocando esta praza de Pediatría para ter as tres e demostrando unha vez máis que non é certo que amortizáramos esa praza, que acabamos de convocar para que a comarca de Verín teña os tres pediatras.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir a falta de facultativo no Consultorio periférico de Corrubedo

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Rosana Pérez Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, boa tarde.

Imos seguir inventando, señor conselleiro. (*Aplausos.*) Dos cinco consultorios periféricos existentes na comarca da Barbanza, dous, o de Taragoña e o de Cabo de Cruz, que sumaban



case tres mil pacientes, continúan totalmente pechados desde a pandemia, desde o 2020, señor Comesaña, que foi precisamente a pandemia a xustificación que vostedes atoparon para pechalos definitivamente. Dos outros tres, en dous, Palmeira e Corrubedo, tiveron que mobilizarse os seus veciños e veciñas para conseguir que aínda sigan abertos.

No caso de Corrubedo, a veciñanza denunciou a falta do único médico do seu consultorio desde o 7 de novembro, tendo que desprazarse a Ribeira para ser atendida nun centro de saúde desbordado e onde a falta de persoal é escandalosa desde hai moito tempo. Foron as mobilizacións da veciñanza de Corrubedo as que conseguiron que o seu consultorio non se pechase.

A Consellería dixo que era un problema puntual pero ao mesmo tempo advertiu de que era posíbel que non se recuperase o horario completo porque —leo textual— «non hai cartillas suficientes». Ninguén sabe en Corrubedo cal é o número de cartillas que vostedes na súa consellería consideran suficientes, porque segundo os seus propios datos, señor conselleiro, no ano 2017, últimos datos que figuran na páxina do Sergas —podían xa actualizalos, ¿verdade?—, pois atendéronse no Consultorio de Corrubedo 5.156 consultas de medicina xeral e 3.663 de enfermería.

¿En que momento, señor conselleiro, deixaron de ser suficientes as cartillas para que se rescindise o servizo sen ningún aviso previo? Polo de agora o consultorio mantense aberto, máis nin sequera todos os días e moito menos con facultativo a xornada completa. Pero a situación faise aínda máis insostíbel cando a súa consellería bota man do persoal do Centro de Saúde de Ribeira, onde teñen normalmente a metade dos médicos que lle corresponden, ou mesmo manda atender en Corrubedo tamén de xeito incompleto o médico que recentemente se incorporou a Palmeira, ou cando non pechan vostedes o servizo sen que os usuarios ou as usuarias teñan coñecemento máis que no momento en que van solicitar a cita.

A nosa pregunta desde a comarca da Barbanza tamén é moi clariña, señor conselleiro: ¿cando e en que condicións vai a Xunta de Galiza cubrir a falta de facultativo no Consultorio periférico de Corrubedo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señora Pérez, antes de comezar permítame corrixir esa mentira constante que o BNG intenta enganar sempre con ela. A Xunta de Galicia non levou a cabo nin leva unha política de recortes na sanidade pública galega e para exemplo os orzamentos de 2023, os cales medraron máis de trescentos oitenta e tres millóns de euros, acadando os case cinco mil millóns de euros, e concretamente no programa de Atención Primaria incrementouse en cento trinta e sete millóns de euros para acadar por primeira vez os mil cincocentos millóns de euros, o trinta e un por cento do orzamento da consellería. Aínda que a vostede isto non lle debería estrañar porque para algo é a presidenta da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos deste Parlamento.



Así que, partindo da base de que o seu principal argumento é totalmente errado, poderá entender que a situación que está a acontecer no Consultorio de Corrubedo non vén provocada por estes falsos recortes dos que vostede fala.

Non sei se sabe que actualmente o conxunto das comunidades autónomas estamos atravesando un problema xeral de escaseza de determinadas especialidades, especialmente de Familiar e Comunitaria. Isto fai que nalgúns centros de saúde e consultorios teñamos problemas, efectivamente, para cubrir as vacantes que se xeran, como as substitucións de permisos, como acabamos de velo agora no caso de Verín, ou no caso de Corrubedo, unha baixa de longa duración.

Este e non outro escuro motivo é o que nos obriga a reorganizar a asistencia sanitaria en determinados centros, en especial nos consultorios, para poder prestarlles ese servizo aos cidadáns.

Para garantir a asistencia sanitaria vémonos na obriga de levar a cabo diferentes medidas para paliar esta situación: prolongación de xornadas, intersubstitucións, reordenación de cupos ou mesmo a aprobación de leis que permitan dar cobertura ás prazas por concurso de méritos, que vostedes votan en contra.

Froito deste traballo é que actualmente o Consultorio de Corrubedo conta coa atención médica diaria grazas a diferentes profesionais sanitarios, adaptando os recursos existentes á poboación asignada a este centro.

Xa que o Consultorio de Corrubedo ten asignado un cupo de seiscentas dezanove TIS, moi inferior ás mil dúascentas de media que temos en Galicia e moi por debaixo das mil quiñentas que recomenda o ministerio, e estando ademais este consultorio a sete minutos dun centro de saúde e a sete minutos doutro centro de saúde, o que estamos facendo con ese cupo tan pequeno, unido á baixa actividade asistencial nos anos 2020 e 2022, permite realizar no día de hoxe unha media de vinte e cinco consultas diarias. Vostede falaba de cinco mil; cinco mil consultas ao ano son vinte e dúas consultas ao día, e estamos facendo vinte e cinco consultas diarias; é dicir, estamos cubrindo a demanda ordinaria nese centro de saúde. E iso estámolos facendo —insisto— grazas a eses profesionais que están facendo prolongacións de xornada ou intersubstitucións.

Polo tanto, non hai persoas desatendidas nese consultorio periférico.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Sen acritude, de presidenta a conselleiro: (*Aplausos.*) dos trescentos e pico de millóns que di vostede que incrementaron para Atención Primaria a Corrubedo non chegou absolutamente nada. ¿Sabe por que non chegou? Porque o médico que tiñan diario, que era o seu médico todos os días durante tempo, que os atendía, que os coñecía, desapareceu. A súa intención, igual que nos outros



consultorios que permanecen pechados na Barbanza, era inicialmente pechalo, por esas mesmas razóns que acaba de dar vostede: polo número de cartillas e pola distancia ao centro de Ribeira.

Señor conselleiro, vostedes levan anos fachendeando de que fan máis con menos. ¿A que se refire, señor conselleiro, cando di isto?, ¿a que cada vez máis persoas temos menos servizos públicos?, ¿a que pechan cada vez máis consultorios dando vostedes menos explicacións?, ¿a que máis presión asistencial, máis cartillas para cada médico, máis xornadas prolongadas e máis precariedade teñen como resultado cada vez menos médicos que queiran traballar na nosa sanidade pública? ¿Refírese a iso, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

En Corrubedo, non só teñen falta dun servizo médico de calidade a tempo completo, que é o problema principal, tamén, señor conselleiro, están a aturar a falta de información e o trato ás persoas que necesitan da sanidade pública e que son desatendidas sen explicacións, ou son atendidas por persoal médico diferente cada vez, en horario incompleto, ou que se ven obrigadas a desprazarse con todos os inconvenientes que iso carrega. Porque, señor conselleiro, sete minutos —ten vostede mal o cronómetro—, dez minutos, os que sexan, son unha auténtica tortura para unha señora de oitenta e cinco anos que non ten coche propio na súa casa e que ten que desprazarse de Corrubedo a Ribeira para ir ao médico.

O resultado de toda a súa política, señor conselleiro, tamén na comarca da Barbanza, é unha atención sanitaria cada día máis nefasta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e o empeoramento galopante...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Tamén, señora Pérez, sen acritude, de conselleiro a presidenta: vostede non leu os orzamentos. Se vostede os lese vería que deses trescentos noventa e tres millóns, hai catro millóns de euros destinados a recoñecer o traballo que os médicos de atención primaria fan cubrindo os compañeiros que faltan. Porque este é o caso, é un médico que está en IT e cóbrenlo outros compañeiros. É tan sinxelo coma iso.

Considero que o noso compromiso coa sanidade pública galega e coa poboación de Corrubedo é firme e á vista está. Como lle comentei na miña primeira quenda, estamos levando a cabo diferentes medidas para garantir unha atención diaria no Consultorio de Corrubedo, e está-molo a facer. A asistencia sanitaria está garantida para toda a poboación, aínda que vostede se afane en dicir que está desatendida. Creo que aínda esta forma de cobertura da vacante



non sexa máis cómoda para os veciños de Corrubedo, e pedímoslles desculpas por iso, este procedemento permítenos garantir todos os días que contén coa atención médica.

Froito diso é que no día de hoxe non existen demoras nas consultas presenciais neste centro, co que se obtén cita para o día seguinte. Iso é o que realmente interesa: que os pacientes desta zona pidan cita e teñan cita ao día seguinte. Hai un médico todos os días nese centro de saúde, a pesar de que ten a metade da poboación nominalmente asignada a un facultativo.

Pola nosa parte, manteremos esta organización da atención sanitaria ata que atopemos un medio que nos permita dotar o consultorio dun médico fixo ou se incorpore o médico que está de baixa.

Polo que á Consellería de Sanidade se refire, continuaremos traballando arreo para dar cobertura ás prazas vacantes que haxa nos distintos centros, aínda que sexa sempre co voto en contra do BNG.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar o sector do cerco de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Patricia Otero Rodríguez, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Como todas sabemos, as negociacións dos TAC e cotas, e para o ano 2023, arroxaron, entre outros resultados, que o xurelo do Cantábrico só se poderá pescar dun xeito accesorio, polo tanto, non poderán ir a unha pesca dirixida e terán que ir non dun xeito accidental.

Para os cerqueiros que capturan xurelo na zona VIIIC esta repartición penalízaos claramente, xa que este é o sustento económico do sector do cerco en Galicia, do que viven arredor de setenta e tres embarcacións nesta zona da que estou falando e máis de mil mariñeiros, ao ser altamente dependentes da captura do xurelo e que este ano só poderán pescar de xeito accesorio como dixeran anteriormente.

Polo tanto, é preciso o respaldo tanto do Goberno central como da Xunta de Galicia, que pasa, entre outras medidas, por unha parada temporal da frota afectada pola cota do xurelo e que debe levar consigo aparelhadas axudas que permitan dalgunha maneira axudar ao sustento do sector e que lle permitan subsistir ata a apertura de novas campañas, como son a da xarda e da anchoa. Proposta esta que levou o meu grupo parlamentario á Comisión de Pesca da semana pasada e que resultou aprobada por unanimidade.



Ademais, tamén entendemos que as administracións da Xunta de Galicia e do Goberno central deben traballar co propio sector para mellorar a repartición de cotas de cara á campaña do 2024. Pero, claro, non vemos ningunha actuación proactiva por parte da conselleira de cara a axudar este sector. As actuacións súas, señora conselleira, limítanse a: a señora Quintana augura dificultades para a frota do cerco galego, a señora Quintana critica o Goberno central, a señora Quintana reclama ao Goberno central, a señora Quintana como mera comentarista da xogada. Parécese vostede máis ben a unha periodista coa que comparte apelido que a unha conselleira dun goberno autonómico que pode e debe adoptar medidas para apoiar un sector que o está a pasar realmente mal, como é o sector do cerco galego que faena na zona VIIC.

Señora Quintana, nós hoxe o que lle queremos preguntar e queremos saber é que vai facer realmente a súa consellería para axudar o sector do cerco galego. ¿Vai poñer o Goberno autonómico medidas económicas propias para acompañar eses profesionais nesas paradas temporais voluntarias? ¿Vai a Xunta de Galicia cumprir o acordo parlamentario acadado a semana pasada?

O Goberno central vai poñer e articular esas medidas económicas, ¿vai facer o mesmo o Goberno da Xunta de Galicia? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

Para dar resposta ten a palabra a señora Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Otero, a Comisión Europea formulou en outubro de 2022 a súa Proposta de regulamento do Consello pola que se fixaban para o 2023 as posibilidades de pesca. Ante este escenario proposto pola Comisión e con anterioridade á celebración do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, a Consellería do Mar remitiu ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e á Reper o informe socioeconómico do impacto do axuste negativo da cota de xurelo norte en Galicia. O informe cifra en preto de trinta millóns de euros o impacto que tería na economía de Galicia a proposta de establecer en 2023 un TAC cero para o xurelo, tanto en augas do Cantábrico, entre Fisterra e o golfo de Biscaia, como no Atlántico noroccidental.

Galicia aportou este informe co obxectivo de defender os intereses da súa frota. E lembrou que esta proposta de peche da pesqueira afectaría distintas frotas: arrastre e palangre do Atlántico nororiental; arrastre de litoral; cerco, volanta e palangre de fondo, e artes menores, incidindo na actividade en preto de tres mil oitocentos tripulantes e cun impacto directo en primeira venda de arredor de doce millóns de euros.

Desgraciadamente, o resultado do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea do 13 de decembro foi negativo para Galicia e para España, pola falta de capacidade de negociación da delegación española, que volveu practicamente como foi a Bruxelas, e tamén debido á



intransixencia da Comisión Europea, que volveu basear todas as súas decisións en aspectos ambientais, sen atender aos criterios económicos e sociais.

No caso do xurelo do Cantábrico e de Gran Sol, fronte á proposta de peche da pesqueira, estableceuse un TAC de quince mil toneladas, das cales tres mil lle corresponden a España, o que supón un recorte do oitenta por cento en relación co 2022. Ademais, esta cota queda condicionada á pesca accesoria, que complica aínda máis a actividade da frota afectada e especialmente a dos preto de cento cincuenta cerqueiros cos que conta a nosa comunidade.

Así, o que fixemos dende a Consellería do Mar ao día seguinte de chegar de Bruxelas foi convocar o Consello Galego de Pesca, e á semana seguinte reunimos a Comisión sectorial do cerco do Consello Galego de Pesca. Nestas xuntanzas, a Xunta e os representantes da frota de cerco constatamos a necesidade de que España adopte medidas para garantir a viabilidade do sector ante o recorte das posibilidades de pesca do xurelo no Cantábrico e en augas do Gran Sol. Coincidimos na necesidade de que o Goberno central estudase medidas como unha posible parada biolóxica para as frotas do Cantábrico e a habilitación das correspondentes axudas co obxectivo de que a súa actividade poida ser rendible.

Así se lle trasladou ao Executivo estatal, que é quen ten as competencias sobre a repartición no caladoiro nacional na reunión do 21 de decembro entre a Secretaría Xeral de Pesca do ministerio, representantes do sector e das comunidades autónomas, na que o Goberno central recolleu boa parte das peticións da Xunta e do sector.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten novamente a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas.

Señora Quintana, a verdade é que non me respondeu á pregunta que lle formulamos dende o meu grupo parlamentario. E esa pregunta é moi sinxela, pois é se a Xunta de Galicia vai articular medidas económicas e vai poñer medidas económicas para axudar o sector do cerco que tan mal o está pasando no día de hoxe. Porque vostede só fala de Madrid, vostede só fala do ministerio, foi no que baseou toda a súa iniciativa. Pero, señora Quintana, é que non estamos a falar hoxe de Madrid, estamos a falar de Malpica, estamos a falar de Camariñas, estamos a falar de Sada e estamos a falar de Portosín, (*Aplausos.*) que son os portos máis prexudicados con esta restrición na pesca do xurelo. (*Aplausos.*)

E eu repito, señora Quintana, por se non me entendeu: ¿cal vai ser a posición da Xunta de Galicia neste tema? ¿Vai axudar economicamente a Xunta de Galicia —porque o Goberno central vaino facer— o sector do cerco galego? ¿Ou vai actuar como xa nos ten acostumados vostede con este sector, co sector do cerco galego?



¿Vai actuar como actuou o Goberno galego, e nomeadamente vostede, señora Quintana, a finais do ano 2015 e principios do 2016, cando os cerqueiros galegos estiveron máis de tres meses acampados diante das portas de San Caetano; máis de tres meses que estes cerqueiros non saíron a faenar, polo tanto, non tiveron ingresos; máis de tres meses nos que vostede, nomeadamente, non se dignou nin a recibilos e moito menos a escoitalos ou a negociar con eles? Señora conselleira, ¿esta vai ser a axuda que vai recibir o cerco galego por parte da Xunta de Galicia?

¿Van volver actuar como actuaron a finais de 2015 e a principios de 2016, cando agora volve lanzar un SOS o sector do cerco galego pedindo axudas tanto ao Goberno central, que si que as vai poñer, como á Xunta de Galicia?

¿Vai a Xunta de Galicia cumprir con ese acordo parlamentario adoptado por unanimidade polos representantes dos grupos parlamentarios presentes nesa comisión? ¿Vai respectar ese acordo parlamentario e vai articular medidas económicas para axudar o sector do cerco ou vai actuar como actuou o Goberno galego...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...no 2015 e no 2016? (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica ten novamente a palabra a señora Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Otero, eu o primeiro que lle vou dicir é que creo que vostede se equivoca de foro. A pregunta que está vostede a facer aquí neste Parlamento téñena que facer no Congreso dos Deputados, porque o que estamos esperando é que o Ministerio convoque a Comisión sectorial para que nos dea os fondos necesarios para poder habilitar as axudas.

¿E por que digo isto? Porque é o Goberno central o que ten a competencia para regular as paradas biolóxicas, señora Otero. Por se non o sabe, e pódello preguntar tamén ao seu ministro ou á secretaria xeral de Pesca, son eles os que teñen a capacidade para regular todas as paradas biolóxicas no caladoiro nacional, porque, como vostede ben sabe, este paro ten que afectar a frota de Galicia, de Asturias, de Cantabria e do País Vasco. Polo tanto, as reparticións teñen que ser iguais para todas as frotas.

Esa é a situación que ten atribuída o Goberno central como competencia exclusiva. Nós, a Comunidade Autónoma de Galicia, si que nos ofrecemos para tramitar as axudas unha vez que na Conferencia sectorial se repartan os fondos necesarios.

Pero eu, señora Patricia, vostede saca aquí o que pasou no ano 2015, no 2016... non sei en cantos anos pasou. O que pasou no ano 2015 foi sinxelamente que Galicia conseguiu que o



noventa e oito por cento da cota do xurelo se poida pescar pola frota galega. Iso é o que conseguiu Galicia, *(Aplausos.)* a contragusto do que vostedes buscaban, porque non lles valía esa repartición. *(Aplausos.)* Agora o sector do cerco é plenamente consciente de que a repartición que obtiveron foi a mellor posible.

Nós o único que estamos agardando, señora Patricia, é que o Ministerio termine de axustar as novas reparticións na Secretaría Xeral de Pesca, se senten nas sillas que se teñen que sentar, convoquen a Conferencia sectorial, atendan as peticións que se fixeron desde Galicia. Porque aquí si que estamos cumprindo o compromiso acadado na Comisión 8ª. Traballamos antes de ir ao Consello de Ministros aportándolle os datos necesarios ao Goberno de España para que soubese defender a súa frota. Dixemos nada máis terminar o Consello de Ministros que a repartición non era boa para Galicia, mentres que o ministro Planas saíu dicindo que era un resultado moi satisfactorio. Xa vemos onde está o resultado satisfactorio e xa vemos como traballan vostedes por defender os intereses de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Ben, como xa se comunicou, agora a continuación hai un punto 8.

Designación dun candidato ou dunha candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado

O señor PRESIDENTE: A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do 7 de febreiro de 2023, acordou abrir un prazo para que cada grupo parlamentario puidese propor un máximo dun candidato ou unha candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado ata as 18.30 horas do pasado día 7.

A elección, consonte as normas reguladoras, efectuarase segundo o previsto no artigo 91 do Regulamento, é dicir, secreta, por papeletas, facéndose o chamamento por orde alfabética.

Para a emisión do seu voto, as súas señorías dispoñen dunha papeleta cunha lista única pechada, na que consta o nome do candidato proposto e un recadro ao lado.

O voto expresarase do seguinte xeito: a favor, marcando cunha aspa no recadro, ou en branco, que é suficiente con que non cubran a aspa. Considéranse nulas as papeletas nas que se introduza calquera sinal ou inscrición distinta da aspa sinalada.

Rematada a votación e efectuado o escrutinio, proclamarase elixido o candidato se obtén a maioría simple.

Polo tanto, supoño que as súas señorías están en posesión das papeletas, que xa as están repartindo. Se hai alguén que non a teña agradezo que nolo comunique. E unha vez que estean repartidas procederemos ao chamamento, que fará a secretaria da Mesa do Parlamento.



E prégolles á vicepresidenta primeira e á vicesecretaria que se sitúen ao carón da urna para a recollida das papeletas.

(Pausa.)

¿Teñen todos a papeleta? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Coidado, faltan aí atrás.

(Murmurios.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: ¿Xa están? ¿Ten todo o mundo xa a papeleta?

Ben, loado sexa Deus.

Entón, empezamos.

Por favor, proceda ao chamamento.

(A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos señores deputados e das señoras deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Exerceron todos os deputados e deputadas o seu dereito ao voto? Si.

Pois, entón, imos ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio dos votos depositados na urna.) (Pausa.)

O resultado do escrutinio é: votos emitidos, 74; votos a favor de D. José Luis Costa Pillado, 42; votos en branco, 32.

Polo tanto, queda designado candidato a maxistrado do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado don José Luis Costa Pillado.

Non hai máis temas e remata aquí o pleno.



Remata a sesión ás seis e doce minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

